



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 86

Sesión Plenaria
11 de marzo de 2026

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Interpelacións

5.1 20348 (12/INT-000821)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e catro deputados/as máis

Sobre a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xustifican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162f1, do 26.02.2025

5.2 44628 (12/INT-001509)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f2, do 22.01.2026

5.3 51159 (12/INT-001750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e dous deputados/as máis

Sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341f1, do 26.02.2026

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 52224 (12/POPX-000073)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego en materia de acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f1, do 04.03.2025

6.2 52226 (12/POPX-000074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o proxecto industrial que o Goberno galego ten para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f1, do 04.03.2025



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 52200 (12/PUP-000200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa política do departamento responsable do corpo policial ICE en EE UU e coa posibilidade de que poida afectar a galegos ou galegas residentes nese país

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f2, do 04.03.2025

7.2 52133 (12/PUP-000199)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as previsións do Goberno galego verbo da planificación para regular os procesos de repotenciación obrigatoria dos parques eólicos que recolle a Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f2, do 04.03.2025

7.3 45185 (12/POP-006354)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e once deputados/as máis

Sobre as actuacións que está a executar a Xunta de Galicia nas instalacións da antiga ETEA, en Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f3, do 22.01.2026

7.4 42261 (12/POP-005660)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á mellora das instalacións do Centro de Saúde de Carral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 307f1, do 02.01.2026

7.5 49961 (12/POP-006977)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as demandas do persoal non facultativo do Servizo de Urgencias do Hospital Universitario Lucus Augusti respecto da súa dotación de recursos humanos e materiais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026

7.6 49752 (12/POP-006964)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e tres deputados/as máis

Sobre os traballos realizados pola Xunta de Galicia para a contención do monte e a restauración hidrolóxico-forestal nas zonas calcinadas do concello de Pantón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026



7.7 51273 (12/POP-007160)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre a declaración conxunta asinada coas organizacións Asaga e Unións Agrarias co obxecto de reforzar as garantías para o sector primario na aplicación do acordo UE-Mercosur

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341f3, do 26.02.2026

7.8 46931 (12/POP-006611)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e oito deputados/as máis**

Sobre o proxecto Partbiv, iniciativa para a participación da comunidade mariscadora nas operacións de reprodución e cría de moluscos bivalvos de interese comercial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323f3, do 29.01.2026

7.9 50483 (12/POP-007051)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e dous deputados/as máis**

Sobre o proxecto do decreto que regula o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.20



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e trece minutos da mañá.

Antes de comezar co desenvolvemento da orde do día, por proposta dirixida á Mesa do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, o presidente pide gardar un minuto de silencio a todos os membros da Cámara co gallo do Día Europeo das Vítimas do Terrorismo e en honor especialmente ás vítimas do 11-M. Todos os deputados e deputadas, así como os membros da Mesa e do Goberno e os asistentes a esta sesión plenaria, postos en pé, gardan un minuto de silencio. (Páx. 9.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G.P. Socialista de Galicia, sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego en materia de acceso á vivenda. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: José Ramón Gómez Besteiro (S). (Páx. 9.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Alfonso Rueda Valenzuela. (Páx. 11.)

Réplica do autor: José Ramón Gómez Besteiro (S). (Páx. 12.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Alfonso Rueda Valenzuela. (Páx. 14.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o proxecto industrial que o Goberno galego ten para Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Ana Belén Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Alfonso Rueda Valenzuela. (Páx. 16.)

Réplica da autora: Ana Belén Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Alfonso Rueda Valenzuela. (Páx. 19.)

Declaración institucional

Por acordo dos grupos parlamentarios, o presidente le unha declaración institucional en relación coa creación, na cidade da Coruña, do Centro europeo de referencia para a innovación, a gobernanza e a estratexia nas políticas europeas de recursos humanos, prevención de riscos laborais, saúde laboral e novos empregos (Euhric), que é aprobada por asentimento. (Páx. 21.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día, consistente en adiantar o debate dunha pregunta ao Goberno. (Páx. 22.)



Pregunta da deputada Patricia García González e once deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a executar a Xunta de Galicia nas instalacións da antiga ETEA, en Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Patricia García González (P)*. (Páx. 22.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 23.)

Réplica da autora: *Patricia García González (P)*. (Páx. 24.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 25.)

Interpelación do deputado Xosé Luís Bará Torres e catro deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xustifican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Xosé Luís Bará Torres (BNG)*. (Páx. 26.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 29.)

Réplica do autor: *Xosé Luís Bará Torres (BNG)*. (Páx. 32.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 33.)

Interpelación da deputada María Elena Espinosa Mangana, do G.P. Socialista de Galicia, sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *María Elena Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 35.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 37.)

Réplica da autora: *María Elena Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 40.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 42.)

Interpelación do deputado Secundino Fernández Fernández e dous deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 43.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 47.)

Réplica do autor: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 49.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 51.)

O presidente recoméndalle ao deputado Secundino Fernández Fernández (BNG) que retire certa expresión empregada na súa primeira intervención. (Páx. 46.)



Pregunta da deputada Iria Taibo Corsanego, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego en relación coa política do departamento responsable do corpo policial ICE en EEUU e coa posibilidade de que poida afectar a galegos ou galegas residentes nese país. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Iria Taibo Corsanego (BNG)*. (Páx. 53.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 55.)

Réplica da autora: *Iria Taibo Corsanego (BNG)*. (Páx. 56.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 57.)

Pregunta das deputadas Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, do G.P. Socialista de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego verbo da planificación para regular os procesos de repotenciación obrigatoria dos parques eólicos que recolle a Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 58.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Economía e Industria (María Jesús Lorenzana Somoza)*. (Páx. 59.)

Réplica da autora: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 60.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Economía e Industria (María Jesús Lorenzana Somoza)*. (Páx. 61.)

Pregunta das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, do G.P. Socialista de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á mellora das instalacións do Centro de Saúde de Carral. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 62.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 63.)

Réplica da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 65.)

Pregunta da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G.P. Socialista de Galicia, sobre a postura da Xunta de Galicia ante as demandas do persoal non facultativo do Servizo de Urgencias do Hospital Universitario Lucus Augusti respecto da súa dotación de recursos humanos e materiais. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Lara Méndez López (S)*. (Páx. 65.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 67.)

Réplica da autora: *Lara Méndez López (S)*. (Páx. 67.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 68.)

Pregunta do deputado Iago Suárez Fernández e tres deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os traballos realizados pola Xunta de Galicia para a contención do monte e a restauración hidrolóxico-forestal nas zonas calcinadas do concello de Pantón. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Iago Suárez Fernández (BNG)*. (Páx. 69.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 71.)



Réplica do autor: *Iago Suárez Fernández (BNG)*. (Páx. 71.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 72.)

Pregunta do deputado Miguel Ángel Viso Diéguez e oito deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a declaración conxunta asinada coas organizacións Asaga e Unións Agrarias co obxecto de reforzar as garantías para o sector primario na aplicación do Acordo UE-Mercosur. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Miguel Ángel Viso Diéguez (P)*. (Páx. 74.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 74.)

Réplica do autor: *Miguel Ángel Viso Diéguez (P)*. (Páx. 75.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 76.)

Pregunta do deputado Miguel Fidalgo Iglesias e oito deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o proxecto Partbiv, iniciativa para a participación da comunidade mariscadora nas operacións de reprodución e cría de moluscos bivalvos de interese comercial. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *María Nazaret Cendán Gayoso (P)*. (Páx. 77.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 78.)

Réplica da autora: *María Nazaret Cendán Gayoso (P)*. (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 80.)

Pregunta da deputada Carmela González Iglesias e dous deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o proxecto do decreto que regula o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Carmela González Iglesias (BNG)*. (Páx. 81.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 82.)

Réplica da autora: *Carmela González Iglesias (BNG)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 84.)

Remata a sesión ás dúas e vinte e oito minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e trece minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

Permítanme que, en primeiro lugar, saúde os nosos invitados e, especialmente, xa que hoxe nos acompañan, os alumnos de 1º curso do grao de Dirección e Xestión Pública, do Campus de Pontevedra, da Universidade de Vigo; e tamén a Asociación Europea de Estudantes de Dereito, da Universidade de Santiago de Compostela. Benvidos todos e a todas ao noso Parlamento.

Comunico que onte recibimos un escrito na Mesa do Grupo Parlamentario Socialista solicitando gardar un minuto de silencio polas vítimas do 11-M. E, tendo en conta este escrito e tendo en conta tamén que é o Día Europeo das Vítimas do Terrorismo, pedimos gardar un minuto de silencio a todos os quen hoxe nos acompañan, especialmente tamén polas vítimas do 11-M.

Gardamos un minuto de silencio.

(Gárdase un minuto de silencio.) (Pausa.)

(Aplausos.)

O PRESIDENTE: Continuamos, polo tanto, coa orde do día. Neste caso, co punto sexto, preguntas para resposta oral do presidente.

Comezamos coa pregunta de don José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego en materia de acceso á vivenda

O PRESIDENTE: Cando queira.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Si, evidentemente, o 11 de marzo é unha data para recordar, que temos todos gravada na nosa memoria democrática, esa traxedia de hai agora vinte e dous anos. E é o momento tamén para recordar as vítimas, para recordar os seus familiares, pero tamén é unha data importante para recordar e reafirmar un principio irrenunciabile do sentido democrático, que é a defensa da paz, a defensa da liberdade e a loita contra a violencia, calquera tipo de violencia e proceda de onde proceda.



Toca elixir, señor presidente. Toca elixir guerra ou paz, toca elixir se a soberanía nacional e a defensa de Europa; ou toca elixir tamén se o dereito internacional, se as normas que entre todos nos deamos para regular a orde internacional, ou ben optar pola lei da selva, que é o que propón Trump e os seus adláteres.

Por certo, nesa posición tamén hai xente da dereita que non se manifesta explicitamente en defensa da paz e na defensa da orde internacional. Por iso, eu lamento profundamente que non sexamos capaces desde este Pleno de trasladar unha voz unánime en defensa precisamente clara do «non á guerra»; esa defensa pola paz, esa aposta pola soberanía nacional, pola defensa da nosa soberanía nacional e a defensa de Europa, e, sobre todo, por defender a orde internacional fronte á lei da selva, porque creo que a inmensa maioría de galegos e galegas comparten estas ideas. Por iso, lamento que non saia unha voz unánime nese sentido deste Parlamento.

Defender o noso país tamén é defender o dereito que teñen os galegos e as galegas, moitos galegos e galegas, a ter unha vivenda digna, a acceder a ese dereito básico: o dereito a ter unha vivenda digna. Respecto dese dereito, despois da xestión do Partido Popular, da súa xestión, despois de dezasete anos en que forma parte do Goberno, a situación é peor do que nunca se puido esperar. Na chegada do seu segundo mandato, do mandato de hai agora dous anos, en que se iniciou, había preto de 15.000 galegos e galegas inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda Pública. Hoxe ¿sabe cal é o número, dous anos despois? Preto de 31.000 demandantes de vivenda pública, case 700 galegos e galegas que se incorporan a ese rexistro, mes a mes, durante os últimos vinte e catro meses.

A situación, evidentemente, por tanto, é lamentable, pero é lamentable, ademais, desde o punto de vista da economía de moitos galegos e galegas, que teñen que destinar o 50 por cento aos gastos de acceder a unha vivenda. O 50 por cento das súas ganancias vai destinado a acceder a unha vivenda e ao que leva consigo aparelada esa situación.

É verdade que, despois de dezasete anos, o Partido Popular nin planificou nin construíu nin potenciou as políticas de rehabilitación. E, cando hai unha xeración enteira que non pode acceder á vivenda, o problema non é a suma de problemas individuais; ese problema é un problema colectivo e é un problema político de primeira orde, do que vostede é responsable.

Unha situación que se ve sumada, ademais, á necesidade fundamentalmente de alugueiro; deses 31.000 que están inscritos no rexistro, as dúas terceiras partes optan claramente polo alugueiro. De aí que se torna en imprescindible facer políticas activas para recuperar esa gran cantidade de vivendas baleiras.

Xa non falemos das 500.000 vivendas baleiras que di o INI que existen en Galicia, 100.000 en todas as cidades. Pero xa, sen sumarmos esa cifra, a importancia está en recuperar esas vivendas baleiras para alugueiro de forma inmediata. Porque a construción de vivendas será dentro de tres ou catro anos e esas previsións que ten a Xunta de Galicia non van cumprir as expectativas nin van satisfacer as expectativas dos que se están sumando a ese rexistro. Por iso é necesario intervenir claramente no mercado de vivendas baleiras.



Nós fixemos unha proposta aquí claramente, unha proposta que apostaba por un banco público de alugueiro, que garantise dereitos tanto aos propietarios como aos inquilinos, que tendese a unha baixada clara deses prezos do alugueiro e que permitise saír esa vivenda ba-leira cara ao mercado do alugueiro para satisfacer hoxe as necesidades que ten esa xeración.

Señor Rueda, a pregunta é moi clara: ¿que futuro pode ter Galicia se a súa mocidade non é capaz de vivir onde traballa? (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas.

Señor Besteiro.

Bos días.

Un saúdo aos invitados que hoxe enchen a tribuna.

Antes que nada, señor Besteiro, acabamos de gardar minuto de silencio polas vítimas do 11-M, por suposto. Hoxe, ademais, é o día internacional en recordo ás vítimas do terrorismo. Supoño que ese recordo é extensivo a todas as vítimas, e cando digo isto, dígollo tamén ao grupo do BNG, a todas as vítimas do terrorismo, (*Aplausos.*) especialmente galegas, e tamén, polo tanto, ao terrorismo de ETA, que tivemos en España e que matou moitos galegos, moitos galegos.

Mire, señor Besteiro, acumúlanselle os recados de Ferraz. Tiña o recado —supoño, agora falaremos diso— de falar da vivenda. É un problema aquí, sen ningunha dúbida. Trouxo o recado, ao que lle dedicou case a metade da súa intervención. Non teña ningunha dúbida: aquí dicimos «non á guerra», sen ningunha dúbida. Tamén dicimos «si» aos compromisos internacionais e «non» ás conveniencias persoais, como sempre, do presidente do Goberno, que ten que dirixir toda a política de España, incluída a política exterior, á súa absoluta con-veniencia; a iso si que dicimos «non».

E, falando de vivenda, mire, cando vin a súa pregunta acordeime de que xa hai moitos anos —eu non era aínda deputado, a señora Pontón si— había unha pregunta do propio equipo que sustentaba o Goberno para que o Goberno se puidese lucir. Isto recordoumo un pouco, moitas grazas, jeh! Xa sei que non o fai por iso; xa sei que o fai porque lle dan o recado dende Ferraz, hai que preguntar sobre vivenda. E se hai que preguntar sobre vivenda aquí —seguro que ese recado llelo deron ao resto de comunidades autónomas—, ¿non se lle pode ocorrer que é porque é un problema xeral en toda España? ¿E non se lle pode ocorrer que, se é así, o Goberno de España —por suposto, as comunidades autónomas, pero o Goberno de España— algo terá que ver tamén? Se non, ¿para que hai un Ministerio de Vivenda? ¡Que ben se estaría aí, jeh!, traballando pouco, señor Besteiro!, (*Risos.*) ¡que ben se estaría no Ministerio de Vi-venda, (*Aplausos.*) que ben se estaría!



Se isto é só un problema das comunidades autónomas, a miña responsabilidade exclusiva —díxoo vostede—, entón, ¿para que sae o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, cada tres meses prometendo centos de miles de vivendas, que non vemos endexamais, que non sabemos nin onde está a primeira? ¿Non se dá conta, señor Besteiro, de que este é un problema de todos? Mire, isto pódese facer de dúas maneiras. Este enorme problema pódese afrontar ou ben facendo propaganda, botándolles a culpa aos demais, ou ben cumprindo, como facemos nós. Efectivamente, estamos actuando en moitas fronteas.

Mire, eu, ao rematar aquí, voume a Navia, unha vez máis, a unha nova licitación de vivenda. Pode vir comigo se quere, a ver como traballa a Xunta de Galicia. Á señora Pontón invitámola, e, en canto viu que lle recollemos o guante, non foi xamais, (*Murmurios.*) non foi xamais a comprobar ningunha das promocións que está facendo a Xunta de Galicia. Vostede pode vir, e poderá comprobar entón o que estamos facendo. Por exemplo, neste ano 2026, 500 millóns de euros adicados a vivenda; esta mesma semana, case 300 vivendas novas en Xuxán, no concello da Coruña; o anterior, case 200 en Navia —das que imos facer agora o acto de licitación—. E, si, o compromiso é, efectivamente: hai que construír, hai que facer outras cousas, pero construír tamén, señor Besteiro. 4.000 en catro anos; 6.000 en seis anos. ¿Podíamos facer máis? Por suposto, si, si.

Mire, eu collín o recado de Pedro Sánchez: «*Si necesitan ayuda, que la pidan.*» —dixo, nunhas circunstancias moito máis dramáticas, pero, por suposto, debe ser que lle vale para todo—. E nós pedímoslla, dixemos que queriamos máis fondos económicos para intentar loitar contra a carestía da vivenda. Pero, mire, ¿sabe cantos cartos, destes 500 millóns no ano 2026 para a construción de vivenda, pon a Xunta de Galicia? O 90 por cento. ¿Sabe canto pon Europa? O 10 por cento. ¿Sabe canto pon o Goberno central? Cero, señor Besteiro, cero.

Polo tanto, mire, moita propaganda, moito falar e non facer nada, ou ben a alternativa, que é o que o estamos facendo nós. Nós seguiremos construíndo vivenda, pese aos atrancos, pese á falta de colaboración, pese a todas as dificultades legais que están poñendo, á demonización dos propietarios, que ten moito que ver cos pisos baleiros, dos que vostede tanto se lamenta.

Pese a todo iso, a Xunta de Galicia vai seguir traballando. Vostedes sigan coa propaganda e pensando que o Goberno do noso país non ten nada que ver nisto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Gómez Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Si, grazas, señor presidente.

Ben, o de sempre, ¿non? Agora nin asumimos a responsabilidade, a competencia exclusiva que ten a Xunta de Galicia en materia de vivenda. Durante dezasete anos non fixeron absolutamente nada. Unha tónica xeral deste goberno —e do seu partido— é que non planifica, non soamente na vivenda. Non planifica no campo industrial; non planifica no campo da



enerxía; non planifica no campo sanitario... (*Murmurios.*) En definitiva, a falla de planificación é a que nos leva a isto. ¿Que foi o que fixeron durante os últimos dezasete anos en materia de vivenda? E non era unha cuestión que non se vise vir, eh. Isto é como a xubilación dos médicos, nalgún momento chega a súa xubilación.

No ano 2014 a Valedoría do Pobo xa dicía que as axudas eran absolutamente insuficientes; no ano 2018 a propia Valedoría falaba tamén da escaseza de vivenda social en alugueiro; no ano 2020 denunciou tamén a falta dun parque público capaz de responder á demanda que existía. Por tanto, deste tema xa se leva falando tempo, pero a súa inacción, a falla de responsabilidade durante dezasete anos do seu partido —do que formaba parte vostede, no Goberno autonómico— lévanos a esta situación.

O que lle intentei é focalizar o problema da construción —que xa veremos as que se fan; despois desas promesas, deses anuncios ao ladrillo, xa veremos as que se fan, e o tempo que pasa—, é combater hoxe un problema que hai real de poder acceder a vivendas baleiras. E ese papel activo é o que nosoutros lle demandamos á Xunta de Galicia.

Imos con outros datos. É dicir, os datos que nós propoñiamos: 500.000 vivendas; xa lle dixen que non soamente os que menciona o INE, pero baixemos esas cifras. Falemos, por exemplo, de 100.000 vivendas baleiras que existen no noso país; pódese acceder a elas cun papel activo por parte da Xunta de Galicia. Nós propuxémosllo: banco público de alugueiro. Propuxemos unha partida orzamentaria, fixamos uns obxectivos para intervir e meter no mercado de alugueiro xa 10.000 vivendas. Vostedes miraron para outro lado, porque a súa política durante os últimos anos foi dirixida a frear esa subida de prezos tanto en alugueiro como en venda e a favorecer o principal problema que ten o mercado da vivenda, que é a especulación. E, como non adoptan medidas, agora estamos vivindo nisto.

Cando lle dicía que hai preto de 31.000 persoas apuntadas no Rexistro de Demandantes, iso é algo, algo quere dicir. ¿Ou é que eses galegos e galegas se apuntan porque non teñen ningún tipo de necesidades, por ocio? Teña un pouco de respecto a toda esa xente que está querendo acceder a unha vivenda, que necesita chegar a unha vivenda, aos mozos que necesitan emanciparse e aos que, onde queren traballar e quedar, non se lles pode facilitar esa vivenda.

Por iso, eu preguntáballe —e vólvollo dicir, igual que lle preguntei no primeiro turno—: ¿que pode esperar toda esa mocidade?, ¿que pode esperar unha xeración enteira cando non pode acceder a unha vivenda ou cando ten dificultades extremas para acceder a unha vivenda?, ¿que pode esperar do seu Goberno, que é o responsable, porque ten a competencia e ten que resolver ese problema?, ¿que é o que poden esperar? Pois, polo que se ve, nada. Esperar a que dentro dunha serie de anos se dediquen a facer obras como en Navia, que estaban planeadas xa desde hai dezasete anos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

En todo caso, señor presidente, señor Rueda, esa é a pregunta que lles ten que resolver sobre todo aos máis mozos, aos mozos que queren traballar, quedar aquí e empezar a súa vida: ¿cal é a xustificación, cal é a explicación, cal é a asunción de responsabilidades de quen ten a responsabilidade de prestar ese servizo e de garantir o acceso á vivenda dos xoves e dos que non son tan xoves?



Grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, ¿sabe o que lles podó dicir a todos eses mozos e mozas? Que estamos traballando. E tamén lles podemos dar traslado do recado que vostede acaba de dicir: que a competencia é exclusiva das comunidades autónomas. Polo tanto, todo iso de Casa 47, a Sareb, un Ministerio de Vivenda, as declaracións que fai na Moncloa, espectaculares, o presidente do Goberno prometendo centos de miles de vivendas, todo iso é propaganda; vostede mesmo acaba de recoñecelo. (*Aplausos.*) Polo tanto, haberá que dicirlles que depositen todas as súas esperanzas na Xunta de Galicia, porque todo iso, segundo vostede, non é nada, son anuncios que non se van cumprir porque non hai competencia.

Mire, ¿sabe por que sobe o Rexistro de Demandantes? Primeiro, porque os mozos necesitan vivenda, é un enorme problema; segundo, porque, efectivamente, imos construír esas vivendas —veña velas, señor Besteiro, non faga como a señora Pontón, a ver se están, veña velas, espero que veña ás primeiras entregas que imos facer xa este ano, espero que veña— e a xente ve que se constrúe vivenda e loxicamente se apunta para ter unha opción, e é perfectamente comprensible.

Mire, 4.000 vivendas licitamos nesta lexislatura, vostedes fixeron pouco máis de 1.000 cando tiveron a oportunidade, e non está mal, pero nós facemos catro veces máis. Polo tanto, ¿en que quedamos? ¿Facemos ou non facemos? Ben, a vostede dálle a risa —está moi ben—.

Acaba de dicir que o Goberno central non ten por que facer absolutamente nada. E sabe que sobre o pacto de vivenda —por certo, outra cousa que debe ser propaganda, e non me estraña— eu díxenlle á ministra de Vivenda, directamente, cara a cara, na Conferencia de Presidentes en marzo do ano pasado, que Galicia estaba disposta a entrar nel, que queriamos canto antes, aínda que non entrase ningunha outra comunidade autónoma, do PP ou de quen fose. Reiterámosllo por escrito. ¿Sabe cal foi o resultado? Que nunca máis soubemos nada. Ese é o interese que hai en colaborar coas comunidades autónomas; iso é o que se quere acelerar na solución deste problema.

Plan 2026-2030. Estamos no mes de marzo, e dinnos que, como mínimo, todo o ano para poder aprobalo —se é que se aproba—. Polo tanto, nós non podemos esperar e, por suposto, señor Besteiro, imos seguir traballando.

E, mire, non teño tempo, pero é que dato mata relato: 3.000 novas vivendas públicas en marcha. Este ano estarán todas en marcha —as 4.000 en diferentes procesos—, porque loxicamente hai que construílas, antes de que remate este ano; entregas, varias —espero que veña, e vostede tamén, señora Pontón— neste ano 2026; doce proxectos de interese



autonómico en once concellos, que reducen os prazos á metade; desenvolvemos solo para 20.000 vivendas con protección social en colaboración público-privada nesta lexislatura; 10 millóns de euros para financiar vivenda protexida, sen xuros; tres veces máis axudas a promotores que fagan vivenda protexida; protección indefinida de vivenda clasificada como pública; ata o 75 por cento de axudas para rehabilitación en pequenos concellos; subrogación do Instituto Galego da Vivenda e Solo para comprar vivenda protexida en segundas transmisións; rebaixas fiscais no imposto de transmisións e nos actos xurídicos documentados, especialmente para a xente moza; facilitación da reforma de baixos comerciais —que tanto lle fastidian á señora Pontón— para dedicalos a vivenda; plan Fogar Vivo, con axudas para poñer vivendas en alugueiro, con rebaixas fiscais e axudas á rehabilitación; 25 por cento de vivendas protexidas en venda reservadas para a mocidade, 40 por cento se é en alugueiro; catro millóns en avais hipotecarios para xente moza; Bono Emancípate —de enorme éxito—, este ano poñemos moita máis cantidade; aloxamentos compartidos para mozos en Santiago, Vigo e Lugo, xa en proceso de execución; rematarán este mesmo mes todas as convocatorias que dependen da Xunta de Galicia para axuda a vivenda; e moitísimas cousas máis que non podo dicir porque non teño tempo, que vostede sabe, e sábeas e dálle exactamente igual.

Isto é o que temos que facer, señor Besteiro. Alá os demais se non nos queren axudar; alá os demais se non queren poñerse a traballar. Mire, a propaganda non vale de nada. Zona tensionada na Coruña; ¿sabe o que supuxo, en poucos meses? Reducir nun 53 por cento os pisos en alugueiro —alugueiro que a vostede tanto lle preocupa—, de 718 a 343. (*Murmurios.*) Si, si, diga que si. ¡Non ten nin idea! Estes datos estoullos dicindo eu, (*Murmurios.*) pero son o que hai, señor Besteiro, son o que hai, son o que hai. (*Aplausos.*) (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Agora, o Concello de Lugo —remato xa, señor presidente—...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Esas son as súas medidas estrela, propaganda. Vostede acábo de recoñecer, o Ministerio non vai facer nada. Polo tanto, nós seguiremos traballando.

Eu agradézolles moito a todos os concellos —incluído algún do BNG, incluído algún do PSOE— que cren que colaborar coa Xunta de Galicia para resolver este enorme problema, para a mocidade e para a xente en xeral, é o que hai que facer. Imos poñer un especial empeño aquí. Aquí vaise demostrar que Galicia cumpre, que Galicia funciona. Aquí, por moito que lle amole e por moito que lle sorprenda ao seu Ministerio de Vivenda —inútil, segundo vostede acaba de recoñecer—, imos poñer un especial empeño para que «Galicia calidade» se note no primeiro problema que teñen agora os galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta.



Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o proxecto industrial que o Goberno galego ten para Galicia

O PRESIDENTE: Cando queira.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, no seu discurso de investidura vostede prometeu investimentos no ámbito industrial por valor de 3.000 millóns de euros. ¿Onde están, señor Rueda? ¿Onde están eses supostos proxectos estratéxicos da súa suposta política industrial? Detrás da propaganda, o único que nos queda é o gran fiasco de Altri. Apostou todo a unha carta contaminada e perdeu, derrotado pola cidadanía galega. *(Aplausos.)*

Perdeu, perdeu, perdeu e, como mal perdedor, agora pretende vingarse vetando a proposta do BNG para vicevaledor do pobo e demostrando, de paso, que a súa palabra non vale nada. ¿Que lle molesta exactamente da proposta do BNG, señor Rueda? ¿Moléstalle que sexa un xurista quen defende a lei mentres vostede salta a lei para beneficiar a Altri? ¿Moléstalle que defenda o medio ambiente e o territorio, fronte á súa barra libre para contaminar? Veta a quen defende a lei e o noso territorio e o noso medio ambiente. Isto é todo moi coherente, sobre todo vindo de alguén do Partido Popular que expulsa quen denuncia a corrupción ou que expulsa quen denuncia acoso sexual, como acabamos de ver no Concello de Móstoles. *(Aplausos.)* Este é o Partido Popular.

Señor Rueda, pídolle que rectifique, que deixe de comportarse como un mal perdedor e rectifique, igual que fixo con Altri. Porque, si, hai outra política industrial máis alá das macrocelulosas, da megaminaría contaminante e do espolio eólico. E o que xa lle digo é que non imos permitir que converta Galiza nunha terra de sacrificio para que Madrid teña enerxía barata ou para que se forren as empresas amigas do Partido Popular. ¡Non llelo imos permitir! *(Aplausos.)*

O que hai que facer é poñer a riqueza deste país ao servizo do noso país. E desde o BNG temos propostas moi concretas para facelo, empezando por unha compañía pública de electricidade; seguindo por vincular os novos proxectos eólicos e as axudas públicas á creación de proxectos industriais que creen emprego e riqueza no noso país; poñendo en marcha un fondo soberano para proxectos estratéxicos en ámbitos que sexan fundamentais para o futuro do noso país; ou aumentando o investimento en I+D+i até o 2,5 por cento do PIB e reforzando a transferencia de tecnoloxía, que son claves para a política industrial.

Estas son algunhas das propostas que poñería en marcha un goberno do BNG a favor de Galiza e a favor da industria. A pregunta, señor Rueda, é: ¿cales son as súas? ¿Ou vai seguir ofrecendo propaganda e proxectos contaminantes que ninguén máis quere? *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.



Señora Pontón, é que se lle ve o plumeiro cada vez con máis claridade. A pregunta non é para iso; eu quero falar de industria. Pero, que vostede saque o tema de Móstoles gobernando na Deputación de Lugo e sabendo o que todos sabemos e o que toda Galicia ve demostra que a vostedes se lles ve o plumeiro dende o principio, señora Pontón, dende o principio. *(Aplausos.)*

Xa vale de cinismos, de verdade. Falaba vostede de corrupción... ¡Pero se teñen comisións que están investigando todas as correccións que se saben do PSOE! Vostedes non queren molestar para non molestar o «puto amo» e nin sequera queren participar, señora Pontón. Esa submisión que teñen en Madrid para todo; tamén para todo isto, cando decidiron deixar toda unha provincia sen conexión eléctrica. Hai aí rapaces estudantes hoxe aquí véndonos. Teñen que ver como o seu gran triunfo —¿que vai facer agora, que se lle acaba Altri?— é conseguir que non veñan industrias que crean postos de traballo a Galicia, señora Pontón. Esa é a súa gran medallita, compartida co Partido Socialista. Vostede faime unha pregunta e no seu enunciado fala de mentir e propaganda. Claro, os temas que mellor domina vostede. Por iso pregunta por eles. Si, si, é así.

Mire, despois pregúntame que proxectos industriais temos en perspectiva. Imos ser sinceros, xa que falamos de sinceridade e de mentiras. ¿Para que o pregunta? Para facer o de sempre, o único que saben facer: que é empezar a tensionar, apuntalos, manexar as súas plataformas politizadas, intentar que non se instalen. O negacionismo industrial do Bloque. ¿Ou non? ¿Que me está contando, señora Pontón? *(Aplausos.)*

Todas estas propostas que vostede fai son a esencia de Recursos de Galicia, que vostede, por suposto, crucificou. Rise... Non creo que teñan nin moita idea de en que consiste, sinceramente, pero fai como fai sempre o Bloque: opoñerse por sistema a todo aquilo que lles soe ao que eles non defenden. Miren, nin na historia do Bloque nin na historia de Galicia se xuntaron nunca eses planetas dun proxecto industrial que lle gustase ao Bloque; cunha excepción, o de Altri, que lles encantaba ata que perderon as eleccións, señora Pontón, ata que perderon as eleccións. *(Aplausos.)* Altri, a celulosa que lle gustaba ao BNG, e despois viñeron todas as cousas que dixó aquí.

Mire, por moito que queiran amedrentar, por moito que queiran presionar, por moito que queiran terxiversar, nin eu mesmo, como presidente da Xunta, nin o meu Goberno, nin o grupo que apoia o Goberno, nin o Partido Popular de Galicia nin, o que é máis importante, a inmensa maioría dos galegos, que son sensatos, nos imos deixar presionar polos que sempre din que non a todo, que son vostedes, señora Pontón, son vostedes. *(Aplausos.)*

Mire, ¿alguén imaxina os nacionalistas cataláns ou os nacionalistas vascos aledándose absolutamente e dicindo que non a que veñan investimentos, presentándoo como o maior logro? ¿A que non, a que iso non nos encaixa? Só este nacionalismo e independentismo kamikaze que vostedes representan dende a oposición dende hai tantísimos anos o fai; iso si, coa complicidade imprescindible dos —non vou dicir a palabra— útiles que encontraron no Partido Socialista.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.



O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Vostedes sacan as pancartas e eles sacan enerxía eléctrica das industrias, que ese é un binomio absolutamente ganador para seguir perdendo eleccións.

Por tanto, sigan así. Nós seguiremos con obxectividade, respectando as normas, respectando o medio ambiente, defendendo os funcionarios aos que vostede falta ao respecto todos os días e buscando postos de traballo e futuro para Galicia. Por iso levamos tantos anos gobernando e por iso, por moito que se desesperen, levan tantos anos na oposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, Señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, está clarísimo que vostede ten moi mal perder. Si, ten moi mal perder e hoxe veu aquí dicirnos que eu non me entero de nada. Porque, claro, só o líder supremo ten a claridade para poder comprender o que está pasando na realidade. E os demais, efectivamente, temos que recoñecer que o noso coeficiente é igual a cero. Este é o respecto que vostede ten á oposición e a quen pensa diferente de vostede. (*Aplausos.*) Porque este é o seu problema, señor Rueda, que non respecta a democracia; significa que podemos discrepar. E mire, dígollo con moitísimo orgullo: claro que somos os do «non» á Altri. Si, si, e os do non ao espolio da riqueza eléctrica do noso país. E hoxe tamén, máis ca nunca, os do «non» á guerra. (*Aplausos.*)

Eu o que creo é que a súa resposta retrata a súa incompetencia política e a súa incapacidade para darlle un futuro a este país. Porque, ¿sabe cal é o problema? É que vostede, de cada dúas promesas en materia de política industrial, incumpre tres. Prometeron —non sei se lembra— unha planta de hidróxeno en Meirama. ¿Onde está, señor Rueda? Prometeron tamén unha planta de pneumáticos nas Pontes. ¿Onde está? A non ser que en Marrocos haxa un lugar que se chama As Pontes, aquí, nada de nada. Tamén prometeu que ían investir 3.000 millóns de euros en política industrial nesta lexislatura. ¿Onde están, señor Rueda? ¿No mesmo lugar imaxinario que os 3.000 que xa nos dixera que ían investir entre 2021 e 2024? ¿Ve como vostede de cada dúas promesas incumpre tres? (*Aplausos.*) Señor Rueda, ¿non se cansa de mentirlles aos galegos e ás galegas coas súas palabras baleiras? Porque, de verdade, é que vén vostede aquí falarnos de mentiras os que nos prometeron pemes en plena campaña electoral, os que venderon unha biofábrica que era unha macrocelulosa que quería contaminar este país, e segue vostede aquí facendo de comercial de Altri sen recoñecer os seus erros e, o máis grave, demostrando que non ten ningún tipo de política industrial de futuro. Non foi capaz de defender nada; só veu aquí atacar o BNG, facer de oposición.

No pasado pleno vostede preguntábame a min que era o que tiña que facer en materia de política industrial. E non sei se vostede se dá conta de que esa pregunta o que retrata é a súa incompetencia e a súa incapacidade para darlle un futuro a este país. Claro que temos propostas. Hoxe díxenlle catro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se as deputadas e deputados do PP me deixan falar sen interromper... Porque si, díxenlle catro, pero temos



moitas máis, non se preocupen. Primeira proposta: empresa pública de enerxía. Segunda proposta: vincular o desenvolvemento do sector eólico a plans industriais reais. Terceira proposta: un fondo soberano para investir en sectores estratéxicos. Cuarta proposta: queremos incrementar o investimento en I+D+i. Se quere pódolle ofrecer unha máis: empezamos a defender unha tarifa eléctrica galega para abaratarlle a factura da luz á xente deste país e tamén ás empresas, e verán como as empresas ven que hai futuro en Galiza. O problema é que temos un Goberno...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...sen proxecto, que, por certo, señor Rueda, se saltou a lei para intentar impoñernos Altri; acaba de dicilo o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

Polo tanto, señor Rueda, deixe de facer de comercial de Altri, deixe de saltarse a lei e empece a exercer como presidente. E mire, se non ten ideas, a nós non nos importa que nos copie as que lle propuxemos, porque iso será bo para Galiza. Copie o BNG e iralle mellor a este país. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, mire, déixese de rolos e de vitimismos, como fai sempre nas réplicas. Deixe de envolverse na bandeira de defensora de medio ambiente. Vostedes para o medio ambiente o único que reciclan son as pancartas dunha manifestación para outra, señora Pontón. *(Risos.) (Aplausos.)* É así, é así.

Mire, se vostede mesma o di, que plantexa isto como unha competición —eu perdín, vostede gañou—. Se é que non é ningunha competición, eu non plantexo isto como unha competición. Eu teño unha responsabilidade, como presidente de Galicia, de conseguir que veñan industrias para que haxa futuro para a xente nova. E vostede ten unha misión que levan exercendo corenta anos —gran parte coa súa presenza— para que non veña nada. Eu non lle preguntei o outro día cal era a súa política industrial; o que lle preguntei é unha pregunta moi sinxela que se fan a maioría dos galegos: ¿hai algún proxecto industrial que lle guste ao Bloque? ¿Houbo na historia de Galicia algún? Se por vostede fose non habería nin Alcoa, nin autopista, nin industrias químicas, nin industrias forestais, nin instalacións de reciclaxe, nin antenas de telefonía móbil; nada de nada de nada. Non habería nada, non habería nada. *(Aplausos.)*

Mire, isto non vai dunha empresa concreta, non se equivoque. Calquera proxecto que fose, vostede enfilaría. Preguntaba antes, por suposto, polas imparcialidades. ¿Sabe vostede que dúas de cada tres reclamacións, recursos xudiciais contra actividades empresariais que se presentan para a autorización da Xunta de Galicia veñen de asociacións coas que vostedes teñen —imos dicilo— unha íntima amizade, conexión..., ou chámemo como queiran? É o que



todo o mundo temos na cabeza, e esas asociacións teñan persoas. ¡E vostede fala de imparcialidade! ¿De que vai, señora Pontón?, ¿de que vai? (*Murmurios.*) Si, si. (*Aplausos.*) Poña cañiñas de sorpresa, que non lle saen nada ben, eh. Coñecémonos a estas alturas bastante, señora Pontón. (*A deputada Ana Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Coñézoa eu e coñécea o pobo galego, que cada vez que pregunta... ¡Vostedes cren que van gañar algún día as eleccións con estas actitudes, e é unha das razóns polas que sempre as perden, señora Pontón! Porque a xente quere seriedade, quere obxectividade e, sobre todo, quere futuro.

Mire, preguntaba onde está a política industrial da Xunta de Galicia. Voulle dar algunha cifra, que creo que é importante e que demostra onde está a nosa política industrial.

O índice de produción industrial subiu en Galicia un 6,5 por cento, máis do dobre que a media española; a industria galega é a terceira que máis medra en España; o emprego industrial está en máximos, contando dende o ano 2010, e, despois de tres anos consecutivos de aumento do emprego industrial, hoxe hai case 200.000 persoas traballando neste sector en Galicia; a industria galega ten un peso no PIB por riba da media nacional, e malia as incertezas que temos, temos esas cifras de exportación, o cal fala moito da industria que temos.

Todo isto é a pesar da súa actitude, todo isto é a pesar do seu empeño en que non haxa ningún proxecto industrial para ter esa Galicia ideal, esa Galicia que vostedes presentan como bucólica e que é unha Galicia baleira onde a xente ten que emigrar. Iso é o que defende o BNG, señora Pontón; iso é o que defende o BNG. (*Aplausos.*) Polo tanto, todas estas cifras son a pesar de vostedes. Todas estas cifras son a pesar da súa presión para que non se faga nada e son grazas á nosa posición estratéxica, ao ben que facemos as cousas e á xente que temos, señora Pontón, que vai seguir traballando para que Galicia, a pesar das dificultades, teña un futuro. E aquí hai un goberno, un grupo, un partido e unha xente en xeral que nos vota elección tras elección e que está de acordo con todo iso.

E imos seguir traballando. Alá vostede, que se cre o centro do mundo. E, por certo, ¡joia!, moitísimas grazas. ¿Ou non pintamos nada, segundo di sempre, ou movemos á nosa vontade a axenda dos comisarios europeos, señora Pontón? ¿Eh! Si, si.

Por certo, vostede non se crea... Mire, nin vostede nin eu somos o centro do mundo. A diferenza é que eu o sei e son o presidente da Xunta, e vostede, que leva trinta anos na oposición, cre que manda sobre todo...

O PRESIDENTE: Grazas.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): e que é o centro de atención de todas as persoas. Si, señora Pontón, si. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Espero que fose frutífera a súa entrevista co comisario designado pola señora Meloni. Sabemos que hai dereitas boas e dereitas malas. Non, ao final, hai gobernantes bos ou gobernantes malos. A xente



xulga, e, cando hai eleccións, decide que os gobernantes bos somos nós e que os que non queren que haxa industrias en Galicia, os que non queren os postos de traballo, os que son demagóxicos e os que queren tensionalo todo son vostedes...

O PRESIDENTE: Grazas.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Por iso eu estou aquí e vostede está aí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Declaración institucional

Imos ler unha declaración institucional e quería que estivese tamén aquí quen nos visita hoxe, pero non pode ser. O Parlamento ten a súa mecánica e ten tamén os seus tempos.

Ben, vou ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos tras chegar a un acordo e tamén vou comentar que están aquí os seus promotores, a quen saudamos. Di así:

«O Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio institucional á creación do Centro europeo de referencia para a innovación, a gobernanza e a estratexia nas políticas europeas de recursos humanos, prevención de riscos laborais, saúde laboral e novos empregos (Euhric) na cidade da Coruña, concretamente na Cidade das TIC, como unha iniciativa de cooperación e proxección europea orientada á regulación, á promoción e á ordenación da innovación aplicada aos recursos humanos e á prevención de riscos laborais, no marco da transformación dixital e da intelixencia artificial.

O Euhric concíbese como un centro de referencia e como unha plataforma aberta de colaboración entre administracións, territorio, universidades e centros de coñecemento, empresas, profesionais e axentes sociais, co obxectivo de impulsar a investigación aplicada, a formación especializada, a transferencia de coñecemento e mais o desenvolvemento de proxectos piloto en ámbitos como a organización do traballo, a xestión do talento, a prevención de riscos, a saúde laboral, a ergonomía e o uso responsable de tecnoloxías dixitais e de intelixencia artificial. Trátase dunha fonte de talento e de vangarda.

A través deste enfoque, o Euhric aspira a contribuír á mellora da calidade do emprego, da seguridade e da saúde no traballo, do benestar laboral e da competitividade, con especial atención á inclusión, á igualdade de oportunidades e á responsabilidade social. Todo isto cunha visión europea e conxunta.

En coherencia con estes obxectivos, o Parlamento de Galicia expresa a súa vontade de apoio ao proxecto mediante a aprobación desta declaración institucional.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



(Apróbase por asentimento.)

E continuamos coa orde do día.

Alteración da orde do día

Hai unha alteración da orde do día agora. Imos substanciar unha pregunta.

Pregunta da deputada Patricia García González e once deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a executar a Xunta de Galicia nas instalacións da antiga ETEA, en Vigo

O PRESIDENTE: Cando queira.

PATRICIA GARCÍA GONZÁLEZ: Bo día.

Grazas, presidente.

Bo día, señora conselleira.

Falamos hoxe dun espazo absolutamente estratéxico para a cidade de Vigo: as antigas instalacións da ETEA; máis de 100.000 metros cadrados nun enclave privilexiado á beira da ría, no barrio de Teis; un espazo que durante moitos anos permaneceu pechado e infrautilizado e que hoxe representa unha oportunidade extraordinaria para abrir a cidade ao mar e recuperar un ámbito único para a cidadanía viguesa. Porque a ETEA pode ser moitas cousas. Pode ser un espazo universitario, científico, social, deportivo e tamén un lugar de encontro para os vigueses. Pero, para que iso sexa posible, hai algo imprescindible: cooperación institucional e vontade real para avanzar.

Neste ámbito participan tres administracións: a Xunta de Galicia, o Consorcio da Zona Franca e o Concello de Vigo, e cada unha delas ten responsabilidades moi claras. Sabemos que a Xunta de Galicia está a asumir un papel activo para impulsar este ámbito. Falamos da urbanización do PS-6, actualmente en execución; falamos tamén da dinamización do PS-5, coa licitación dunha cafetería que contribuirá a activar socialmente este espazo, e falamos, sobre todo, dunha actuación fundamental: a urbanización do PS-1, a vía principal que vertebra toda a ETEA. É unha actuación clave porque sen ese vía é moi difícil desenvolver o resto do ámbito.

E aquí hai un dato que convén lembrar: o Consello da Xunta aprobou en maio do 2025 un investimento de 10,5 millóns de euros para esta actuación, un investimento autonómico para desenvolver un ámbito que, ademais, é de titularidade municipal. E isto convén dicilo con claridade, porque en Vigo levamos 18 anos escoitando moitos discursos grandilocuentes do señor Caballero acompañados de infografíaes espectaculares e moitas roldas de prensa interminables. Ás veces, semella que volvemos ao No-Do; moito relato, e bastante menos realidade.

Cando hai anuncios, fotos, titulares, os proxectos corren o risco de quedar en promesas eternas. Nada novo para nós os vigueses, porque o señor Caballero anuncia e reanuncia, e a exe-



cución das obras nunca se produce. A ETEA corre o risco de converterse nun exemplo máis desta política. E é que en Vigo está todo por facer. Eu creo que aquí os señores do BNG teñen o aliado perfecto, o alcalde do «non», o señor Caballero do «non»: «non» ao Centro de Asociacionismo, «non» ao Ifevi, «non» ao desenvolvemento en Navia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu, conselleira, co seu permiso, reitero o que dixo o presidente. Invítoos a vostedes a facer unha ruta guiada. Facémoslles unha ruta guiada por Navia, e alí verán a vivenda que se está a desenvolver. E tamén, por suposto, a invitación extrapóloa ao Bloque Nacionalista Galego.

Así é moi difícil que Vigo avance, con esta negativa continúa. Por iso eu creo, señora conselleira, que cremos na Xunta...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PATRICIA GARCÍA GONZÁLEZ: ...e gustaríanos que nos explicase que actuación está a desenvolver na ETEA.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten un segundo turno.

PATRICIA GARCÍA GONZÁLEZ: Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, presidenta.

Efectivamente, señora García, primeiro vou facer unhas puntualizacións, porque seguramente aquí haberá moitas deputadas e deputados que non coñezan as instalacións da denominada «antiga ETEA».

A ETEA atópase ubicada no barrio de Teis, no concello de Vigo, a carón da ría de Vigo, e é unha paraxe —como ben dixo a deputada— de 100.000 metros cadrados que, por suposto, temos que recuperar para a cidadanía. Este ámbito é titularidade de tres administracións —tanto da Xunta de Galicia, como do Concello de Vigo, como do Consorcio da Zona Franca—, e, polo tanto, as tres administracións temos a responsabilidade e temos a obriga de recuperar eses espazos para a cidadanía.

A vía principal, *(A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, amosa un documento.)* a que está coloreada en cor amarela, é titularidade do Concello. É a vía pola que se entra neste ámbito, que remata na praza de Armas e pola que discorren os servizos básicos: abastecemento, saneamento, pluviais, telecomunicacións..., que dan servizo ás parcelas que están lindantes.



Pois ben, os ámbitos que son titularidade da Xunta de Galicia son —como ben dicía a deputada— o PS-5 e o PS-6. No PS-5 —para que nos entendamos— é onde estamos licitando a explotación e a rehabilitación da cafetería para desfrute dos visitantes, e no PS-6 é onde estamos urbanizando para a ubicación de distintos usos, como esa residencia de maiores.

Pois ben, foi no verán do ano 2024 cando o alcalde e o presidente da Xunta de Galicia adoptaron varios acordos verbais, e un deles era recuperar esas instalacións da ETEA. E, dende o primeiro minuto, dende a Xunta de Galicia, puxémonos a traballar. Fixemos unha xuntanza un 18 de xullo do ano 2024 o señor alcalde, o señor David Regades —o delegado da Zona Franca— e eu persoalmente como conselleira, e adoptamos un acordo verbal baixo a lealdade institucional á que nos debemos as administracións que foi dado a coñecer ás administracións públicas. Nese acordo dicíamos que a Xunta de Galicia financiaría o 100 por cento da urbanización desa vía de titularidade municipal. A cambio, a Zona Franca executaríase esa urbanización e tamén un aparcadoiro subterráneo que explotaría economicamente, porque ten que ter rendibilidade económica para poder realizar esa actuación, e o Concello de Vigo simplemente poría os terreos á disposición da Zona Franca, porque non quería poñelos á disposición da Xunta de Galicia.

Pois ben, dende ese momento, dende o punto de vista da lealdade institucional, dende a Xunta de Galicia, puxémonos a traballar arreo: trámites administrativos, trámites de intervención, trámites xurídicos... Efectivamente, en maio de 2025, no Executivo Galego, no Consello da Xunta, aprobamos ese compromiso, ese convenio consensuado polas tres partes e a dotación orzamentaria de nada máis e nada menos que 10,5 millóns de euros para que a Zona Franca fixese esas obras de urbanización no viario de titularidade municipal. O inaudito é o que vén despois na réplica.

Grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora García.

PATRICIA GARCÍA GONZÁLEZ: Grazas novamente.

Si, señora conselleira, os datos que vostede acaba de compartir deixan algo bastante claro: todo o desenvolvemento que a Xunta está a facer na ETEA con diferentes actuacións. E o que non podemos obviar —reitero— son eses 10,5 millóns de euros que a Xunta aprobou no Consello. O señor alcalde aprobounos verbalmente, aceptou o convenio, rexeitouno e, agora, aparece cunha foto o 25 de febreiro onde exclúe a Xunta, e fai a foto coa Universidade de Vigo e co Consorcio da Zona Franca de Vigo.

¿E que pasa? O de sempre, o de sempre co señor Caballero, o mesmo patrón de sempre: non cumpre, non é fiable. Porque, ao final, o que pretende vendernos, ese Vigo das luces que nos vende —como digo continuamente—, cada vez máis, é o Vigo das sombras, dos proxectos que non se fan, dunha cidade que non crece, que perde emprego, industria, comercio e poboación. Igual, o problema teno o señor Caballero e non os demais. Aquí o que é verdade é



que temos a impresión de sempre: que para el é máis importante facer a foto que as obras; e o máis curioso de todo, o de sempre coa Xunta: a Xunta pon os cartos, e o Concello pon a foto. Pois non parece o modelo máis equilibrado de colaboración institucional, e por iso é importante dicilo con claridade. A Xunta eu creo que está facendo o que lle corresponde: investir, impulsar proxectos e avanzar na recuperación da ETEA. Outros, en cambio, seguen máis preocupados polo relato que pola realidade.

Conselleira, eu síntome de verdade con moita solidariedade cara a vostede, porque é moi frustrante que, tendo os cartos, a obra estea paralizada pola decisión dun alcalde que, en vez de promover e velar por que se faga a ETEA, é o primeiro que se pon diante para poñer trabas, é o primeiro en poñer trabas. Eu agradézolle o traballo en nome dos vigueses, e gustaríame pedirlle se pode afondar en como está a situación —parece que agora avanza...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PATRICIA GARCÍA GONZÁLEZ: ...poderá avanzar o PS-1— e en como...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora García.

PATRICIA GARCÍA GONZÁLEZ: ...seguen o resto de actuacións, a pesar dos impedimentos do señor Caballero.

Grazas, conselleira. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, presidenta.

Señoría, si. Efectivamente na Xunta de Galicia apostamos firmemente pola ETEA, pola súa recuperación, e, de feito, somos a única administración que está a facer obras neste ámbito. Nese compromiso adquirido xa no verán do ano 2024, nesa lealdade institucional que se supón que deben ter as administracións públicas e que, dende logo, a Xunta de Galicia si ten, puxémonos a traballar. Inmediatamente licitamos a urbanización do ámbito que é de titularidade autonómica, que agora mesmo está en marcha e moi avanzado —preto de cinco millóns de euros—; cedemos os edificios Morse e a cafetería á Universidade para que os rehabiliten; licitamos a rehabilitación na explotación desa cafetería, e aprobamos no Consello da Xunta en maio de 2025 ese convenio, esa dotación orzamentaria de 10,5 millóns de euros.

Ata aquí todo correcto. Trasladamos os acordos á Zona Franca e ao Concello de Vigo. Non sabemos o porqué do atraso, pero tivemos que esperar a friolera de oito meses para que o Concello de Vigo e a Zona Franca aprobasen ese convenio consensuado polas tres partes. Tarde, moi tarde, pero benvido sexa; por fin o aprobaban.



Pero o inaudito vén despois, cando, despois de aprobar nos respectivos órganos competentes o acordo, ese convenio, de repente, o señor alcalde e o señor Regades convocan os medios de comunicación para facer un acto mediático, propagandístico, de sinatura no que non chama a Xunta de Galicia, que é quen financia a urbanización dese ámbito. ¡Menudo rostro! Pero o rostro vén despois, porque, despois dese acto propagandístico e desa foto, ¿sabedes que pasou? ¡Chamaron ao día seguinte, chamaron a Consellería para solicitar, por favor, que a conselleira asinase dixitalmente o convenio! ¡Menudo cuajo!, (Aplausos.) ¡menudo cuajo!

Pero, ¿saben que? No Executivo Galego non traballamos para propagandas absurdas; no Executivo galego traballamos para os galegos e traballamos para os vigueses. Por iso, e cun exercicio infinito de paciencia, asinamos o convenio. ¡Por suposto que asinei o convenio!, porque o Executivo Galego traballa para mellorar a calidade de vida dos galegos, porque o Executivo galego traballa para a recuperación dese ámbito da ETEA, que representa esa «Galicia calidade» na que traballamos dende o Executivo galego.

Grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos co seguinte punto da orde do día: interpelacións.

Interpelación do deputado Xosé Luís Bará Torres e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xustifican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para defender a interpelación, ten a palabra o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Bo día.

404, señora conselleira. Acórdese deste número, gráveo na memoria: 404. Mire, este mapa (O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa un documento.) corresponde á información pública da Estratexia de infraestrutura verde que se publicou no mes de agosto do ano 2022. E aparece aquí, marcado con cor rosa ou maxenta, a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón, que está protexida baixo a Rede Natura; é unha ZEC, e, polo tanto, protéxese este espazo como unha zona tampón ao lado da Rede Natura.

Este mapa (O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa un documento.) corresponde á publicación da Estratexia de infraestrutura verde no ano 2025, na páxina 169, e desaparece esta zona de amortecemento nesta zona suroeste da serra do Careón. Este foi o único cambio que se produciu na Estratexia de infraestrutura verde entre o ano 2022 e 2025. E, ¡oh, casualidade!, xusto os terreos dos que desaparece esta zona de amortecemento, esta zona de protección, corresponden cos terreos onde Altri pretendía instalar a súa macrocelulosa. Isto é un au-



téntico escándalo, un xigantesco escándalo, señora conselleira, que foi denunciado no seu día pola Sociedade Galega de Historia Natural, que se deu conta inmediatamente deste cambiazo. Por certo, a Sociedade Galega de Historia Natural, igual que Adegas, son dúas organizacións ás que lles ten moito que deber e que agradecer o pobo galego e que debían recibir as auténticas medallas da Xunta e do Parlamento galego por todo o que levan loitando en defensa do noso país, (*Aplausos.*) do noso territorio, fronte a estas agresións.

Pois, a raíz de descubrirse este cambiazo, Adegas presentou unha demanda contra a Xunta no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que foi resolta o pasado mes de febreiro, concretamente o 13 de febreiro —fíxose pública o 26 de febreiro—. ¿E que di este fallo (*O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa un documento.*) —téño aquí, non sei se vostede o leu— do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que é auténticamente demoledor? Por certo, vostede non gaña para desgustos, porque, unha tras outra, está recibindo as labazadas xudiciais do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza por decisións que aproba vostede. A última foi a do lobo estes días. Mire o que di o Tribunal Superior: «Para realizar este cambio e promover a desprotección destes terreos, necesariamente a demandada...» —é dicir, vostede, a Xunta— «...tería que achegar unha especial motivación que xustificase a dita desprotección con base no interese xeral e público, e, revisado o expediente, non consta ningunha motivación...», —non consta ningunha motivación!— «...extremo que é moi relevante e, por tanto, é contradictorio e sumamente estraño». «Sumamente estraño», señora conselleira. Vostedes fixeron este cambiazo, vostedes fixeron este chanchullo sen xustificalo e sen motivalo, e isto é moi grave, é un escándalo. Por iso solicitamos unha comisión de investigación neste Parlamento que vostedes vetaron, porque, claro, teñen que tapar os seus chanchullos; por iso votaron en contra desta comisión de investigación.

Pero, mire, dúas semanas despois de coñecerse esta sentenza, obrigámola aquí a vir ao Parlamento para facerlle unhas preguntas, que espero que me responda. As preguntas son: ¿quen decidiu na Consellería de Medio Ambiente facer este cambiazo?, ¿quen tomou a decisión? Segunda: ¿que informes técnicos avalaron este cambio, que foi o único na Estratexia de infraestrutura verde? ¿Onde están eses informes, señora conselleira? O Tribunal Superior di que vostedes non os aportaron no proceso da demanda. E, terceiro: ¿cando se fixo esta modificación?, ¿en que momento se fixo? Porque, claro, cambiar uns mapas así supoño que leva un tempo e un traballo facelo, e hai alguén que executa esta tarefa. ¿Quen?, ¿cando?, ¿como se fixo este cambio, señora conselleira? Son preguntas moi relevantes que vostede ten que explicar aquí, porque está claro que algo cheira a podre en San Lázaro, na súa consellaría, e vostede é a máxima responsable destas irregularidades e destes chanchullos.

Por certo, resulta rechamante que vostedes tardasen catro meses desde que levaron a Estratexia de infraestrutura verde ao Consello da Xunta en outubro do ano 2024 ata que se publica no DOG en febreiro do ano 2025. ¿A que se debe este atraso, señora conselleira? A miña teoría é que vostedes estiveron facendo bricolaxe cos mapas, (*O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa un documento.*) estiveron facendo apaños, amaños, chanchullos con estes mapas, e que alguén se deu conta de que, se aparecía protexida esta zona de amortecemento, (*O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa un documento.*) non se podía aprobar a DIA. Entón, fan desaparecer a zona de amortecemento no mes de febreiro, e no mes de marzo vostedes aproban



a DIA. Branco e en botella, señora conselleira: (*Aplausos.*) chanchullo, ilegalidade, irregularidade pola que van ter que dar conta.

Ademais, estes mapas fíxoos o equipo redactor desta estratexia, un equipo formado por expertos especialistas das universidades da Coruña e de Santiago. Que nos conste a nós, eles non fixeron o cambio; eles avalaron cientificamente que aquí había un hábitat de especial interese, de interese prioritario declarado pola Unión Europea, e especies en risco de extinción. Entón... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Hainas aquí!, si, si; por iso puxeron a zona de amortecemento da serra do Careón. ¿Onde están os informes técnicos para modificar este ditame deste equipo das dúas universidades? ¿Non din vostedes que actúan con criterios técnicos? ¿Onde están os informes técnicos? ¿Sabe onde están? Non hai informes técnicos, porque vostedes actúan por motivos políticos para facerlle o traballo sucio a Altri. Esa é a súa función como máxima responsable da Consellería de Medio Ambiente, porque (*O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa un documento.*) vostede é quen asina, do seu puño e letra, a Estratexia de infraestrutura verde con este cambio, señora conselleira. 404, tome nota deste número.

E, miren, todo isto que acabamos de dicir lévanos a unha cuestión, ademais, que é o principio de todo, que son eses acordos secretos que vostedes asinaron con Altri nese famoso memorando secreto, oculto, do 1 de outubro do ano 2021, que lles pedimos no Parlamento, que non nos entregaron, e polo que tivemos que ir nós tamén ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. ¿Non dicían que tiñamos que ir á Xustiza? Xa fomos. Xa admitiu a trámite o Tribunal Superior esta petición desta documentación secreta que vostedes non queren desclasificar. ¡Por algo será! Si, suspira o señor Mahatma Gandhi do Partido Popular, deste novo Partido Popular; o Mahatma Gandhi de Redondela suspira. (*Murmurios*) Pois si, xa fomos á xustiza, xa fomos á xustiza. (*Aplausos.*)

E, si, porque este novo Partido Popular que temos agora, da moderación e da mesura, está dirixido no Parlamento por Mahatma Gandhi de Redondela e por Teresa de Calcuta —que non está agora aquí— de Compostela. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois fomos á xustiza, e iremos ata onde faga falta para que nos dean esa documentación, porque, ademais, nese acordo secreto, falaba claramente de que «a celebración do acordo definitivo depende da verificación dun conxunto de condicións precedentes que, ao verificarse satisfactoriamente, o que se estima que veña a ocorrer no curso do segundo semestre do 2022, crearán as bases para a súa formalización». (*O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa un documento.*) É dicir, branco e en botella. Había que cumprir unha serie de condicións que vostedes tiñan que amañar e arranxar; entre elas, quitar esta (*O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa un documento.*) molesta zona de amortecemento da infraestrutura verde, para que Altri tivese vía libre para poder instalarse. Por iso pedimos esa documentación.

Señora Vázquez, vostede é a máxima responsable deste chanchullo, desta ilegalidade. Porque é que é unha auténtica ilegalidade, é unha xigantesca cacicada, e creo que quedo curto nos cualificativos. Vostede vai pasar á historia como a conselleira dos chanchullos de Altri. Se ten un pouco de dignidade e se ten un pouco tamén de vergoña, asuma a súa responsabilidade e dimita, señora conselleira. (*Aplausos.*) ¡Asuma a súa responsabilidade e dimita!, pero, antes de facelo, dea resposta ás preguntas que lle formulamos no Parlamento.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Antes de darlle paso á señora conselleira para que teña a resposta, imos saudar e darlle a benvida aos alumnos e alumnas de quinto e sexto de primaria do CEIP Plurilingüe Sofía Casanova, de Culleredo. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

Ten agora a palabra para darlle resposta a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señora presidenta.

Benvidos os mozos e mozas a este Parlamento, que vén ser a palabra de todos.

Señor Bará, non é un suspiro, foi unha expiración, ¿vale? E o señor Pazos non é Gandhi, e a señora Prado non é Teresa de Calcuta. Se empezamos a chamar as persoas polo seu nome e non confundimos os termos, igual alguén o tomará en serio. (*Aplausos.*) Se non, vaino ter vostede un pouco complicado.

Cada vez que o señor Bará me pide a miña dimisión, para min —créanme— é un eloxio. Ademais, é que sei perfectamente da súa intencionalidade; aquí non se trata de que eu veña dar resposta, senón de que vaia moito máis alá.

A vostedes encantoulles estar a carón de Altri antes dunhas eleccións; era fantástico porque se fabricaba *lyocell*. E o o *lyocell* ten que pasar pola pasta de papel, e non queren dicirlllo ao persoal. Naquel momento era bo; crían que ían gañar, perderon unha vez máis porque os galegos e as galegas non cren en Vox nin tampouco nos señores do PSOE, e despois dixeron: isto é malo malísimo. E, no momento en que a Xunta de Galicia decide o arquivo, fíxense, resulta que foi a sociedade a que impulsou o arquivo. E agora vén a seguinte volta; é que seguimos falando de Altri.

Miren, en canto ao seu vocabulario, eu o que lle pediría é que diga vostede o que queira, pero que, polo menos, (*A conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez Mejuto, amosa un documento.*) a aqueles seguidores lles digan que deixen de facer este tipo de cousas: «A corrupta, a sinvergónza, a ecoterrorista da conselleira “Merda Ambiente” de Rueda e Feijóo, a mesma miserable pro-Altri e pro-Ence, promacrogranxas, promineiras, proeólicos, proeucaliptización masiva dos montes galegos que afogou a Rede Natura é directamente responsable de 209.000 hectáreas arrasadas en 2025. Noxenta. Indecente. Dimisión!»». Estes señores dende aquí fan o posible para que, cando te metes nas redes sociais, outros que levan a estrela coas cinco puntas se dediquen a facer este tipo de cousas. (*Aplausos.*) Creo que máis cordialidade e ser menos miserables. (*Aplausos.*)

Falan vostedes do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e, en concreto, como nomeou vos- tede o lobo, a min gustaríame dicir que é o único tribunal que non está permitindo ningún



tipo de autorización para facer ningún tipo de xestión no territorio, a pesar de ser a segunda comunidade autónoma que máis lobos ten e a pesar de que xa non son só pobos, senón tamén cidades, e de que as asociacións están dicindo que hai temor e pavor, que xa non só mata cabalos, ovellas ou cabras, senón que xa mata os cans, que son animais de compañía. Eu aí o que lle dixen ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia é que, se alguén seguía nesta liña, eu non quería ser a responsable polo que puidese pasar, e este tribunal segue na súa tese; todo o contrario que están facendo o resto dos tribunais das outras comunidades autónomas. É simplemente para que lle quede claro.

A partir de aí, unha das poucas cousas que dixen que eran reais, señor Bará, é que, efectivamente, o 10 de febreiro de 2025 se publica no *Diario Oficial de Galicia* a Estratexia de infraestrutura verde; non o documento oficial da infraestrutura verde, senón unha estratexia. É unha estratexia sobre a cal se traballa para que *a posteriori* haxa o documento definitivo. Pero aquí o que se pretende é dicir: coidado, menuda mafia a que hai, que regalan días. ¡Como se fose Forestalia, señor Bará! Iso teríanllo que preguntar á señora Teresa Ribera e ao señor Hugo Morán. (*Aplausos.*) En Galicia non se regalan días. (*Aplausos.*)

Dito isto —sabendo cal é a súa intención—, despois de explicarlle que a Estratexia de infraestrutura é unha planificación que ten unha base e que, tendo unha base, tamén ten unha guía e que iso dará lugar á futura infraestrutura verde, pois hai que dicir que, efectivamente, hai unha sentenza que acatamos. Podémola compartir ou non, pero nós acatamos sempre as sentenzas. Vostedes nin acatan as sentenzas nin acatan as leis, porque lles gustaría que isto fose Venezuela —e, polo tanto, ¡señor Maduro, *a sus órdenes!*—; menos mal que non están gobernando.

Pero quero dicirlles que, ás veces, unha cre nas casualidades. E digo que cre nas casualidades porque, fíxese: enterouse antes *Nós Diario* da sentenza que a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia. Vostede di que saíu publicado o día 26. ¡Caramba, non!, saíu publicado pola tarde do día 25 nun xornal. E tamén hai outra casualidade: a casualidade de que saia esta sentenza cinco días despois de que a Xunta de Galicia archivase un proxecto que cumpría a declaración ambiental —cumpría integramente a declaración ambiental—, pero a respecto do que se dixen, por activa e por pasiva, que se non había conexión era imposible seguir adiante.

É certo que aínda estamos agardando, señor Bará, a súa firmeza, que aínda non chegou. Polo tanto, estamos falando, señor Bará, dun documento provisional —calquera diría que é un documento provisional porque, ¡vamos!, ¡menuda a que pretenden formar con todo isto!, porque buscan e rebuscan, e resulta que non atopan— onde aparecen reflectidos os elementos que se poderán converter en zonas de protección cando se faga a declaración formal. ¿Sabe o que di a Estratexia nacional? Pois o mesmo que di a Estratexia galega: «*Una vez identificados los elementos que cumplen los criterios para formar parte de la infraestructura verde, se hará la selección, en su caso o no, y la declaración formal*». «*La declaración formal es esencial para dotarla de un reconocimiento oficial*». Señor Bará, isto é o que di a Estratexia nacional, que é o que di tamén a Estratexia galega. Non hai documento oficial porque aínda non temos infraestrutura verde; temos unha estratexia de infraestrutura verde, esa é a realidade. Pero, ¿que o Tribunal decidiu que volvamos poñer a zona de amortecemento? Por suposto que imos volver poñer a zona de amortecemento. Pero a pregunta que supoño que se fan os ga-



legos e as galegas —e que debería de facerse vostede— é: ¿isto inflúe ou non na Declaración de impacto ambiental? Pois a resposta é: non inflúe na Declaración de impacto ambiental —e vostede debería sabelo—.

A Estratexia de infraestrutura verde é unha infraestrutura verde, efectivamente, pero, sendo verde, tamén e viva. E, polo tanto, ten que formar parte a rexional, a subrexional e tamén as locais. E, ao igual que hai un movemento dun mapa, que é un anexo desa infraestrutura, haberá máis movementos ata que haxa a infraestrutura verde definitiva. E, aí, ¿que vén reflectido? Veñen unhas áreas núcleo, unhas pronucleares e unhas de amortecemento —ten que sabelo vostede—. ¿Cales son as áreas núcleo? Non se boten as mans á cabeza porque simplemente é lelo, e iso é así. As áreas núcleo é a Rede Natura. ¿Hai algunha alteración ou non nas áreas núcleo? Despois veñen as áreas pronucleares, que, aínda que non teñen consideración, señor Bará, de espazos protexidos ou de Rede Natura, si que reúnen características similares ás anteriores. E, en terceiro lugar, ¿que veñen? Veñen as áreas de amortecemento, aquelas que están na periferia das zonas núcleo e que son áreas de transición nas que se debe fomentar unha compatibilidade de usos con criterios ambientais. ¡Iso é o que hai!

E de todo isto pretenden montar un lío. ¿Por que? Porque se lles acaban eses domingos onde convocaban o persoal para dicir que iamos intoxicar, que iamos envelenar, (*Aplausos.*) que Galicia se ía acabar. (*Aplausos.*) ¡O mesmo que fixeron no seu día cos *pellets*, señor Bará, o mesmo que fixeron no seu día! (*Aplausos.*) E dáse a casualidade de que eran as dúas cousas en vésperas de eleccións. Saían aquelas imaxes daqueles peixes —que, por suposto, non eran galegos— e, a partir de aí, non lles importou absolutamente nada a caída en picado que houbo nun momento determinado, incluso no turismo, pero tamén á hora de mercar o peixe. E tampouco lles importa que nos sigan debendo os 2,5 millóns que gastamos para facer a limpeza daquelas praias. Máis do mesmo. Naquel momento, ía morrer Galicia, iamos envelenar Galicia, a pesar de que era un barco en augas internacionais e a pesar de que a competencia era do Goberno central. Despois veu Altri; iamos envelenar de novo Galicia e iamos morrer todos. E, agora que arquivamos Altri, ¡oe!, hai que revivir Altri, porque, se non, vos tedes non poden vivir, e algún que outro domingo, a ver onde van ir. (*Aplausos.*)

Polo tanto —volvo outra vez ao mesmo, señor Bará—, se a súa preocupación é se a DIA está ben ou non, a resposta é: por suposto que si. Se a preocupación é se eu me fío dos técnicos e dos funcionarios galegos, a resposta é que si. Pero é certo; non se fíen vostedes dos seus socios, porque resulta que hai outros lugares onde un non se pode fiar. Aí tamén saen noticias nos xornais e aí imos ver se se agasallaron uns aos outros con cousas ou dando días. Non vai ser este caso.

Pois ben, nas zonas de amortecemento —como dicía— están permitidos os usos e a implantación de proxectos, señor Bará —e sábeo—, sempre que sexan compatibles coa protección ambiental.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Neste caso, fíxese que era así.



Polo tanto, feita esa compatibilidade e despois de que supoño que lle quedou claro que non altera absolutamente nada, cando hai unha sentenza, por suposto, acatámola. E, ás veces, incluso cremos nas casualidades.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica. Señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Señora conselleira, 404 é un artigo do Código Penal que di o seguinte: «*Á autoridade ou funcionario público que, sabendo da súa inxustiza, ditase unha resolución arbitraria nun asunto administrativo castigaráselle coa pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por un tempo de nove a quince anos*». Tome nota, porque vostede foi quen asinou esa aprobación da Estratexia de infraestrutura verde e vostede asumiu, polo tanto, en primeira persoa esa decisión arbitraria. Debería estar moi preocupada por iso, señora conselleira, debería estar moi preocupada, igual que os cooperadores necesarios da súa consellaría que tiveron tamén que avalar ese cambio. E xa o colmo é que nos veña aquí tomar por parvos e tomarnos o pelo á sociedade galega, ao BNG e ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. Pero, ¡que falta de rigor, señora conselleira!

Mire, a Estratexia de infraestrutura verde é un instrumento que está previsto no ordenamento europeo —e tamén estatal e galego—, que di claramente para o que é: «*Crear unha rede territorial continúa entre aqueles espazos de maior valor ambiental, paisaxístico e cultural cunha planificación estratéxica que permita protexer a biodiversidade dos impactos negativos que xeran as actividades económicas e sociais*». Vostedes, en vez de protexer a biodiversidade, o que fan é protexer as empresas contaminantes como Altri, que quería instalarse nun espazo que vostedes debían protexer, (*Aplausos.*) porque tiña que estar na Estratexia de infraestrutura verde porque é unha zona de amortecemento para impedir os impactos na Rede Natura. (*Aplausos.*) E fan ao revés. (*Aplausos.*)

E é un pitorreo que veña aquí dicir que, claro, a infraestrutura verde xa se fará. Pero, ¿como pode ter o valor de vir aquí dicir isto cando vostede asinou o artigo único: «*Apróbase a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración, cuxo contido figura como anexo a esta orde*»; contido que figura neste documento, con todos os seus documentos, propostas e mapas. ¡Isto vai á misa, isto ten valor, ten oficialidade, e vostedes teñen que cumprilo! E teñen que cumprir tamén a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que lles di que teñen que repoñer a zona de amortecemento. Está protexida, e, polo tanto, inviabiliza, anula; é un xa que mate.

Vostede insinuía aquí que a Sala Segunda —que xa non é a Sala Terceira; é a Segunda— sacou esta sentenza de maneira interesada neste momento —vostede botáballe a culpa á Terceira pero tamén á Segunda—. Eu crinlle entender isto, non sei se os demais entenderon o mesmo. Ata este punto chegan vostedes: a ver fantasmas por todos os lados. Pois o que di o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza é que teñen que repoñer esa protección. Polo tanto, xa que mate a Altri; e, polo tanto, DIA ilegal, e, polo tanto, autorización ambiental integrada inviable.



Por iso, vostedes non se atreveron a dar ese paso. E terían que facelo, porque Altri, ademais, dixo que non aceptaba a razón da falta de conexión eléctrica e que ía recorrer, e segue adiante co seu proxecto. Teñen que dar carpetazo definitivo dicindo que non hai avaliación ambiental integrada por este motivo porque lles parou os pés o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, e, sobre todo, paroulles os pés a sociedade galega e tamén o BNG co seu traballo serio e rigoroso no Parlamento e na sociedade.

E, mire, fíxese que credibilidade ten vostede, que vén aquí dicir que nós alarmabamos co *Toconao*, e resulta que vostedes —que minimizaban o problema— lle pediron ao Goberno central un avión, dous helicópteros, once barcos e un submarino. (*Aplausos.*) ¡Faltoulles un portaavións! (*Aplausos.*) Señora conselleira, esta é a credibilidade que ten o Goberno da Xunta do Partido Popular.

E, xa para rematar, mire, vostede non deu ningunha resposta —ningunha— ás tres cuestións fundamentais que lle plantexei aquí. Non se atreve a dar a resposta de quen fixo ese cambio, quen decidiu ese cambio. Eu digo que foi vostede, pero, se non foi vostede, diga quen foi. ¿Como se fixo?, ¿con base en que informes técnicos? Porque non os hai tampouco, non os mostraron de momento, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza non llos deron. E terceiro, ¿cando se fixo? Fíxose cando se deron conta de que era un obstáculo para a aprobación da DIA. Esta é a miña teoría; desmíntaa. Desmíntaa, si, diga quen fixo os informes técnicos. ¿Que problema hai? Pedímosllo polo artigo 9, por certo. Cando veñamos ao seguinte pleno cumprírase o prazo para que nos envíen esta documentación. Espero que chegue a tempo para non ter que volver chamarlles a atención sobre esta cuestión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación. Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señor Bará, imos pasar do artigo 404 —se lle parece— ao artigo 205, e poderíamos chegar ao artigo 206: «*Es calumnia la imputación de un delito hecha con conocimiento de su falsedad o temerario desprecio hacia la verdad*». Se quere, quede vostede tamén con ese artigo, (*Aplausos.*) o 205, e siga co 206; eu creo que sería bo.

Dito isto, expliqueille perfectamente do que se trata. Trátase dunha estratexia; non da infraestrutura verde. A Estratexia é viva e, polo tanto, vaise desenvolver en función das estratexias que tamén se fagan a nivel subrexional ou a nivel local. Mente vostede cando di que na zona de amortecemento non se pode instalar ningún tipo de industria. Mente de maneira reiterada, como veñen mentindo dende hai moitísimos anos. E aí están, aí están sempre na oposición.

Pero voulle dicir. Efectivamente, dicía vostede que hai asociacións que están traballando arreo e que vostedes están a carón desas asociacións. Pois que traballan arreo hai que reco-



ñecérllelo. E, de feito, nos últimos tres anos levamos un total de 375 recursos xudiciais contra actividades empresariais presentados na Consellería de Medio Ambiente. ¿Que lle parece, señor Bará? 375 recursos presentados todos eles por tres organizacións —esas que traballan moito—. Se nos imos aos eólicos, esas tres organizacións presentan o 85 por cento deses recursos.

E, home, di vostede: é que vén insinuar... Eu non insinúo nada; digo que, ás veces, existen as casualidades. Tamén dixen que acatabamos as sentenzas, ao mesmo tempo que lle digo que sentenzas que aquí se perderon gañáronse no Supremo e tamén se gañaron no TXUE. ¿Ou non, señor Bará?, ¿ou, en realidade, iso non se quere dicir?

Mire, cando facemos DIA desfavorables porque non cumpren, pois iso é grazas a vostedes. Foron un total de 63 nestes tres anos, e iso non é nin mellor nin peor. Cando se cumpre, a DIA é favorable, e, se non se cumpre, señor Bará, a DIA é desfavorable. Se comparamos co que facían vostedes, vostedes autorizaban moito máis do que vimos autorizando nós. Hai dúas opcións: igual é que os promotores agora son malísimos e antes se facía moi ben, ou é que agora somos máis restritivos. E, por certo, respecto daquelas leis onde queremos ser máis restritivos —como pode ser a Lei de recursos naturais, para que haxa máis aportación para a poboación; como pode ser a Lei do clima, ou como pode ser a Lei do litoral—, vostedes sempre están en contra ou, como moito, se absteñen.

Dito isto, vostedes son sempre os do «non». Se hai que ampliar unha granxa —porque son eu a das macrogranxas—, ¡pois non! ¿Por que? Porque crean purín, e iso, polo tanto, son nitratos. Despois preséntanse empresas para facer biogás ou biometano, e tamén é un «non» continuado. ¿Repotenciación? Non. ¿Por que? ¿Para que imos quitar eólicos do territorio? ¡Ah! Pero, se é en Muras, entón aplaudímolo. E, fíxense, tamén o aplaudimos cun alcalde do BNG que presenta un recurso e un contencioso que despois non formaliza e que dicía que non se cumpría dende o punto de vista medioambiental. Pero despois sae aquela lei da que vostedes votaron en contra e que ampara e avala para que se poida investir no territorio, e entón aí si que dicimos o si. É en todo Galicia «non» menos onde gobernan vostedes, que entón dicimos «si», señor Bará.

Bueno, pois eu dígolle que queremos máis industria en Galicia. E tendo máis industria e máis postos de traballo, temos menos emisións e temos menos contaminación. Por algo será, señor Bará. Será que exiximos moito, esa é a realidade. E, encima, din que non, agáchanse e trónchanse. ¿Por que? Porque se toman a coña absolutamente todo e porque perseguen un fin, e o fin é seguir vostedes coa careta. Nós non necesitamos quitala porque sempre somos os mesmos: menos emisións, menos contaminación. Hai máis protección, señor Bará, e tamén hai máis rural, ao igual que hai máis rigor e hai un rural máis profesionalizado. Nós imos por esa vía, e vostedes van máis polos sachos e tamén polas corredeiras, pero despois créanme que nin pasean por elas nin tampouco collen o sachos. (*Aplausos.*) Esas son as realidades. (*Aplausos.*)

¿Queren reavivar Altri? Pois continúen, non sei. Fagan vostedes un boca a boca, a ver se o poden revivir. Terán que falar cos seus colegas do PSOE. Pero, mire, non pretendan castigar toda Galicia por unha soa empresa, porque Galicia é moito máis que todo iso.



Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación da deputada María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Bos días, presidente.

Bos días, conselleiro.

Bos días a todos e a todas.

Antes de entrar en materia desta interpelación, gustaríame trasladar algunhas reflexións máis de ámbito xeral da sanidade pública.

A valedora do pobo dicía nunha entrevista que «a poboación galega sabe exercitar o seu dereito á queixa e sabe facelo ben» —son palabras textuais dela—. E, cando un le o Informe anual da valedora do ano 2024, a sanidade é a área que ten máis reclamacións ante a valedora, ou —se queren—, nas palabras que usan na propia oficina da valedora, é a que ten máis actividade.

Por outra banda, a comezos deste mes coñecemos o informe dun dos barómetros, que sinala que a preocupación pola sanidade medra desde o pasado mes de decembro e volve situarse como o segundo problema para a cidadanía galega, só por detrás da vivenda. Mesmo hai provincias nas que xa ocupa o primeiro lugar, como é o caso de Ourense ou de Lugo. Un dos temas estrela son as demoras, que semellan chegar para quedar, e iso comeza a percibirse tamén nos centros de saúde. Hai cupos nos que resulta practicamente imposible conseguir unha cita en menos dunha semana; nalgúns casos, en dez días, e incluso hai situacións dun mes. Con todo, son as consultas especializadas, as probas diagnósticas ou as intervencións cirúrxicas as que xeran unha maior tensión entre os usuarios e usuarias do sistema, aínda que o barómetro non entra no tema das urxencias, que é o tema que hoxe tratamos aquí.

Pero o barómetro si nos engade algún dato máis, como é que os galegos e as galegas manifestan unha lixeira maior satisfacción co funcionamento da atención hospitalaria que coa atención primaria. O certo é que ningún dos dous niveis asistenciais saca sequera o aprobado alto —non chega ao seis—, e isto evidencia un claro cansazo e unha crecente frustración por parte da poboación. Desde o Grupo Socialista diríamos máis: que a cidadanía outorgue apenas un cinco raspado ao funcionamento do sistema sanitario público de Galicia, cando antes da pandemia esa valoración superaba os seis, constitúe unha seria chamada de atención para acometer cambios de calado. Esta é a realidade, señor conselleiro; unha realidade que non debería deixalo durmir tranquilo e que explica o diagnóstico previo que desde o noso grupo quixemos facer antes de formular esta interpelación.



Porque se falamos de esperas na atención primaria e na atención hospitalaria, cómpre dicir tamén que estas chegaron igualmente aos servizos de Urgencias dos hospitais galegos a finais do ano pasado e no comezo deste ano. Esta situación nalgúns casos derivou en episodios de clara sobreesaturación, coas consecuencias directas que isto ten tanto no funcionamento ordinario do sistema público como na calidade da atención que percibe a cidadanía.

Estou convencida de que vostede, señor conselleiro, cando viu formulada esta interpelación, probablemente pensou que chegaba fóra de tempo, que o inverno xa pasou, que as gripes quedaron atrás, que agora estamos nunha etapa de maior tranquilidade nas Urgencias Hospitalarias e que xa pasáramos páxina. Non basta con que nos aporte datos, como fixo no mes de xaneiro. Agradecemos e gústanos coñecelos, non os desprezamos, pero creo que hai que entrar no fondo da cuestión. Non é admisible que na súa comparecencia do 8 de xaneiro diga que o sistema respondeu «con normalidade e sen incidencias destacables» —poño comiñas porque son as súas palabras textuais—, mantendo —volvo abrir comiñas— «todos os medios operativos» —e pecho as comiñas—.

A realidade obrigaos, señor conselleiro, a apartar as mensaxes triunfalistas e analizar con rigor a situación das Urgencias Hospitalarias. Hai un refrán galego moi coñecido que di: «O que avisa non é traidor». De aí que queiramos que entenda esta interpelación desde dúas perspectivas.

En primeiro lugar, como unha chamada preventiva, porque o verán está preto e porque será necesario realizar unha planificación adecuada para evitar situacións como as vividas, que non queremos que volvan repetirse.

Todos sabemos que durante os meses de verán aumentan determinados problemas de saúde relacionados coa calor e cos hábitos propios da estación. Sabemos tamén que existe unha tendencia ao incremento de accidentes de tráfico e dos accidentes acuáticos, tanto en praias como en piscinas, e doutros incidentes asociados a actividades ao aire libre. A isto súmase, ademais, o cambio na demanda asistencial, co aumento significativo de poboación nas zonas turísticas, ao tempo que cómpre garantir tamén o dereito do persoal sanitario ao disfrute das súas vacacións. Durante o verán, moitas zonas costeiras de Galicia multiplican a súa poboación. Falamos das Rías Baixas, de numerosos concellos da costa ou de áreas con forte presenza de segundas residencias; territorios nos que, en poucas semanas de verán, a presión asistencial pode incrementarse de maneira significativa. Todo isto provoca un aumento da demanda nos centros de saúde e nos servizos de Urgencias, especialmente durante os meses de xullo e agosto, e un incremento da presión asistencial que o sistema sanitario público debe prever e organizar con suficiente antelación. Ademais, hoxe en día, o verán tamén está marcado por outra realidade demográfica que non podemos ignorar, que é o progresivo envellecemento da poboación. Esta circunstancia incrementa os riscos para a saúde durante os meses de máis calor e obriga a reforzar a capacidade de resposta do sistema sanitario.

Sen pretender ser exhaustivos, non quero eu aquí facer unha relación de todos os *inputs* que poden afectar ese incremento de demanda no verán —sinalei algúns como exemplo—, e tampouco quero falar das consecuencias, como poden ser as deshidratacións, o aumento de complicacións cardiovasculares, o empeoramento de moitas enfermidades crónicas ou outras



situacións clínicas que se ven agravadas polas altas temperaturas. A todo isto hai que engadir os propios retos organizativos que supón para o sistema sanitario facer fronte a este incremento da demanda asistencial mentres se garante tamén a cobertura do persoal sanitario.

Pero hai un segundo aspecto que nos preocupa especialmente. Cando observamos que fenómenos de saturación nas Urgencias se producen no inverno, no verán, incluso tamén en momentos puntuais ao longo de todo o ano, xa non estamos diante dunha situación excepcional ou conxuntural; estamos ante un problema estrutural que require planificación e resposta política.

En definitiva, queremos con isto que a Xunta de Galicia se adiante aos problemas e que se adiante nese dobre sentido de non centrarse unicamente nas Urgencias Hospitalarias, porque sabemos que o paradoxo non é novo: menos consultas en Atención Primaria e maior presión sobre as Urgencias Hospitalarias.

Hoxe pedímoslle que nos conte que vai facer para que non volvan producirse situacións de saturación nas Urgencias. Hoxe preguntámoslle se vai incrementar os recursos humanos dos servizos de Urgencias de Galicia. Hoxe preguntámoslle se vai incrementar os recursos humanos en Atención Primaria para que sexa realmente a porta de entrada á sanidade. Hoxe pedímoslle que nos dea resposta á solución para que non volva recaer a solución exclusivamente no esforzo do persoal. Hoxe dicímoslle que non manteña unha actitude de compracencia e que teña un papel de defensa activa da sanidade pública. Hoxe tamén lle pedimos que non se refuxie na improvisación permanente, porque a política sanitaria non se fai con fotos nin notas de prensa; faise defendendo os intereses de quen o pasa mal agardando nunhas Urgencias, tanto os enfermos como os familiares. Poderíamos trasladarlle algún consello, pero quen ten a responsabilidade é vostede.

Só remato cunha idea: debería abordarse mediante un plan anual que permita anticipar escenarios, organizar recursos e dar unha resposta adecuada, revisable e axustada para cada estación do ano en función das circunstancias que se poidan producir. Porque o que non se planifica con tempo acabámolo pagando todos. Acaban pagándoo os profesionais, pero, sobre todo, os pacientes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señora Espinosa, lamento dúas cousas. A primeira, non traer preparado o futuro plan de verán. Aínda non o temos planificado, pero asegúrolle que, en canto o teñamos dispoñible, me comprometo a traelo a este Parlamento. En segundo lugar, lamento o de sempre: que



unha vez máis traen a esta Cámara unha interpelación construída desde o catastrofismo e desde a vontade de erosionar o que é a confianza da cidadanía no sistema sanitario público. Eu creo que poden guiarse máis polo que é o rigor e polo ánimo real de mellora. (*Aplausos.*) E moitas grazas polo consello, eh. Así o facemos na Consellería de Sanidade, porque é o que temos que facer, que é planificar a sanidade con antelación.

Ademais, vostedes van a rebufo do Bloque Nacionalista Galego, o cal non entendo. Este tema xa se trouxo no mes de febreiro, exactamente. Vostede xa o recoñeceu aquí, que xa falamos en febreiro do mesmo, exactamente do mesmo tema; pero, bueno...

Naquel momento xa tiven a oportunidade de explicar con datos reais — como vostede di — e contrastados como o sistema sanitario galego respondeu tamén este ano con eficacia ao desafío asistencial que representan todos os invernos para calquera sistema sanitario público. Pero, bueno, vostedes copian e pegan o que é o relato fabricado de todo mal, que nin se corresponde coa realidade nin fai xustiza ao traballo inmenso que fan os profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Quero comezar precisamente por aí: recoñecendo, agradecendo e poñendo en valor o traballo destes profesionais (*Aplausos.*) de Urgencias Hospitalarias, de Atención Primaria, de atención hospitalaria, dos PAC, da hospitalización á domicilio, do transporte sanitario; do persoal de Enfermaría, dos celadores, dos técnicos, do persoal non sanitario e, por suposto, daqueles que planifican, que son as xerencias das diferentes áreas sanitarias. Grazas a eles, grazas á súa profesionalidade e grazas á planificación do sistema, Galicia foi quen de responder nun contexto de alta presión asistencial sen deixar sen atender nada que fose urxente.

Señorías, en primeiro lugar convén chamar ás cousas polo seu nome. A sanidade pública galega está preparada para responder as necesidades asistenciais da poboación en calquera momento; con máis ou menos presión, pero facendo o que haxa que facer para responder sempre. Non existe colapso da sanidade pública galega, porque a sanidade pública galega non para nin deixa de funcionar nunca. ¿Hai días de maior presión asistencial? Si, como é natural todos os invernos e todos os veráns en todas as partes. ¿Isto xera momentos complexos en determinados centros e en determinados momentos? Si, tensións inherentes á natureza das Urgencias Hospitalarias e ao funcionamento dos hospitais. ¿Está preparada a sanidade pública galega para responder axeitadamente? Por suposto, e aos datos me remito. Grazas á planificación, á campaña de vacinación e a unha sólida arquitectura asistencial, a capacidade hospitalaria chegou este inverno ás 7.007 camas, o que representa 250 camas máis que no inverno anterior, e atendéronse as mesmas urxencias hospitalarias que o ano anterior.

Polo tanto, eu lamento augarlle a mensaxe, pero o certo é que o sistema funcionou este inverno, como funcionou o inverno pasado. Non pasou nada extraordinario que beneficie o seu obxectivo de desgastar o Goberno en contra da sanidade pública. Con todo, non todo é perfecto, e estamos convencidos de que en materia de urxencias tamén é desexable seguir mellorando espazos, fluxos internos e capacidade de resposta, e niso traballamos de forma permanente.

Señoría, este goberno leva anos traballando para reforzar a capacidade das Urgencias Hospitalarias. As necesidades veñen rexistrando un incremento sostido. Por poñer un exemplo,



na Área Sanitaria de Vigo, dende 2016 ata 2025: aumento acumulado da actividade nas Urgencias Hospitalarias do 35 por cento. En dez anos, as Urgencias pasaron a atender 120 pacientes máis ao día. E, ante iso, ¿que fixo o Servizo Galego de Saúde? Ampliar espazos de atención, aumentar *boxes*, reorganizar consultas, incorporar reforzos, abrir fases de especialización de forma dinámica cando é preciso, e moitas cousas máis.

Vostedes preguntan tamén se a Xunta vai incrementar os recursos humanos. E a resposta é que xa os estamos a incrementar. A media diaria total de persoal contratado no Servizo Galego de Saúde pasou dos 40.033 en xaneiro de 2008 aos actuais, máis de 48.600 en decembro de 2025. E pregunta se imos aumentar tamén os profesionais da Medicina Familiar Comunitaria na Atención Primaria. Por suposto que si, e facémolo paralelamente a que se vaia resolvendo o déficit de profesionais de Medicina Familiar Comunitaria desencadeado pola mala planificación do Goberno central que vostedes apoian.

Tamén, se o importante é o número de urgencias, vou darlle un dato: hoxe hai 149 prazas máis de médicos de Urgencias do Servizo Galego de Saúde que no ano 2024. Isto é un dato, eses datos que non lle gustan. Claro que incrementamos os recursos humanos das Urgencias e imos seguir traballando nesa dirección, avaliando de forma permanente, con datos reais e da man dos profesionais, as necesidades que teñen os servizos de Urgencias Hospitalarias.

Se seguisen vostedes a actividade da Xunta, saberían os pasos que estamos dando en relación cos servizos de Urgencias. O pasado venres celebrouse na Consellería de Sanidade unha xuntanza de Mesa Sectorial na que o Servizo Galego de Saúde abordou coas forzas sindicais de forma monográfica as necesidades dos servizos de Urgencias. Lembramos, por exemplo, o incremento tan importante de case 150 prazas de médicos de Urgencias rexistrado no ano 2024. E foi aí tamén onde lles propuxemos aos representantes dos traballadores volver analizar a finais de ano a situación dos recursos humanos e os plans funcionais dos servizos de Urgencias. A nós gústanos traballar así, planificando as políticas con datos. Imos analizar tamén a situación e, cando teñamos esa análise, tomaremos as decisións que sexan necesarias en relación coas dotacións de persoal.

Pero, mentres, queremos poñer en marcha outras medidas para mellorar as condicións retributivas dos profesionais dos servizos de Urgencias, que realizan un grande esforzo para responder a esa demanda asistencial crecente que rexistramos nos últimos anos. Por iso, na mesa sectorial do pasado venres ofrecerémoslles aos médicos das Urgencias Hospitalarias un incremento progresivo do importe que perciben por cada hora de xornada complementaria que realizan; un incremento que se materializará entre os anos 2026 e 2027 e que se sumaría aos aumentos retributivos aprobados para o conxunto dos empregados públicos da Administración autonómica. (*Aplausos.*) Xunto con isto, tamén lles propuxemos aos profesionais médicos de Urgencias empezar a percibir as retribucións correspondentes á noite dos venres co importe correspondente ás noites prefestivas. E, finalmente, comprometémonos a modificar o cómputo do réxime de descanso do persoal médico de Urgencias Hospitalarias para aplicarlles os mesmos criterios que se acorden para persoal dos puntos de atención continuada, sempre coa aplicación retroactiva desde o 1 de xaneiro deste ano.



Por se aínda lle quedan dúbidas desta atención que esta consellaría presta aos servizos de Urgencias Hospitalarias e ás demandas dos seus profesionais, podo concretarlle que estes incrementos retributivos propostos acadan os 3.560 euros anuais para cada facultativo deste servizo. Esa é a nosa proposta, que agardamos pechar proximamente mediante un acordo coas forzas sindicais. Porque a realidade é que estamos ante un esforzo moi importante por parte dun Goberno galego que ten claro que o principal activo do seu sistema sanitario son os profesionais e que ten a firme vontade de escoitalos e de coidalos. Porque este é un goberno que sabe que non se pode establecer condicións laborais no sistema sanitario sen escoitar e ter en conta as demandas dos profesionais que asumen o maior nivel de responsabilidade no seu funcionamento, que son os médicos, e porque este é un goberno que demostra que ten capacidade de negociar e de chegar a acordos con quen tamén está disposto a facelo.

Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Señor conselleiro, eu, cando falei, vino que estaba moi atento e realmente pensei que me estaba escoitando, pero creo que vostede confunde os verbos «oír» e «escoitar».

Porque, mire, eu non falei en absoluto dun plan de verán. O que pasa é que a interpelación si que lle pregunta que que medidas está disposta a adoptar a Xunta de Galicia para que non se volvan producir situacións de saturación e colapsos nas Urgencias dos hospitais. E eu funme a un exemplo concreto, que é o verán que está próximo a vir e onde supostamente se poden producir esas saturacións.

Outra aclaración que lle quero facer: eu creo que en ningún momento falei de catastrofismo, pero, como trae as cousas escritas, nin escoita nin oe —as dúas cousas ao mesmo tempo— o que dicimos aquí, solta o que ten escrito. Porque eu falei de palabras da valedora. ¿Agora vostede o que di aquí é que cuestiona as palabras da valedora? Pregúntollo para que me responda. Falei dun barómetro. ¿Está cuestionando tamén un barómetro cunhas medidas exactas que falan da sanidade? Entón, eu non falei doutros catastrofismos en absoluto.

E non copiamos, non copiamos doutro partido político. Posiblemente esta iniciativa que estaba presentada, se vostede respondese na anterior con satisfacción, non a teríamos activado nin traído aquí. (*Aplausos.*)

Eu pídlle, por favor, unha cousa: nunca, nunca, nunca oíría deste grupo político criticar os profesionais. É máis, na miña intervención dixen clarisimamente que non queríamos que as solucións volvesen recaer sobre as costas dos profesionais, co cal, indirectamente, estaba, dende logo, dándolle un apoio ao seu traballo, e díxenllo moitísimas veces. Entón, pídlle respecto, e non poña na nosa boca o que nós non dicimos.



E, por suposto, dende o noso grupo non pedimos a perfección na sanidade, non pedimos que teña cero defectos, pero o que non podemos admitir é que estea con problemas, imperfeccións e defectos constantes día a día, área sanitaria por área sanitaria en que entremos ou calquera outro tema que poidamos ver.

E hoxe, de novo —ben, eu alégrome—, comprobaremos se efectivamente se incrementan os profesionais que vostede di, celebráremolo, e celebráremolo tamén por eles, porque realmente poden saír desa situación na que están metidos.

Pero mire, eu dígolle —e dicímosllo sen acritude, dicímosllo con todo o respecto posible— que o sistema debe afrontar reformas, que os expertos en sanidade xa dicían que estas reformas e eses cambios eran necesarios, e isto dicíano antes da pandemia, e dicíano porque hai máis persoas maiores, porque hai máis avances médicos, porque hai mellores tratamentos, porque se multiplica a actividade e se multiplica a complexidade. Ben, todo isto, todo isto metido nunha cocteleira, leva á necesidade de afrontar reformas.

É certo que vostede nos falou —para que vexa que eu si que o escoito— dunha reforma en atención primaria, veremos cando e veremos como, pero si, dende logo, estaremos moi atentos para iso. Pero, ademais, todo este tipo de reformas exige, loxicamente tamén, máis recursos económicos. Non nos podemos enganar, que eu aquí non vou cuantificalo, nin é a miña obriga, pero si quero dicirlle que a xoia da coroa —para que vexa como defino ou como definimos dende o noso grupo a sanidade—, a sanidade pública, a nosa sanidade pública, vén dando síntomas da enfermidade crónica, que cada vez exige un tratamento máis custoso, pero, sobre todo, exige planificación; planificación que vai dende os médicos de familia, planificación na que eu tamén lle digo que hai que empezar a prestixiar os médicos de familia, porque moitas veces non se trata só desas —que están ben— medidas que hoxe aquí vostede anunciou, senón que moitas veces hai que profundar con prestixio nesa reforma que nós lle pedimos, para que vexa o que é noso respecto aos médicos, para que eles tamén poidan verse satisfeitos no noso traballo.

Xa non me dá tempo a seguir máis, pero eu o que lle quero dicir é que pense nunha planificación, que a diga aquí, non soamente cos números, que está moi ben, que os números son necesarios, si; que o incremento de xente é necesario, tamén; pero hai que ir moito máis alá, se queremos que realmente se cumpra o que nós pedimos, e que é seguramente o que vostede tamén quere aínda que non o diga aquí: que non volvamos ter a xente nos pasillos, que non volvamos ter a xente esperando, que non volvamos ter a xente desesperada.

E dígolle algo máis: nós, como grupo, sentiríámonos inmensamente orgullosos se a valoración que fan os galegos e as galegas da sanidade sobe, porque nós si que nos alegamos de que á xente lle vaia ben, e non ao mellor como outros; nós si nos alegamos. E se a xente valora a sanidade é porque ten un mellor servizo público da sanidade, o que nós sempre defenderemos. E iso é o que lle pedimos, señor conselleiro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, señor presidente.

Señora Espinosa, claro que escoito, e perfectamente, ademais, grazas a Deus, polo menos por agora.

Imos ver, en relación co ámbito sanitario, sabe que é unha enquisa, ¿sábeo? Vale. Pero non dixo outro dato das enquisas do barómetro sanitario, e é que nas persoas que realmente proban o funcionamento do sistema sanitario por un problema grave a aceptación é dun 35 por cento, ¿vale? Hai que dicilo, todo hai que dicilo.

Di que non ten unha visión catastrofista. Vén criticar aquí que non temos planificación e que o plan de inverno non funcionou, finalizou a súa intervención dicindo: xente desesperada —xente desesperada, ¡eh!—, pasillos cheos de camas... Non é unha película de Walt Disney, paréceme a min. En calquera caso, nada orixinal. (*Aplausos.*)

Por certo, di que non falou do plan de verán; a metade da súa intervención foi en relación co verán. Polo tanto, eu creo que me axustei bastante ao que dixo. Ben, sempre é o mesmo; se realmente quixese facer unha crítica construtiva, ben, pois non diría o que din.

Por outra banda, ¿vostede traballou algunha vez nun servizo de Urgencias Hospitalarias? Non, ¿verdade que non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Traballou nun hospital? Ben, entón sabe que hai unha serie de circuítos internos de traslado de pacientes desde os pasillos do hospital ata as plantas hospitalarias; sabe que nese traslado, nese circuíto, inflúen moitos factores, ¿verdade? Un por suposto é o que é a demanda, o pico de necesidade asistencial no servizo de Urgencias. Pero, ¿cal é outro factor que importa moito? É a velocidade de drenaxe das camas do hospital. ¿A velocidade de drenaxe das camas de hospital depende de que? Das altas que se dan. E ¿quen dá as altas? Os médicos. E neste inverno coincidiu o pico asistencial da gripe cunha folga contra o estatuto médico, promocionado polo Goberno central, un goberno que vostedes apoian. (*Aplausos.*) Polo tanto, aquí imos dicir todas as cousas como son.

Alégrame moito que recoñeza o esforzo que se fai no tema do persoal, esas 149 prazas máis nos servizos de Urgencias hospitalarias. Non fai falta comprobalo, é verdade. Eu non minto, e menos no Parlamento, sería de mal gusto. Eu veño dar información cumprida sobre o axeiamento do funcionamento dos servizos de Urgencias.

E vou repetilo: o pasado venres nós presentamos ante os sindicatos unha completa proposta de mellora das retribucións dos médicos de Urgencias, un conxunto de melloras retributivas que supón unha media de 3.560 euros máis para cada profesional dos servizos de Urgencias dos hospitais de Galicia; ademais, co cómputo de melloras, descansos nos mesmos termos que se pactan co persoal dos PAC, con efectos desde o 1 de xaneiro. Creo que a Consellería de Sanidade deste goberno negocia e acorda cos profesionais sanitarios, incluídos os médicos.



Tamén non saíu aquí. En relación cos servizos de Urxencias, fomos a comunidade autónoma que máis presionou o Goberno central para que se puxese en marcha o que é a especialidade de Medicina de Urxencias.

Nin unha palabra sobre o problema que temos os médicos de toda España fronte á ministra de Sanidade, nin unha soa palabra. Falou de moitas cousas e fixo un escenario xeral da sanidade en Galicia, pero non falou nada diso.

Temos un problema, non podemos permanecer indiferentes fronte a esa espiral de folgas que vén sufrindo o sistema sanitario público, cun Ministerio de Sanidade que se nega a falar coas persoas que teñen a máxima responsabilidade, que é a responsabilidade clínica, no sistema público de saúde. Iso é importante para nós.

Temos xa suspendidos 130.000 actos médicos entre decembro e febreiro en relación con esa folga, e esperemos que a Consellería de Sanidade siga aberta a dialogar con todos os que son os profesionais sanitarios, para intentar frear o antes posible o impacto que teñen esas folgas sobre as listas de espera de cirurxías, de probas complementarias e tamén de consulta especializada.

Galicia escoita, Galicia negocia, acorda cos profesionais da sanidade pública, porque o merecen eles e tamén porque o merecen fundamentalmente os cidadáns. Nós estamos, por suposto, dispostos a negociar, cos médicos de Urxencias e con todos os médicos de atención primaria e tamén de atención hospitalaria, un conxunto de melloras das súas condicións laborais, o que demostra que aos responsables da sanidade pública galega impórtannos de verdade os profesionais e impórtannos, ademais, moito, os pacientes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación do deputado Secundino Fernández Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Fernández Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente, señorías.

Conselleira, vostede e mais eu pois non temos nada en común politicamente falando, aínda que si que temos un pequeno detalle temporal en común: vostede foi elixida por Rueda para o seu cargo ao mesmo tempo que as galegas e os galegos me elixiron para representalos aquí na cámara da soberanía popular galega.

Dende ese ano 2024 vostede pois dedícase a desgovernar na Consellería do Medio Rural, e eu, en nome das galegas e dos galegos, pois dedícome a facer propostas para resolver os graves problemas que ten o sector agrogandeiro e forestal e as mulleres e homes que viven



no rural e do rural, e, por suposto, tamén para fiscalizar ese desgoverno no que nos teñen desde a Xunta de Rueda.

Conselleira, quero lembrarlle que falamos dos principais programas da Consellería do Medio Rural, os programas estrela, que teñen unha ampla traxectoria temporal, pois existen desde hai decenas de anos. E estoume a referir a eses plans para a remuda xeracional, como son as incorporacións ao agro das mozas e mozos menores de 41 anos, así como as novas persoas agricultoras de 41 a 55 anos, e tamén os chamados plans de mellora orientados ás explotacións máis dinámicas, máis activas, con máis ganas de progresar e mellorar.

Esta interpelación é para que explique, aclare, a negligente e continuada actuación referida a estas axudas. Ten, polo tanto, a súa oportunidade para explicar este desaguisado que se repite ano tras ano desde que está de conselleira. Espero que responda. ¿Por que non aprobou as axudas destinadas ás persoas agricultoras mozas do ano 2025? ¿Por que a Xunta de Galicia menospreza deste xeito as mozas e mozos que pretendían instalarse no sector agrario dun xeito profesional? ¿Considera se hai demasiadas mozas e mozos no agro galego e por iso actúa deste xeito negligente e así desactivar a incorporación de xente nova ao sector agrario? ¿Cara a onde dirixe a Xunta de Galiza os fondos europeos destinados ás explotacións agrogandeiras galegas e a incorporar xente moza ao agro? ¿Por que a Xunta de Galiza non permite que as mellores explotacións, as máis dinámicas, as que máis futuro teñen, poidan recibir axudas para realizar estes investimentos que melloren esas explotacións? E ¿por que a Xunta de Galiza non contempla axudas para as novas persoas agricultoras de entre 41 e 55 anos que se queren incorporar ao agro?

Conselleira, vou lembrar a súa actuación como máxima responsable no referente a este tema tan crucial para o noso agro como é a remuda xeracional e as melloras das explotacións agrogandeiras galegas. Non vou ir máis alá, só dende que vostede é a responsable. Conselleira, ano 2024: vostede chega á Consellería, saen as ordes que contemplan as principais liñas de axuda: remuda para menores de 41, e para de 41 a 55, e melloras das explotacións. A finais de 2024 trouxemos a debate estas axudas ao pleno do Parlamento por dous motivos principais: o primeiro, atraso na aprobación e incerteza nas persoas solicitantes; e o segundo —e máis importante—, pola posibilidade da denegación destas axudas.

Na interpelación dese pleno, vostede, conselleira, asegurou de forma tallante que se ían aprobar todas as axudas. Dixo textualmente —está no *Diario de Sesións*—: «Si, señores do BNG, claro que imos aprobar todas as axudas do ano 2024». E quedou tan pancha, sorrindo para a nosa bancada, máis ben ríndose de nós e de todas as mulleres e homes solicitantes á cara. Vostede mentiu, con todas as letras, aquí en sede parlamentaria. E así, cando no *DOG* saíu a resolución de axudas, esta resolución confirmaba os peores presaxios do BNG, xa que se denegaron o 70 por cento das axudas solicitadas. Conselleira, as solicitudes que cumprían cos requisitos dos plans de mellora foron 619. ¿Sabe cantas aprobaron? Pois aprobáronse 180, que representan o 29 por cento; denegáronse 439, que representan o 71 por cento; un resultado pois desastroso. Vostede, dende a Consellería, deixou tiradas o 71 por cento das mellores explotacións de Galiza, incluso quedaron fóra moitas asociadas ás incorporacións de mozas e mozos ao agro.

Se analizamos por territorios, ou por orientación produtiva, aínda foi máis sangrante, pois máis negativo para as explotacións que resisten e manteñen o noso territorio. ¿Sabe cantas



solicitudes aprobaron, por exemplo, en Ourense nese ano? Pois aprobáronse 12 solicitudes, que representan o 19 por cento; é dicir, deixaron fóra o 81 por cento das solicitudes que cumprían os requisitos. Así é como tratan vostedes as nosas labregas e os nosos labregos. Aos que deberían mimar por resistir no rural pois danlles paus.

Pero a cousa non acabou aquí. Chegamos ao ano 2025 e non saía a orde de axudas, e as mulleres e homes que querían, que queren, un futuro persoal ligado ao sector agrario impacientábanse ante esa parálise da Xunta de Galiza, ante unha situación que os podía levar a perder ese anhelo de formar parte do sector agrario, un sector, por outra parte, moi necesitado de savia nova. Como a Consellería non se movía, pois dende o BNG lanzamos unha iniciativa e así reclamamos unha vez máis da Xunta do Partido Popular unha actuación decidida e unha solución para os expedientes que foran rexeitados e a publicación inmediata das axudas do ano 2025, eses expedientes aos que me refiro, aos 439 denegados ou non contestados.

E aquí, pois sorpresa, unha sorpresa. Ante esta proposta, o Partido Popular, sorprendentemente, vota en contra. E vostede, conselleira, para máis inri, pois demorou e demorou no tempo a publicación das axudas, e, cando saen no DOG —tarde, mal e arrastro—, xa quedaban fóra melloras e novas persoas agricultoras. Este atraso inxustificable da Consellería do Medio Rural parecía que ía dirixido a non conceder as axudas dese ano. Ao final as predicións feitas polo BNG no debate parlamentario cumpríronse e as axudas non se aprobaron no ano 2025.

E, xa para rematar este despropósito, do que é vostede responsable, na resolución publicada hai pouco máis dun mes, con respecto a esa orde do ano 2025, apróbanse 65 expedientes daqueles 439 do ano 2024; o resto, nada. Por outra banda, as axudas de mozos e mozas que solicitaron no ano 2025 non aparecen, non hai rastro da aprobación destas axudas. ¿Como se pode tratar deste xeito tan ruín as mozas e mozos galegos, conselleira?

Pero a súa negligencia non acaba aquí. Agora, para rematar, chega estes días o presidentiño Rueda e indica, todo fachendoso, que vai lanzar unha nova orde de axudas co obxecto de favorecer a remuda xeracional, dotado cunha importante dotación económica. (*Murmurios.*) Claro que esquece mencionar que teñen sen aprobar as axudas da convocatoria de 2025, que son 30 millóns de euros. E, polo tanto, seguindo co seu desastroso, chapuceiro e negligente sistema, antonte mesmo, 9 de marzo, publícase casualmente a orde de axudas. E ¿con que obxectivo? Curiosamente para aprobar as solicitudes pendentes do ano 2025. ¡Que grande xestión! É dicir, no ano 2026, as do 2025. É vostede do que non hai, señora conselleira. (*Aplausos.*)

Se nos referimos aos plans de mellora para as nosas explotacións, esas explotacións que, aínda que non incorporan mozas, teñen titulares que queren seguir progresando, e polo tanto pretenden mellorar as súas explotacións, unhas explotacións que sempre deberían ter o apoio da Administración galega, pois estas explotacións xa están totalmente esquecidas pola Xunta do PP. Por primeira vez na historia levan excluídas varios anos as melloras das explotacións.

Este batiburrillo —vou resumilo—, este caos, esta desfeita, todo este lío que ten montado dende que chegou á Consellería, resúmese nunhas frases. Ano 2024: chega á Consellería e a



Xunta de Galiza denega o 71 por cento dos plans de melloras. Ano 2025: para solucionar a desfeita do 2024, saca unha orde e aproban 65 dos 439 que cumprían no 2024. Ás mozas e mozos que se querían incorporar e solicitaron nin sequera lles contestan. As axudas para a mellora de explotacións e novos agricultores de 41 a 55, nada de nada, xa non teñen dereito. Ano 2026: para solucionar a desfeita do 2025, sacan unha orde na que retoman os expedientes do 2025; axudas de melloras, non; novos agricultores de 41 a 55, non.

Conselleira, se estiveramos nun país cun goberno cun mínimo interese polo sector agrogandeiro, vostede tería que ser enviada á súa casa, tería que ser cesada fulminantemente pola súa inutilidade política. Pero, claro, vostede igual está cumprindo escrupulosamente as ordes do señor Rueda, un presidentiño que quere acabar coa mínima posibilidade de que haxa algún interese polo noso sector agrario e por parte da xente moza; un presidentiño que quere impedir que as nosas mellores explotacións poidan ter a posibilidade de mellorar. Parece que está cumprindo as súas ordes, as ordes do señor Rueda.

Conselleira, vostede si que está seguindo as instrucións de enterradora do agro galego, facendo un grande traballo para que o noso rural vaia desaparecendo e quedando sen xente; para que a maioría da xente moza non poida quedar no rural e do rural; para que as terras vaian quedando abandonadas e perdendo o seu valor; para que as terras poidan inzarse de eucaliptos, encherse de parques eólicos, establecer empresas mineiras depredadoras do territorio. É por iso, conselleira, que recibe o premio para estar aquí. Ese é o premio que lle dá o señor Rueda.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Mire, señor Fernández, eu non podo, non debo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Vostede sabe o que vou dicir?, ¿vostede sabe o que vou dicir? Non, perdón, ¿vostedes saben o que vou dicir?, ¿vostedes saben o que vou dicir? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Si? ¿E que vou dicir? Entón, déixenme que o diga. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por iso.

Eu non o podo chamar á orde nin lle podo retirar do *Diario de Sesións* unha palabra que, en definitiva, vostede é moi libre de poder utilizar. Eu creo que non é correcta; agora, vostede é libre de facelo. Se aquí empezamos a dicir: «portavociña», «conselleiriña»..., ben, convértese isto... *(A vicepresidenta segunda da Cámara, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, perdón, por favor, estou falando eu, un pouquiño de respecto. Eu —xa lle digo— niso non vou entrar, porque forma parte —é certo— de moitas expresións que se utilizan na rúa. Se vostede o quere facer, fágao. Se o quere facer en ton despectivo cara ao presidente, é o seu problema. Pero eu —xa lle digo— non llo vou mandar retirar, déixoo, pero vostede ten que ser consecuente co que di; non me parece que sexa unha linguaxe parlamentaria adecuada... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Adecuada, adecuada. ¿Estou dicindo algo malo? ¿Adecuada? ¿A vostedes pareceríalles ben que digamos a «portavociña»? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non fomentemos... É que de aquí *(O presidente sinala a bancada do grupo do Goberno.)* tamén poden responder, claro, e aquí trátase... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* trátase de que..., silencio, un pouquiño de calma. Estou dicindo que imos reconverter isto a unha linguaxe parlamentaria normal, se se quere.



(Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, silencio, non, xa está. Agora, vostede é moi libre, eu non digo nada, vale. *(A vicepresidenta segunda da Cámara, María Montserrat Prado Cores: Pois para non dicir nada, ¡carai!)* Non, para non dicir nada, non ofendín a ninguén. Eu o único que puxen é un pouco de sensatez, *(A vicepresidenta segunda da Cámara, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* se a queren aplicar *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, sobre o Parlamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, iso faríanos vostedes no momento que corresponda. Eu quedo moito máis tranquilo dicindo o que acabo de dicir. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Alá vostedes.

Señora conselleira, resposte vostede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por favor, deixe, deixe, deixe ir.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Presidente.

Deputados, deputadas, bo día a todos.

Comparouse vostede comigo, señor Fernández. Mire, a única comparativa que lle vexo comigo é que foi vostede alcalde e eu alcaldesa. Cando vostede repetiu, os seus veciños apoiárono. A min tamén, cun 83 por cento dos votos, *(Aplausos.)* cousa que vostede non pode dicir.

E, mire, cada vez que se refire a min agradézolle que me respecte, e que non me insulte, porque ultimamente nas súas intervencións dedícase a denigrarme como muller, e é algo que este Parlamento non pode permitir. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

E permítanme comezar dicindo algo moi claro: o apoio á incorporación de mozos e mozas ao sector agrogandeiro e a modernización das explotacións é unha prioridade da miña consellaría, mal que lle pese. *(Aplausos.)*

E, mire, temos o sector agrogandeiro punteiro de España, de España, e non o digo eu, recoñéceo o resto de España e recoñécenos en Europa. Cando hai vinte anos tiñamos que ir a Europa a aprender deles, hoxe veñen aprender de nós. E ¿sabe grazas a que? Ás políticas de quen goberna desde o 2009 este país, Galicia. É algo do que me sinto moi orgullosa, *(Aplausos.)* do sector agrogandeiro galego, que é excepcional, mal que lles pese.

Estou farta de que se refiran á negatividade, ás desgrazas, todo vai mal. Miren, non. Viven nun país paralelo. O sector agrogandeiro galego é punteiro tanto en explotacións como en incorporación de mozos e mozas ben formados, algo do que todo Galicia se ten que sentir inmensamente orgullosa e algo do que, como conselleira do Medio Rural, me sinto orgullosísima, e dígoo aquí en sede parlamentaria. Creo que todos os galegos e galegas senten o mesmo que sinto eu; debe de ser que os do BNG viven nunha realidade paralela.

E xa sei que están moi decepcionados porque o luns publicamos unha nova orde de axudas para seguir apostando polos mozos e mozas que se queren incorporar ao sector agrogandeiro. E mire, non teño ningún problema en vir aquí dar as explicacións que me pidan; ao contrario, estou encantada de facelo.



As ordes de axudas de 2025 —ás que vostedes se refiren— publicáronse o 25 de xuño de 2025 —algo que é coñecido por todo o mundo— e fixéronse conforme o calendario administrativo necesario para adaptar as convocatorias ao novo período da PEPAC, que —como saben— introduciu cambios relevantes nos procedementos, nos controis e na configuración das intervencións, algo que non resultou sinxelo de xestionar. Por iso falar de «atraso inxustificable» é simplemente non ter en conta a realidade normativa e técnica á que os nosos técnicos se teñen que enfrontar todos os días.

Estes cambios supuxeron adaptar moitas cousas: asegurar que os fondos europeos se asignen ben, incorporar novos criterios de avaliación e actualizar todos os procedementos para garantir que todo se fixera con transparencia e eficacia. Trátase de cumprir rigorosamente a normativa europea e a española para protexer os beneficiarios e o interese público —algo que a vostedes claro que non lles importa—. Aquí o verdadeiramente importante non é a parte administrativa do proceso; o realmente valioso, máis alá da data do *DOG*, é o compromiso deste goberno. É evidente que non se resolveron as de 2025, si, pero vanse resolver, estea vostede tranquilo.

O compromiso que se demostra cos recursos mobilizados e os resultados obtidos ao longo do tempo están aí. Dende o ano 2016 ao 2024, estas convocatorias supuxeron en Galicia un gasto público de 369 millóns de euros; aí están os fondos adicados —por se vostede quere inventar cousas que non existen—. Permitiron apoiar máis de 5.869 explotacións e favorecer nese período 2016–2024 a incorporación de 3.161 mozos ao sector agrogandeiro galego. E, se imos ao 2009 —xa o teño dito moitas veces neste Parlamento—, hai máis de cinco mil mozos incorporados grazas a estas políticas. Non hai máis que dicir; a demostración dana os números. É unha aposta constante polo relevo xeracional, que é o futuro do sector agrogandeiro galego. (*Aplausos.*)

E precisamente porque consideramos que estas axudas son esenciais é polo que acabamos de sacar unha nova convocatoria de 53 millóns de euros: 23 millóns para axudas á incorporación e 30 millóns de euros para axudas a plans de mellora, para que haxa oportunidades para todos e para todas aqueles que queiran quedar no territorio e facer nel o seu proxecto de vida.

E non houbo parálise nin abandono, nin falta de interese. O que tivemos foi un procedemento en tramitación cunha carga administrativa elevada. Xa ven que na maioría dos casos as cousas son o que parecen; non hai que buscar nin teorías conspiranoicas —que é o que lles gusta facer a vostedes— nin cousas parecidas. E, ao mesmo tempo, tomamos a decisión de reforzar a resposta mediante esta nova convocatoria ampliada, que permitirá chegar a un maior número de mozas e de mozos.

E preguntaban vostedes que vai facer a Xunta cos expedientes non resoltos. Pois resolvelos e garantir a súa continuidade e a igualdade de condicións para as persoas solicitantes; así de sinxelo. A nova convocatoria permite que tanto os novos solicitantes como aqueles que xa presentaron a súa solicitude en 2025 poidan acceder ás axudas mantendo as condicións orixinais e sen perder dereitos. Ademais, as persoas que xa presentaran a súa solicitude non terán que volver rexistrala e contarán cos mesmos prazos de investimento e límite de idade que tiñan ao presentar a súa solicitude inicial, como xa se comunicou formalmente.



Por todo isto, ese argumento seu de que menosprezamos a mocidade pois mire, cae polo seu propio peso. Este goberno considera o relevo xeracional unha cuestión estratéxica. Galicia necesita máis mozos e mozas no agro, e por iso lanzamos esta nova convocatoria de 53 millóns de euros.

E nos últimos anos —vóullelo volver repetir—, 369 millóns de euros —para que non caiba dúbida—, 5.869 explotacións beneficiadas e 3.161 mozos incorporados. Esas son políticas reais, señorías do BNG, das que se ven e das que se notan, das que se poden demostrar con números.

Pero hai máis: o compromiso non é só financeiro, senón tamén estratéxico e estrutural.

En canto ás medidas para dar solución aos expedientes, xa se están adoptando. E esa nova convocatoria ampliada é a resposta directa a esta alta demanda, afortunadamente; permitirá non só acoller os solicitantes do ano pasado, senón tamén os novos, garantindo as mesmas condicións que tiñan inicialmente.

E respecto da publicación da nova orde pola que vostedes se interesan, coido que xa están todas as dúbidas resoltas unha vez publicada este luns. Esta nova convocatoria manterá tanto a liña de incorporación de mozos e mozas como a de plans de melloras.

Miren, non hai abandono, non hai desinterese, non hai paralización; hai rigor e hai seguridade xurídica e unha aposta sostida polo relevo xeracional. Tamén hai unha visión global: non só se apoia o solicitante individual, senón que se mellora a competitividade do sector no seu conxunto, garantindo que Galicia siga sendo unha referencia en agricultura e gandería sustentables.

E iso é o que verdadeiramente importa: que Galicia conte cun rural vivo, con persoas novas formadas, comprometidas, capaces de garantir a continuidade e a modernización das explotacións agrarias, que son a base da nosa economía, da nosa alimentación e do noso futuro. Este goberno traballa cada día para que o agro galego prospere, atraendo talento novo e promovendo investimentos estruturais que consoliden o sector no século XXI.

Máis nada polo de agora, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente.

Conselleira, eu sígoa considerando unha inútil política pola xestión destas axudas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se o considera un insulto machista, eu entendo que unha persoa que xestiona unha consellaría ten que saber xestionala, e, se non a sabe xestionar, é unha inútil política, sexa home ou sexa muller. (*Murmurios.*) Iso é unha cuestión de xestión dos fondos públicos, que é o que lle toca a vostede. (*Aplausos.*)



Conselleira, vostede quere tomar por parvos as mozas e os mozos aos que lles están poñendo pegas, día si e día tamén, para acceder ás axudas para incorporarse ao sector agrario. ¡Nunca tal pasara!, que se poñan tantas trabas para a remuda xeracional no agro. Cando todas estas persoas deberan estar mimadas e acompañadas, vostedes —a Xunta do Partido Popular— non lles fan máis que poñer trabas. Queren tomar por parvas as persoas titulares das mellores explotacións agrarias da nosa terra; queren tomar por parvos as mulleres e homes que están loitando para seguir coa súa actividade agraria e que queren avanzar e mellorar e ás que lles negan a posibilidade de pedir axudas para mellorar as súas explotacións.

Dende que vostede é conselleira, no único ano —o ano 2024— que abriron as axudas, resulta que denegaron —ou, mellor dito, non contestaron— o 71 por cento dos que cumprían os requisitos. Os seguintes anos —no ano 2025 e agora no 2026— xa non teñen esa posibilidade. ¿Sabe vostede, conselleira, que é a primeira vez na historia destas axudas de plans de mellores que pasa esta situación? ¿Sábeo? ¡Pois é así, conselleira! ¿Quere tomar por parvos tamén esas persoas que, tendo máis de 41 anos e menos de 55, querían dedicarse ao sector agrario e que xa non poden solicitar esas liñas de axudas, porque non as abren? Para esas persoas que aínda agardaban a súa ilusión de dedicarse ao agro e que lles abriran esa posibilidade no 2024 pois xa se cerraron e non se volveu saber nada. En resumo, debe querer tomarnos por parvos a todos, de a feito.

Conselleira, os que traballamos na oficina agraria, o persoal técnico, os funcionarios e as funcionarias, sabemos ben o desastre no que está convertida esta consellaría. Os produtores e as produtoras, as mozas e os mozos, as mulleres e homes do rural tamén o saben, por moitos sorrisos, por moita labia, por moi boas palabras e por moita propaganda que reciban; sábeno, conselleira.

E segue vostede tamén coa matraca de que esas axudas permitiron incorporar dende o ano 2009 máis de tres mil persoas ao agro, non sei cantas explotacións recibiron axudas para a mellora, que sacaron unha orde de axudas fabulosa no ano 2026 cunha contía espléndida... Pero ¡jimos ver! Se non os gastan no ano 2025, ¿por que non aproban as axudas? Quedaron eses 30 millóns de euros e non pode dicir que os saca no 2026, pois eran os que dicían que ían sacar no 2025 e non aprobaron as axudas, conselleira; non os gastaron. ¡Veña propaganda e máis propaganda!

Como vostede está empeñada en dar datos amañados, dalgunha maneira —aínda que curiosamente eses datos son ata que vostede chegou á Consellería; sempre se refiren aos datos de antes; dende que está na Consellería non hai datos—, se quere datos oficiais, voullos dar, do IGE, da Seguridade Social e da propia Consellería.

Segundo eses datos, nas últimas décadas a poboación ocupada no sector agrario experimentou en Galiza unha intensa caída. Nos últimos quince anos —xa que fala dos últimos quince anos—, os afiliados á Seguridade Social en Galiza nas ramas agrarias descenderon un 40 por cento; pasamos de 52.000 no ano 2009 a 30.000 no ano 2025; rematamos o 2025 con 22.000 persoas menos no sector agrario galego que no ano 2010.

Esta diminución vén acompañada dun crecente incremento da idade das persoas titulares das explotacións agrogandeiras. Segundo os datos do censo agrario, só o 3,5 por cento das



explotacións agrarias galegas teñen á súa fronte unha persoa menor de 35 anos, mentres que o 72 por cento dos titulares teñen máis de 55 anos de idade. Iso, no ano 2020, agora estamos no 2025 e xa pasaron cinco anos, co cal foi a peor a cifra. En resumo, nos próximos anos xubilárase o 70 por cento dos titulares das explotacións agrarias galegas e —o que é máis grave— a gran maioría sen perspectivas de remuda xeracional. E poderíamos pensar que a maioría das explotacións de titulares con idade avanzada son pequenas explotacións. Pois non, conselleira. A situación afecta tamén unha porcentaxe importante das explotacións de mediano e grande tamaño.

Estes datos poñen de manifesto a situación grave que temos en Galiza. Incluso na produción estrela, que é a gandería de leite, xa quedan menos de cinco mil explotacións.

Conselleira, vostede, á que se lle enche a boca falando do rural, saberá que é o RoundUp e o Tordon; seguro que coñece estes produtos, ¿non? Pois a súa actuación é idéntica a estes produtos: por onde pasan as súas políticas non medra nada. (*Aplausos.*) Dende o seu posto deixa a súa pegada e vai esmorecendo absolutamente todo; elimina pouco a pouco calquera posibilidade de que as mozas e os mozos se poidan incorporar ao sector agrario e poidan vivir e desenvolver a súa traxectoria vital no rural e de que as nosas mellores explotacións poidan seguir avanzando e mellorando.

Pero se vostede está no seu posto e se despois de toda esta actuación nefasta o presidentiño a mantén no seu posto, entón está de acordo con esta negligente actuación; está actuando adecuadamente, eliminando todo o que puidera reverdecer no agro galego; estase aplicando adecuadamente na política de eliminar calquera vestixio do futuro no noso rural. En definitiva, segue no seu posto porque ao Partido Popular e ao seu presidentiño o sector agrario e as mulleres e homes que o conforman non importan; máis ben sobra o sector agrario. É dicir, vostede estase aplicando ben no seu cometido. Isto é unha pena para o rural e para Galiza que se aplique tan ben no seu cometido...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...de eliminar o noso medio rural e o noso sector agrario.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Ben, pois grazas por aceptar o meu consello, señor Secundino. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Para pechar este debate, ten a palabra a conselleira do medio Rural, dona María José Gómez Rodríguez.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidente.

Ben, unha cousa si que me quedou clara: a irrespectuoso e despectivo non hai quen lle gane, señor Fernández. (*Aplausos.*)



Resulta que os do BNG son eses do «canto peor, mellor», porque creo que a vostedes lles gustaría que Galicia fose ben mal, ben mal, porque cren que aí habían pescar o seu peixe. Pois mire, non, non. Entendo a súa decepción, señorías do BNG.

Vostede xa tiña o discurso preparado, para hiperbolizar, para vir aquí co medo, co negativismo, co tremendismo, con esa Galicia de fume que tanto lles gusta pintar. Pero, mire, a min gustárame que fora vostede por aí a algunha charla. Algunha compañeira súa estaba por aí o outro día no Premio Aresa, e vimos alí aquilo cheo de mozos, de rapaces, con ilusión, con alegría; esa alegría e esa ilusión que vostedes con este discurso negativista que teñen lles queren quitar. (*Aplausos.*) ¡Pois non! Mire, non.

¿Como se explica, se todo vai tan mal, señor Fernández, que Galicia sexa a única comunidade que medra en produción de leite e de carne ano tras ano, coas mellores calidades?, ¿como se explica? Se isto vai tan mal, ¿como é que en Europa están vindo, cando nós iamos alí?, ¿como é que agora están vindo eles copiar dos galegos? Orgullosos nos temos que sentir do sector primario que temos, mal que lles pese. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Veñen vostedes ao Parlamento a asustar a xente nova que tenta construír o seu futuro no rural. ¡Que pena, señorías, que pena, que pena! Mire, a realidade é que as mozas e os mozos galegos non se deixan impresionar pola súa palabrería negativista e baleira. O que queren son feitos.

Vén dicindo aquí da convocatoria do ano 2024. 47 millóns de euros en axudas directas ao medio rural para incorporar mozos e mozas e plans de mellora; 53 millóns de euros nesta nova convocatoria. ¿Sabe que? Iso é o que lle fastidia, iso precisamente.

Mire, os que solicitaron as axudas —quero deixalo ben claro— no ano 2025 non teñen que volver presentalas, non perden dereitos e mantéñense os mesmos prazos e a mesma idade máxima. É unha nova convocatoria, ampliada, que permitirá chegar a máis xente un ano máis, unha convocatoria que destina 53 millóns de euros en axudas ao agro.

Pero a vostedes parécelles pouco todo, ¡como non!, xa sabemos que son especialistas en gastar o que non teñen e o que non é seu, e en falar e en non gobernar, que é moi doado dar á lingua e latricar, claro que si, (*Aplausos.*) pero cando hai que traballar a cousa é diferente.

Como lles recordo con frecuencia, os recursos proceden do esforzo de todos os galegos e galegas e deben empregarse con responsabilidade, e iso é o que procuramos facer. E, ademais, parece que se esquecen de que estas son as únicas medidas das que pode beneficiarse o sector agrogandeiro. É aí onde se ve a diferenza entre falar e facer. Mentres vostedes critican, nós investimos no futuro do sector primario.

E voules poñer algúns exemplos: achegas á reestruturación e reconversión do viñado, que modernizan técnicas e fomentan tamén a remuda xeracional, 4 millóns de euros; as de elaboración e comercialización, 6,7 millóns de euros, que impulsan a innovación, a dixitalización e a produción ecolóxica do sector vitivinícola; axudas á conservación paisaxística da Ribeira Sacra, onde sabemos que é especialmente difícil manter a actividade, 1,5 millóns de



euros directos ao sector; no sector agrícola e gandeiro temos outro compromiso, 9,5 millóns de euros en axudas para os seguros agrarios. ¿Sabem cantos animais se protexeron grazas ás achegas en 2025? Pois nada máis e nada menos que 40,8 millóns e tamén 31.800 hectáreas de cultivo. Desde 2017, máis de 60 millóns en axudas para protexer ante as inclemencias e as desgrazas, que tamén as hai, o sector primario e que axudan a dar estabilidade ao sector. E en transformación e aposta pola industria agroalimentaria, acabamos de sacar este ano unha convocatoria con 19 millóns de euros para que aqueles que apostaron por transformar e dar valor ao produto do sector primario en Galicia sigan modernizándose e adaptándose ás necesidades. 6 millóns de euros para maquinaria en común; 1,4 millóns de euros para apicultura; e un instrumento financeiro, que está a piques de resolver, con 6 millóns de euros en axudas, que permitirá mobilizar no sector máis de 60 millóns de euros para seguir mellorando as nosas explotacións agrogandeiras.

Todas estas accións benefician tamén os mozos e as mozas, e a todos os que xa están implantados no sector, porque pensamos en todos. Ante a táctica do BNG de meter medo —xa lle dixen que se disfrazara vostede do home do saco, que lle ía perfecto o disfrace—, a realidade desménteos. As axudas chegan, chegan a quen cumpriu os requisitos e chegarán tamén a través desta nova convocatoria. Vostedes, desde a súa atalaia de superioridade moral, subestiman os galegos e as galegas. Pensan que non se dan conta de quen aposta de verdade pola mocidade e polo agro. Pois miren, non deben de convencelos moito cos seus argumentos, porque nós seguimos gobernando, lexislatura tras lexislatura, e vostedes seguen na oposición. (*Aplausos.*) Son vostedes os do «non», os da política cincenta, os da rifa constante, os da pancarta e os predicadores de miserias. Pero, ¿saben unha cousa? A realidade é que Galicia funciona, pese ao seu empeño en que todo vaia mal.

Moitas grazas, máis nada. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Están con nós, e saudámoslos, os alumnos de 6º de primaria do centro A Solaina, de Narón, que hoxe visitan o Parlamento. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

Pasamos ao punto sétimo da orde do día: preguntas ao Goberno.

Comezamos coa seguinte pregunta.

Pregunta da deputada Iria Taibo Corsanego, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego en relación coa política do departamento responsable do corpo policial ICE en EEUU e coa posibilidade de que poida afectar a galegos ou galegas residentes nese país

O PRESIDENTE: Cando queira.

IRIA TAIBO CORSANEGO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.



O ICE é o Servizo de Control de Inmigración e Aduanas do Departamento de Seguridade Nacional dos Estados Unidos. É un corpo que ten entre as súas principais atribucións a de deter e deportar inmigrantes que non teñen documentación. Os seus axentes non precisan ter unha orde xudicial para arrestaren persoas, estalles permitido deter estranxeiros só pola sospeita de que se atopen ilegalmente nos Estados Unidos.

Desde o inicio do segundo mandato de Trump, o ICE pasou a ser o maior órgano policial e o que conta con maior financiamento da súa historia. A legalidade das súas actuacións está a ser amplamente cuestionada, igual que a súa falta de respecto polos dereitos civís, o uso de perfís raciais e tamén o cariz paramilitar da súa actuación, ou as deportacións que está a levar a cabo, ademais das condicións dos centros de detención.

Existen numerosos incidentes documentados de uso excesivo da forza por parte dos axentes do ICE, tanto en detencións arbitrarias como durante protestas cidadás. Desde xaneiro de 2025 o ICE detivo miles de persoas, incluídas crianzas. En 2025 máis de trinta persoas migrantes morreron baixo a custodia do ICE. Non podemos esquecer que unha das principais promesas electorais de Trump fora unha campaña masiva de deportación de inmigrantes.

Nos Estados Unidos viven máis de 25.000 galegos e galegas, o que fai que sexa aínda máis urxente que o Goberno galego se pronuncie en relación con este corpo que traballa de xeito extremadamente violento e arbitrario contra os estranxeiros que viven nese país.

O Goberno galego debe actuar para atender e protexer as persoas que poidan ser vítimas desta política contra os dereitos das persoas migrantes. Mentres todo isto acontece, acompañado dunha importante contestación social no país, o departamento de Emigración do Goberno galego dedícase á publicidade e á propaganda. A semana pasada neste Parlamento compareceu o secretario xeral de Emigración e non fixo nin unha soa referencia á situación dos galegos e galegas nos Estados Unidos, a pesar da insistencia nas preguntas do meu compañeiro Daniel Castro. Non sabemos se o Goberno se está a interesar por como está a afectar a situación do ICE aos galegos e galegas.

Esta política racista e clasista dos Estados Unidos resulta aínda máis preocupante pola imperialista política exterior do Goberno americano, que deixa as persoas residentes nese país nunha maior indefensión, especialmente se temos en conta as opinións do presidente do Partido Popular nos Estados Unidos; non sei se viron que xustifica a agresión dos Estados Unidos e Israel a Irán.

Quen entende que pode utilizar calquera medio para conseguir os seus obxectivos, sexan lexítimos ou ilexítimos, por medios legais ou ilegais, só representa un perigo para a humanidade, tal como vemos na política interior e exterior dos Estados Unidos, igual que vemos coa xenocida política do Estado sionista de Israel, o grande aliado do Goberno americano.

Preguntamos: ¿que é o que vai facer o Goberno galego...

O PRESIDENTE: Grazas.

IRIA TAIBO CORSANEGO: ...polos galegos e galegas de Estados Unidos?



Grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

A verdade é que un nunca deixa de sorprenderse por algunhas posicións do Bloque Nacionalista Galego, ¿non? Pregunta vostede: ¿que é o que vai facer? Pois o Goberno da Xunta de Galicia vai facer o que veu facendo nos últimos anos e o que se compromete a seguir facendo; é dicir, cada vez que temos coñecemento de que un galego está en apuros nalgunha parte do mundo, tentamos botarlle unha man, tentamos que se respecten os seus dereitos e tentamos axudalo. Iso levámolo facendo dende hai moitísimos anos, e cada vez que alguén se pon en contacto coa Xunta de Galicia, ben a través de familiares, el mesmo, ou ben temos coñecemento, interesámonos. Non lle caiba dúbida de que iso imos seguir facéndoo, estea en Estados Unidos, estea nalgún país árabe, como Irán e como xa ten sido o caso, ou estea en Venezuela, señoría, estea en Venezuela. (*Aplausos.*)

Eu rogaríalles a vostedes que, se teñen coñecemento dalgún galego que estea pasando apuros ou que estea en problemas ou teña problemas, nos pasen a información e botaremos unha man. Supoño que serán conscientes de que a representación en Estados Unidos de España correspóndelle ao Estado, pero nós o que facemos é intentar intermediar coa embaixada, poñelo en contacto coa embaixada e estar pendentes de que a embaixada, que é quen ten as competencias, atenda aos nosos compatriotas galegos e galegas e lles preste todos os servizos.

Pero tamén lle digo que vostedes teñen unha hipocrisía política que é increíble, porque, non habendo ningún caso de ningún galego que teña un problema no día de hoxe —salvo que me digan e me dean algún dato—, ocórreselles vir facer esta pregunta. Pero hai miles de galegos por todo o mundo, señoría, por todo o mundo, e, ¡home!, nas últimas décadas houbo moitísimos galegos que foron agredidos en moitos países, que lles expropiaron as súas propiedades, que lles quitaron as súas empresas, que os meteron no cárcere, por exemplo en Venezuela. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non fixemos nada nós? Non, nós facemos todo o que podemos. Son vostedes os que van aplaudir o réxime venezolano (*Aplausos.*) e os presidentes de Venezuela, son vostedes.

Polo tanto, ¿preocúpanlles os galegos de Estados Unidos? Non, non é verdade. A vostedes preocúpalles, coma sempre, algúns galegos dependendo de onde estean e dependendo do que ocorra, porque, por exemplo, cando houbo un galego, o señor Alfonso Díaz, que foi arrestado en Irán pola Garda Revolucionaria por gravar imaxes —e digo o nome porque saíu na prensa—, chamou e púxose en contacto coa Xunta de Galicia e intercedemos. Cando outros galegos, por exemplo, estiveron atrapados estas últimas semanas nos aeroportos...

O PRESIDENTE: Grazas.



O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ...en Emiratos...,

O PRESIDENTE: Ten outro turno despois.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ...tamén intercedemos por eles.

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

Réplica, señora Taibo.

IRIA TAIBO CORSANEGO: Grazas, presidente.

Grazas, señor Calvo, pola esclarecedora resposta; pola esclarecedora falta de resposta, a falta de concreción na resposta. Se lles parece, tamén nos poden pasar unha listaxe das preguntas que lle podemos facer e que non lle podemos facer ao Goberno (*Aplausos.*) e dicirnos vostedes cal é o traballo que temos que facer aquí. (*Aplausos.*)

Entendo que o Goberno galego non cre que teñan que facer nada concreto, nada específico para dar seguridade aos galegos e galegas que viven nos Estados Unidos. Sen embargo, teñen un departamento completo, a pesar de que non teñen competencias, dedicado a facer publicidade e propaganda. Sabemos que o señor Rueda vai ir a Suíza dentro duns días, (*Aplausos.*) o señor Rodríguez Miranda estivo en Andalucía a semana pasada. Se cadra, o problema é que o Goberno galego non ten vontade, por algún motivo concreto —non sabemos cal—, por facer algún tipo de pronunciamento en defensa destes dereitos dos galegos e galegas. Non sei se o podemos relacionar, se o podemos vincular, coa entrevista tan coñecida que tiveron hai uns meses —e da que xa falamos aquí nalgunha ocasión— cos representantes de Israel no Estado español; non sei se podemos vincular estes feitos.

É imposible desligar a violenta e racista actuación do ICE da política exterior dos Estados Unidos, asasina e imperialista, que apoia a actuación criminal e xenocida do goberno sionista de Israel en Gaza e que iniciou unha guerra ilegal en Irán.

Polo tanto, insisto na pregunta. Ten vostede agora tres minutos máis para responder. Preguntamos se teñen previsto levar a cabo algunha actuación concreta, porque entendemos que os galegos e galegas —nós si falamos con galegos e galegas que viven nos Estados Unidos, e vímolos na prensa hai uns días— din que viven con medo. Supoñemos que o Goberno galego algo terá que dicir, porque —insisto— teñen un departamento para isto.

Nós, pola nosa banda, denunciaremos a violencia clasista e racista do ICE e —como non— insistimos: «non» á guerra, «non» ao imperialismo.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Miren, vostedes seguen co de sempre. Levan trinta anos repartindo carnés: este é bo galego porque apoia o Bloque, e este non é bo galego porque vota ao PP. E agora seguen facendo exactamente o mesmo, señoría. Di vostede que se preocupan polos galegos no exterior. Non, non é verdade; é falso, jé unha mentira como unha casa! Nunca se preocuparon polos galegos que estaban en Venezuela ou en Cuba, na vida se preocuparon. (*Aplausos.*) ¡E alí si que hai miles de galegos afectados, miles! Nunca dixeron nada. É máis, cada vez que hai un problema neses países ou que adulteran as eleccións, (*Aplausos.*) como ten ocorrido hai pouco, vostedes aplauden e son incapaces de apoiar calquera declaración institucional en contra desa intervención do estado; neste caso, por exemplo, do de Venezuela. ¡Xamais! Saíron aquí algúns con camisetas..., Maduro —non sei que dicía—, apoiando. Eses son vostedes, e esa é a hipocrísia política que teñen.

Pero non é só nisto; é tamén no que pasaba esta mesma mañá cando lles contestaba o presidente. Claro que vostede pode facer a pregunta que queira, pero vostede na pregunta introduce as valoracións políticas que lle dá a gana, e o que quere é que o Goberno non opine. Eu introduzo as valoracións políticas que considere oportunas, señoría, co mesmo dereito que ten vostede. E o que digo é que é unha hipócrita, politicamente falando, porque fan igual co tema das mulleres —diciallo o presidente pola mañá—. ¡Si, si, somos os máis feministas do mundo!; agora ben, en Lugo, se a Deputación depende diso e o noso sillón depende diso, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) aí olvidámonos do feminismo. ¡Metémolo nun caixón, porque hai que seguir no Goberno da Deputación, aí olvidámonos! (*Aplausos.*) Así de feministas son vostedes.

¿Por que non defenden os galegos, os 2.800.000 galegos que temos aquí na nosa terra que se senten agredidos todos os días polos seus socios? ¿Por que non din todos os agravios que fan os seus socios aos galegos? Podemos poñer múltiples exemplos: recursos nos tribunais etcétera. Aí non din nada, como sempre. ¿Por que? Porque son hipócritas. Porque, se se levasen mal co Partido Socialista, ían á oposición en todos os concellos e en todas as deputacións, e vostedes iso non o poden soportar. E, polo tanto, co Partido Socialista non nos podemos queixar. ¿Quen é responsable da política exterior de España? O Partido Socialista. ¿Quen ten a competencia nas embaixadas en Estados Unidos e en calquera país do mundo? O Partido Socialista. Agora, ¿que facemos? Imos culpar a Xunta de Galicia, que non atende os galegos. ¡Hai que ter a cara de formigón armado para vir dicir iso aquí! (*Aplausos.*)

E dicir que a Secretaría de Emigración non ten feito nada polos galegos que viven no exterior é ter pouco coñecemento. Hai miles e miles de galegos que se benefician dos programas que temos posto en marcha —pero non de agora— dende hai moitas décadas, e hai miles e miles



de galegos que puideron vir ver a súa familia —vostede considerará que iso é unha tonte-ría— grazas, entre outras cousas, á axuda da Xunta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta das deputadas Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego verbo da planificación para regular os procesos de repotenciación obrigatoria dos parques eólicos que recolle a Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Galicia necesita renovables, pero non improvisación. Señora conselleira, o debate non é: eólica «si», eólica «non». Nós, o Partido Socialista, estamos lonxe dese debate, queremos rigorosidade, queremos medida, queremos equilibrio e temos tamén ambición renovable. Pero Galicia necesita avanzar na transición enerxética e desenvolver as renovables con plani-fi-ca-ción; non con improvisación, que é o que caracteriza o Goberno galego do PP. O problema non é a eólica; é a falta de estratexia, a falta dunha política de transición ecolóxica recoñecible neste país.

E, por favor, pídlle que non me fale do Goberno de España, de Pedro Sánchez, porque entendo que o seu nivel é outro e entendo tamén que está —xa llo dixen moitas veces— no Parlamento galego, onde ten que dar conta, como corresponsable política directa, da transición ecolóxica en Galicia.

A proba da evidencia dese fracaso, desa falta de planificación, desa falta de estratexia, é que temos 97 parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por motivos medioambientais. Esa é a evidencia. ¿Por que? Porque temos un plan sectorial eólico de 1997 non adaptado ás directivas medioambientais, e o novo plan, como moito, verémolo —entendo eu, sendo, ao mellor, bondadoso— no 2028, señora conselleira. Tamén sabe, como eu, que non hai unha soa sentenza do Tribunal Supremo favorable para o Goberno galego sobre o tema da protección ambiental; o contrario sería mentir. O que hai é inseguridade xurídica e caos.

En medio deste caldo de cultivo, ¿que fixeron? Como sabe que moitos dos 97 parques non se van autorizar —porque o sabe, como eu—, ¿que fixeron? Introducir pola porta de atrás, a través da Lei de medidas do 2025, as repotenciacións impostas obrigatorias para os parques eólicos de máis de 25 anos de antigüidade, sen un marco regulamentario claro, o cal incrementa —se cabe, aínda máis— a inseguridade xurídica, porque hai un risco certo dunha sentenza desfavorable —como sabe— polo TC.

A pregunta é evidente: ¿onde está a planificación nas repotenciacións impostas? ¿Hai unha folla de ruta?, ¿hai unha regulación clara?, ¿hai criterios transparentes que dean seguridade xurídica? Non, señora conselleira. De novo, hai improvisación e falta de planificación.



E logo están os bulos, os bulos que fixo vostede nas súas verbas tamén, porque todas as repotenciacións que están publicadas no *DOG* en tramitación non son repotenciacións impostas; son repotenciacións voluntarias non grazas ao pulo do Goberno galego, señora conselleira, senón grazas ás axudas que recibiron do Goberno de España, dese tan malo Pedro Sánchez, a través do IDAE: máis de 54 millóns de euros para Galicia.

E despois está o segundo bulo: que o Estado copia a Xunta de Galicia. Ese é o que máis me gusta, señora conselleira, porque sabe, como eu, que hai un Real decreto 997/2025...

O PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: ... onde non se impón se non se planifica. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Ten outro tuno despois.

Grazas.

Resposta da conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señora Iglesias, ¿falamos de Sánchez ou non falamos de Sánchez? Das axudas de Sánchez, si.

Voulle falar do Partido Socialista de Galicia. ¿O Partido Socialista de Galicia está a favor de protexer os intereses das eléctricas e de subvencionar as eléctricas, que creo que é o que acabo de entender —é por ter as cousas claras no debate—, ou está a favor da cidadanía, de abaratar os custos da enerxía á cidadanía e á industria? ¿A que están xogando vostedes, o Partido Socialista de Galicia? ¿A seguir a Sánchez e, polo tanto, a protexer as eléctricas ou a protexer os cidadáns en Galicia? (*Aplausos.*) ¡Que difícil é a súa postura, eh!, que é difícil é a súa postura: defender os beneficios pero non a regulación da repotenciación.

Mire, ¿por que defende o Goberno da Xunta de Galicia a medida da repotenciación obrigatoria? Logo, se quere, falamos dos números dun parque eólico. Os parques eólicos son rendibles aínda pagando a repotenciación. Por iso nós non defendemos que a repotenciación teña que ser con axudas e impostos de todos os cidadáns. A repotenciación permite incrementar un 35 por cento a produción renovable e permite reducir un 80 por cento o número de muíños. Entón, ¿cal é realmente o problema de repotenciación obrigatoria? O único problema que ten a repotenciación é que o impulsou un goberno do Partido Popular, que é a Xunta de Galicia, e non se lles ocorreu a vostedes. Se non, estaría vostede nese escano defendendo a repotenciación obrigatoria; (*Aplausos.*) ¡non teño ningunha dúbida!

Eu non podo vir aquí falar de Pedro Sánchez. ¿Non foi o Goberno da nación o que interpuxo ese recurso de inconstitucionalidade ante o Tribunal? Entón, ¿como non vou falar de Pedro Sánchez? E, que eu saiba, agora mesmo, o que está é levantada a suspensión respecto desta norma, por entender o Tribunal Constitucional que o impacto ambiental é menor se se aplica



a norma galega. Polo tanto, ¿cal é exactamente o caos en canto á planificación? Temos unha norma que regula a repotenciación, esa é a planificación do Goberno galego. Outra cousa é que a vostede non lle guste, pero aquí non hai inseguridade xurídica ningunha. Os parques de máis de 25 anos teñen que repotenciar —iso si— cunhas garantías procedimentais, cuns prazos, cunha proporcionalidade e sen tocar en ningún momento ningún elemento xurídico da autorización. Soamente se está ás melloras técnicas dispoñibles sobre as máquinas; non —repito— sobre os elementos xurídicos da autorización.

E vostede dime que hai inseguridade xurídica. Temos unha lei de beneficios da que vostedes votaron en contra, e temos un plan sectorial eólico en tramitación. ¿Canto vai levar ese plan sectorial eólico? O que ten que levar calquera planificación sectorial. Hai que traballar, evidentemente, con todos os sectores e conseguir todos os informes na avaliación ambiental estratéxica que hai que facer do plan, nin máis nin menos. Pero, evidentemente, mentres non temos esa planificación, que ten que tardar o seu tempo, seguimos traballando para conseguir máis enerxía en Galicia que repercuta en Galicia e con menor impacto no territorio.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Señora conselleira, está en contra entón de que a Galicia se lle apoie desde o Goberno de España con 54 millóns de euros dos fondos IDAE para repotenciar. Iso é o que acaba de dicir vostede, é o que acaba de dicir vostede. ¿Non quere investimentos para Galicia do Goberno de España? Ese é o seu relato, ese é o seu bulo, señora conselleira.

Os modelos son ben diferentes. O Estado aprobou nun real decreto unha folla de ruta para repotenciar os parques eólicos e fomentar tamén as sinerxías das fábricas de reciclaxe das máquinas que se van substituír. Diálogo co sector e planificación, fronte ao modelo de imposición e improvisación, señora conselleira. Caen de novo no mesmo erro e hai inseguridade xurídica, porque está sumido todo o desenvolvemento eólico en Galicia nunha inseguridade xurídica sen precedentes. E sabe, como eu, que os parques eólicos suspendidos —cerca de cen— non se van autorizar. Por iso sacaron da variña máxica as repotenciacións impostas, señora conselleira, e o sector, como vostede, sábeo ben.

E voulle dicir algo que nos preocupa tamén ao Partido socialista: os concellos. Sabe, como eu, que, froito das repotenciacións, vai caer o canon eólico e os concellos van perder un 60 por cento de ingresos, señora conselleira. E, ¿que fai? Mirar para outro lado. ¿É culpa de Pedro Sánchez tamén, señora conselleira? Dígolle máis: 3.000 aeroxeradores antigos van perder, unha perda estimada para os concellos de 8,4 millóns de euros ao ano. ¿Que fai o Goberno galego? Asfixiar os concellos galegos —os rurais sobre todo—, que van sufrir esas repotenciacións.

Crean Recursos de Galicia; privatizan os nosos recursos naturais, a auga e o vento, e compran o parque eólico de Mondigo por 75 millóns de euros, moi por enriba do valor de mercado.



¿Van favorecer os veciños de Barreiro, de Trabada e tamén de Ribadeo? Non, señora conselleira. Cunha zona de afección de 1,6 quilómetros arredor do parque —500 veciños—, favorecen a quen lles comprou o parque eólico; non os veciños e as veciñas.

O PRESIDENTE: Grazas.

PATRICIA IGLESIAS REY: ¿Esa é a súa aposta, señora conselleira? Menudo fracaso. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Economía e Industria.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): Mire, señora Iglesias, o que eu acabo de dicir é que estou en contra de que os impostos de todos os cidadáns vaian ás eléctricas; eu quero que vaian aos cidadáns. *(Aplausos.)* Entón, eu creo que queda bastante claro que vostedes están a favor das eléctricas. ¡Que difícil debe ser estar agora aí sentados tendo que ser os amigos das eléctricas! Tantas veces que teñen dito ao Partido Popular que somos os amigos das eléctricas, e miren quen son os amigos das eléctricas. *(Aplausos.)* ¡Que fácil é levantar o velo e que se vexa o que hai detrás!

Mire, volve poñer un exemplo, a ver se o entende. Un parque eólico de 4,9 megavatios. ¿Sabe canto é aproximadamente o custo da repotenciación dese parque? Uns 60 millóns de euros. ¿Sabe canto é aproximadamente a facturación que vai ter ese parque, que ten moi pouco gasto operativo ordinario na súa vida útil? Uns 200 millóns de euros. Pero Pedro Sánchez e o Partido Socialista de Galicia entende que non son suficientes eses 140 millóns de euros que vai gañar a eléctrica, senón que temos que subvencionar e utilizar fondos Next Generation para as eléctricas. ¿Sabe por que se empregaron eses fondos Next Generation? Porque o Goberno da nación xa sabía que se ían repotenciar. E, tendo en conta a baixísima execución que ten de fondos Next Generation, ¿que mellor maneira que repartiilo ás eléctricas e telas contentas? Porque o que teñen vostedes no Goberno de Madrid é un medo atroz a todas as promotoras eléctricas. ¡É clarísimo!, non se atreven a enfrontarse a elas. *(Aplausos.)*

¿Por que presentou Pedro Sánchez o recurso de inconstitucionalidade? ¿Non sería porque llo pediu algunha das grandes promotoras eléctricas? Interésese vostede por saber quen está detrás dese recurso de inconstitucionalidade. ¿Ou é que resulta que Pedro Sánchez entende que a repotenciación non debe facerse? Esta é a realidade. Eu creo que debería terse informado disto antes de vir aquí preguntar ao Goberno da Xunta que fixemos. *(Aplausos.)* Incrible.

O que non sabía eu é que vostede controlaba tanto sobre o valor dos parques. Acaba de dicir que o parque eólico de Mondigo está por riba do valor de mercado. Despois de practicamente un ano examinándose por todas partes a valoración do parque, vostede aí sentada no escano xa sabe o valor do parque. En calquera caso, debe estar vostede moi tranquila, porque, como non é unha sociedade pública ao 100 por cento, ao final son as empresas, os empresarios galegos, que teñen máis do 50 por cento do capital de Recursos de Galicia, os que decidiron tirar o diñeiro e pagar por riba do mercado para comprar un parque, ¡porque, de toda a vida,



os empresarios non saben onde investir! Entón lanzáronse á piscina e decidiron pagar 70 millóns de euros porque non valía. *(Aplausos.)*

E, sobre o canon eólico, dígolle o que lle dixemos a Ana Pontón o outro día. Repase a Lei de medidas, porque non entenderon ben, non entenderon ben. O canon eólico vaise modificar inmediatamente, cando estea en marcha a repotenciación por altura...;

O PRESIDENTE: Grazas.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): ...non por número de aeroxeradores.

O PRESIDENTE: Grazas.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): Lea, porque non a leu ou non a entendeu, señora Iglesias. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas, señora Lorenzana.

Pregunta das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á mellora das instalacións do Centro de Saúde de Carral

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día, conselleiro.

Hoxe traemos unha pregunta que afecta un concello da área da Coruña que coñecerán, que é Carral. Este concello leva crescendo en habitantes dende o ano 2001. Nestes momentos ten 6.777 habitantes, e está crescendo, como digo, nos últimos anos.

Antes de que se me vaia o tempo, esta é a pregunta: ¿que vai pasar co Centro de Saúde? Xa o preguntamos nunha comisión, e pasáronse flores; non soubemos moito máis. Pero o caso é que os veciños demandan este centro de saúde. Non só os veciños, senón que o alcalde, que é do Partido Popular, tamén se sumou á demanda dos veciños e falou de que a Xunta estaba sobre o tema. Pero non se sabe nada.

Basicamente é un centro pequeno, con bastantes deficiencias, con envellecemento, bastante deteriorado e, que, sobre todo, non dá o servizo que debe a unha poboación crecente. É unha poboación que ten menores, xente traballadora e xente maior; é dicir, ten un amplo espectro, e isto ten que ver cos médicos de familia, ten que ver coas matronas e ten que ver tamén coa cuestión xeriátrica, porque sabemos que a poboación envellecida ten moita demanda dos médicos.

Hai unha posibilidade, que é arranxar o centro. Os veciños tampouco están botados ao monte dicindo que o fagan agora, pois sabemos que non se pode facer. Arranxen o centro, dean unha



solución parcial e comprométanse para un futuro, porque Carral, afortunadamente, vai seguir a crecer. Hai unhas promocións urbanísticas que van dar lugar a maior poboación, e van ter este mesmo problema. A cuestión é que estamos avisando a tempo. Xa levan tempo demandándoo. E volvo insistir: o propio alcalde, do Partido Popular, súmase a esa petición dos veciños.

Hai serias deficiencias; incluso non se poden aumentar os turnos porque non hai espazo. Habería que aumentar os turnos para pola tarde, pero está ateigado, xa non hai nin un *slot* —que dirían os da aviación—, xa non hai un lugar onde metelos.

Entón, voltamos preguntar, porque naquela comisión ninguén se atreveu a dicir algo máis alá de que xa se vería, de que xa se arranxaría. Incluso alguén dixo que o edificio era municipal. Ben, afortunadamente, xa non é seu, pero arránxeno. Ou sexa, non estamos aquí a falar de quen é o dono do edificio, senón do que se presta dentro do edificio. Así que, se nos di algo que sexa positivo, sería marabilloso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señora deputada, agradezo a súa pregunta e esa preocupación polo que é o Centro de Saúde de Carral.

Xa tiven oportunidade de falar co alcalde do Concello a respecto del. Nesa reunión, concretamos que tería que facerse unha visita dos técnicos da Consellería e, a partir desa visita, tomar as decisións pertinentes. Esa visita xa tivo lugar, tivo lugar esta mañá mesmo a visita dos técnicos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, ri.*) ¡Si, é casualidade! E, agora, a partir desa análise técnica, poderase determinar o que son as intervencións necesarias. Sexan cales sexan esas actuacións, deben levarse sempre nun convenio de colaboración entre o Concello e a Xunta de Galicia.

Mentres tanto, as instalacións do Centro de Saúde atópanse ao día, tanto en mantemento correctivo como predictivo, e —o máis importante— garántese o que é unha atención sanitaria de calidade dos veciños. Por dar un dato, ao peche de mes, máis do 75 por cento da poboación deste centro de saúde aténdese en menos de catro días.

O Centro conta realmente, pese ás súas limitacións, con recursos suficientes para atender a demanda asistencial e o incremento poboacional, que é certo, ao longo dos anos. Concretamente dispón de catro médicos de familia, cunha media de 1.295 TIS; catro profesionais de enfermaría, un pediatra, unha matrona, un traballador social, persoal administrativo e tamén médicos internos residentes en formación. A atención sanitaria no concello está garantida as 24 horas do día, a partir dos dispositivos tanto do centro de saúde como do punto



de atención continuada. Non se preocupe, desde a Consellería de Sanidade adaptaremos, como sempre fixemos, os recursos e os servizos para cubrir as necesidades desta poboación.

En canto á infraestrutura do centro, podó asegurarlle que nós sempre mantivemos o compromiso de colaboración e financiamento para o mantemento do centro. Actualmente a Xunta — como vostede sabe — realiza achegas aos concellos para o mantemento dos centros de saúde de titularidade municipal, como é este caso, igual que, do mesmo xeito, a Consellería de Sanidade realiza intervencións puntuais en colaboración cos concellos para o mantemento destas infraestruturas sanitarias.

Agora que os técnicos da Consellería xa fixeron a visita ao centro, xunto coa información funcional e asistencial que temos e as necesidades xa trasladadas polo alcalde de Carral, poderemos tomar unha decisión en consecuencia, incluíndo a planificación da construción dun novo centro de saúde se a situación así o require.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Veciños de Carral que me están escoitando por *streaming*: xa saben, van arranxar o centro hoxe. Despois da nosa pregunta, tivemos a sorte de que os técnicos da Consellería foran por alí e o conselleiro di que o van arranxar. Non só iso, senón que teñen o compromiso de que no futuro teñamos un centro mellor. (*Aplausos.*)

Como eu non traio case nada escrito e non necesito ler, pois entón agradézolle a súa intención. E, home, agradezo tamén que a nosa pregunta botase para diante o tema, porque hai dous meses nunha comisión me mandaron mirar para arriba. Entón, polo menos, a autoridade aquí na materia deu unha solución e os técnicos foron alá, co cal me alegro de que a xerarquías sigan vixentes nunha sociedade na que temos incluso un presidente da Xunta que di palabrotas nun Pleno como este. Alégrome de que, polo menos, a súa autoridade estea vixente polo ben e polo mal.

Dito isto, esperemos que isto sexa máis pronto que tarde, porque no mes de decembro non se puido dar nin unha soa cita —entendo que tamén había vacacións, pero non se puido dar nin unha soa cita—, estaba absolutamente colapsado, e o servizo de matrona colgou o carteliño de «xa avisaremos cando esteamos dispoñibles». Quero dicir que estas cousas pasan en Carral, porque hai moitísima poboación.

Alégrome de que a nosa pregunta lle dese para diante a este tema, e quedamos á espera de que no futuro máis inmediato —imos dar de prazo ata o mes de setembro para que no verán haxa bo tempo e se poidan arranxar— poidan ir alí pasar consulta sen pingueiras, porque sería marabilloso tamén.



Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señora Longueira, os datos dos tempos de espera acáboos de dicir. Ou sexa, non se inventaron, son da semana pasada. Non sei por que ten que facer unha referencia ao Nadal e tal. Son os que son. Eu todos os datos que dou neste Parlamento son certos, eu non veño aquí mentir. Son certos, e, polo tanto, ben... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dígoo porque, ás veces, citan cousas que non son verdade.

Ben, en calquera caso, a Consellería e a Xunta de Galicia levan anos investindo para o que é a mellora, a renovación e o acondicionamento de todos os centros de saúde de Galicia.

Mire, por dar datos —sei que non lle gusta, pero eu teño que facelo—: desde 2009, son 138 centros de saúde construídos ou reformados, cun investimento de 162 millóns de euros. Exactamente 52 novos centros de saúde construídos, 27 centros reformados e 59 centros de titularidade municipal nos que realizamos obras cofinanciadas pola Xunta, como é o exemplo do Centro de Saúde de Carral. Precisamente por iso, a Xunta incluíu no fondo adicional do Fondo de Compensación Local unha previsión específica para compensar os concellos polos custos de mantemento destes centros.

Máis datos. No caso concreto do Concello de Carral, a contía no ano 2025 foi de máis de 22.500 euros. Tamén realizamos diferentes actuacións de mantemento no propio centro a través da Área Sanitaria da Coruña. Desde o ano 2021, o investimento é de 23.000 euros. ¿En que? Reforma e trazado da área administrativa para mellorar o espazo e confortabilidade, instalación centralizada de oxíxeno no ano 2025, adaptación de espazos para consultas, instalación de vertedoiros e substitución dos estores do centro. É máis, nas próximas datas, a Área Sanitaria levará a cabo e custeará o pintado exterior do edificio.

A realidade é que estamos en contacto cos actores locais e coñeceremos de primeira man as necesidades do centro, sempre con datos e sempre con rigor. Nós actuamos con criterio. Por iso, cando teñamos toda a valía da información desa visita realizada hoxe polos técnicos da Consellería ao Centro de Saúde de Carral, avaliaremos a situación e tomaremos as decisións oportunas.

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a postura da Xunta de Galicia ante as demandas do persoal non facultativo do Servizo de Urgencias do Hospital Universitario Lucus Augusti respecto da súa dotación de recursos humanos e materiais

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.



Moi bos días, conselleiro.

Hoxe acompañannos aquí celadores e celadoras do HULA. ¿Saben quen son, conselleiro? E non quero que me diga que Naza, Beatriz, José Luis, Elisabeth, Montse, Jose, Carmen e Mercedes, porque eles representan unha profesión. Son a cara que ven as persoas que chegan a Urgencias, que, en moitos casos, veñen sen acompañante, sen un familiar. E esa primeira cara que ven son eses homes e, sobre todo, mulleres que os reciben cun sorriso, cunha cara amable e coa man tendida, a pesar de en moitos casos, conselleiro, estar esgotados. Están esgotados porque están facendo un esforzo sobrehumano, porque son poucos, porque falta persoal. E, ademais, segundo avanza a xornada, o cansazo pois evidentemente pasa factura por ter que duplicarse por esa falla de persoal, e isto tamén vai en detrimento da propia saúde destes profesionais, señor conselleiro.

E dóelles ter que ir buscalos nestas sillas, *(A deputada Lara Méndez López amosa unha fotografía.)* que están... —xa pode velas, porque, ademais, estamos cerca e as ve ben— deterioradas, que están aguantando goteadores amarrados con cintas; ou nestas camillas, que tamén se poden ver. *(A deputada Lara Méndez López amosa unha fotografía.)* Déixollas aí, señor conselleiro, por se non as ten, para que as leve, e que así tamén lle axuden a recapacitar e atender esas necesidades.

Conselleiro, *(A deputada Lara Méndez López amosa unha fotografía.)* ¿sabe o que lles dixeron cando saíron estas cadeiras e estas camillas á rúa nesas concentracións diarias que están a facer? O que lles dixeron desde a Xerencia non foi que tiñan razón, non foi que dotarían de máis material nin que era necesario cambialas. O que fixeron, señor conselleiro, foi prohibirlles sacar este material ás rúas. ¿Para que? Para que non se vise, para ocultar, para tapar, que é a política que se realiza moitas veces por parte do Partido Popular: ocultar. Logo si, por vergoña, déronlles vinte e dúas sillas. ¿Novas? Non, recicladas; botáronlles unha man de pintura e déronlles esas sillas recicladas, que seguen estando deterioradas. Con ese material non poden facer ben o seu traballo e, ademais, implica que teñen que facer sobreesforzo para poder trasladar os pacientes.

¿Sabe tamén o que lles doe, conselleiro? Que, unha vez entran en Urgencias, están hacinados nos pasillos. ¿Di que non? *(A deputada Lara Méndez López sinala a tribuna.)* Dígalles a eles e a elas que non están hacinados nos pasillos, cando están a ver diariamente ese hacinamento; están alí esperando a ser levados á planta ou a ser atendidos. Recentemente falecía un paciente nesas pasillos mentres esperaba, señor conselleiro. Iso xera frustración, rabia e impotencia entre os celadores e as celadoras por non poder facer ben o seu traballo. Por iso, conselleiro...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...¿vai escoitalos? Pode escoitalos, están arriba. ¿Vai escoitalos...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten un segundo turno despois.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...señor conselleiro? *(Aplausos.)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para responder, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta e señora deputada.

En primeiro lugar, mando saúdos ás compañeiras e compañeiros do HULA, e nego a maior —absolutamente, ademais—. O Servizo de Urxencias do Hospital Lucus Augusti non está na situación que vostede relatou. Facer semellantes aseveracións non lle fai ningún favor á sanidade pública, e moito menos ao traballo e á dedicación dos profesionais que alí desenvolven a súa actividade profesional.

No Servizo de Urxencias do Hospital Público Lucus Augusti traballan máis de 240 profesionais para atender unha media diaria que oscila entre as 250 e as 270 urxencias. No que se refire a persoal sanitario non facultativo e celadores, a dotación é de 49 celadores, 63 enfermeiras e 48 técnicos en coidados auxiliares de enfermería. O cadro de persoal do Servizo de Urxencias está adaptado á carga asistencial e é o axeitado se temos tamén en conta as *ratios* comparativas con outros centros hospitalarios. Isto fai que o Servizo de Urxencias do HULA manteña, en todo momento, plena capacidade operativa, garantindo unha resposta asistencial áxil e eficaz. Ese servizo mantén unha atención normal tanto nas xornadas ordinarias como nas de máis tensión porque, como vostede saberá —ou non—, a demanda asistencial flutúa dependendo da tempada na que esteamos.

En relación coas demandas formuladas por algún persoal de Urxencias, teño que dicirle que estas foron atendidas desde a dirección do centro. Desde que se tivo coñecemento destas reclamacións, a dirección do hospital tivo reunións cos asinantes do escrito, nas que se analizou a situación do Servizo de Urxencias. Nestas reunións abordouse o persoal existente, as quendas de distribución do horario do persoal, a presenza nas diferentes zonas de Urxencias, os circuítos asistenciais existentes, a relación con outras unidades do hospital, a carga asistencial existente e as súas quendas, o estado do material e as necesidades de renovación ou incremento do mesmo. Deses encontros saíron diferentes medidas organizativas dirixidas a mellorar os procesos asistenciais.

Nos últimos anos, a dotación de persoal do Servizo de Urxencias viuse incrementada, á par que se incrementou a superficie das instalacións para dar unha maior e mellor atención aos lugares. Por iso, non é casualidade que o Servizo de Urxencias do HULA teña indicadores asistenciais entre os mellores e mellor valorados do Servizo Galego de Saúde e que sexa, ademais, o servizo de Urxencias de toda a Comunidade Autónoma con menor tempo de resposta de toda Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Para a réplica, a señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Conselleiro, mire tamén, (*A deputada Lara Méndez López amosa un cartel.*) estes carteis son os que trasladan os celadores e as celadoras. ¿Non lle interesa velo?



(O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño: Home, si.)

Son das concentracións que están a facer diariamente —¡diariamente!—. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Se vostede nega a maior, estalles chamando mentireiros e mentireiras aos que saen todos os días uns quince minutos —porque lles pode a responsabilidade do traballo— para manifestar a súa desconformidade coa situación que están a vivir.

E vostede mesmo, señor conselleiro, acábase de contradicir, porque acaba de dicir unha cousa e a contraria —si—. Primeiramente, dixo que negaba a maior, pero despois dixo que estaban tendo distintas reunións con distintos colectivos, nesa política de «divide e vencerás» e promesas, intentando que non saian ás rúas e que non se visualice o problema, porque —como dixen antes— ocultar e tapar é a súa política, (*Aplausos.*) e non resolver nin poñer solucións enriba da mesa. ¡Ocultar e tapar é a súa política e a súa práctica! Á parte, acaba de recoñecer nesa intervención que acaba de facer, señor conselleiro, que están poñendo distintas medidas enriba da mesa para mellorar o Servizo. Se non houberse deficiencias e carencias, non terían que estar poñendo esas medidas enriba da mesa.

Señor conselleiro, mire, se ten cinco minutos, suba arriba, (*A deputada Lara Méndez López sinala a tribuna.*) saúdeos e fálelles. Escóiteos, porque en moitas ocasións onde tiñan que estar catro celadores hai un —¡un, conselleiro!—, e con estes materiais. (*A deputada Lara Méndez López amosa unha fotografía.*) Si, señor conselleiro. ¡Escóiteos!, non me escoite a min; escóiteos a eles. É máis, invítoos a ir a Lugo un día a esa concentración para que vexa como saen diariamente pedir. ¿E que están pedindo?, ¿que piden? Piden recursos, conselleiro, materiais. (*A deputada Lara Méndez López amosa a mesma fotografía.*) ¿E que piden? Persoal para poder atender...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...os pacientes que chegan...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...ás Urgencias. ¿Vai atender esas exixencias? (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Imos ver, señora Méndez —insisto—, o persoal de Urgencias que se queixou foi recibido de xeito inmediato pola Xerencia da Área Sanitaria, que tivo en consideración parte das súas achegas. Non se pode falar de «situación insostible» e traer unha queixa continua co obxectivo de quitar rédito político —ou unha foto, como fai vostede—. Insisto, as Urgencias do HULA foron reformadas, incrementando de maneira considerable a súa superficie. Con esa reforma incrementáronse o número de consultas ambulatorias, as zonas de espera de resultados e tamén as zonas de atención. Falamos, pois, dun dispositivo hospitalario de máis de



mil metros cadrados con áreas diferenciadas para urxencias de adultos, urxencias pediátricas, para circuitos específicos respiratorios e patoloxías non respiratorias. Este servizo está dotado de tecnoloxía de vangarda e cos recursos humanos e materiais necesarios para prestar unha atención rápida —os máis rápidos de Galicia—, segura e de calidade. E todo isto co obxectivo de dotar as Urxencias dun maior espazo, con máis comodidade e seguridade.

Como nos trae aquí, principalmente, a dotación de celadores, imos falar da dotación de celadores. Este persoal incrementouse dos 37 aos 48; é dicir, case un 30 por cento máis. Este incremento, por certo, deuse en todas as quendas e intensificouse nos últimos anos. ¿Sabe cal é o número de pacientes atendidos —o incremento do mesmo— nestes anos en Urxencias? Un 14 por cento. ¿Sabe cal é o incremento do persoal de celadores? Un 30 por cento. Outra cousa ben distinta son os momentos puntuais en que poden xurdir..., como son as tempadas de gripe, nos que se leva a cabo un reforzo de persoal.

Polo tanto, señora Méndez, ao contrario do que vostede di, hai diálogo desde o primeiro momento por parte da Xerencia e tamén reforzamento do Servizo de Urxencias cando a situación puntual así o require. O compromiso da Xerencia de Lugo é poñer en marcha todas as melloras detectadas nas diferentes reunións celebradas cos traballadores e seguir avaliando os resultados destas medidas, do mesmo xeito que, como facemos en toda a Consellería de Sanidade, avaliar todas as peticións e oportunidades de mellora detectadas polos propios traballadores.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta ao Goberno, de Iago Suárez Fernández.

Pregunta do deputado Iago Suárez Fernández e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os traballos realizados pola Xunta de Galicia para a contención do monte e a restauración hidrolóxico-forestal nas zonas calcinadas do concello de Pantón

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Suárez.

IAGO SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moi ben, moitas grazas, presidenta.

Moi bo día a todos e a todas.

Bo día, conselleira.

Acompañannos para asistir ao debate desta pregunta varios veciños e veciñas da Ribeira Sacra, a quen se lles partiu o corazón hai uns meses. Partíuselles o corazón porque viron arder unha das súas maiores riquezas, unha das maiores riquezas coa que contamos as galegas e os galegos: o noso monte e o noso patrimonio forestal. En setembro —como vostede sabe—, a Ribeira Sacra ardeu moito —moitísimo—. Foron os incendios máis grandes da



historia deste país desde que existen rexistros —entre eles, no concello polo que lle pregunto actualmente, Pantón—: miles de hectáreas calcinadas, vivendas habitadas en perigo... Ardeu, en definitiva, riqueza: o noso monte. Entre eles, o monte de Lornís, na parroquia de Frontón, un monte que está moi próximo ao núcleo de poboación de Santo Estevo do Sil, que, por certo, é un territorio declarado como ben de interese cultural —BIC— e que, ademais, se encontra na zona e no territorio que sería declarado como patrimonio da humanidade no caso de que a candidatura fose adiante. Ese territorio ardeu.

O que se espera dun goberno cando un territorio arde é que a Xunta —neste caso— estea presente no momento en que o territorio arde, pero tamén posteriormente, cando ten que facer os traballos de restauración e de contención do monte —algo que demostraremos agora que vostedes non fixeron—. Vostede dirame que a Xunta, no seu momento, fixo xa todo o posible e que está a facer todo o posible. Eu, sinceramente, señora conselleira, se me vai vir con esas, pídolle que o aforre e que non me veña con esas, porque se demostra con feitos.

Cando un territorio arde —como lle digo—, a Xunta ten que estar. Vostedes votaron a favor dunha iniciativa do BNG hai un tempo neste Parlamento que dicía o seguinte —e cito textualmente—: «Aprobar medidas inmediatas para realizar os traballos imprescindibles que eviten a erosión, a contaminación dos ecosistemas fluviais e a restauración hidrolóxico-forestal dos montes afectados por lumes». A pregunta é clara: ¿vostedes fixeron este traballo, señora conselleira? Xa lles digo eu que non. ¿Fixeron o que votaron? ¡Non!, e a proba está aquí, señora conselleira. Aquí está o monte de Lornís, (*O deputado Iago Suárez Fernández amosa unha fotografía.*) e así se encontra nestes momentos, completamente derruído, porque vostedes non fixeron os traballos de contención do monte, como se ten que facer despois de que un territorio arde. Pois aquí está o patrimonio da humanidade da Ribeira Sacra, derruído. Este é territorio BIC, ¿eh? Isto vai ser declarado patrimonio da humanidade... ¿Que están facendo vostedes? ¡A carretera segue cortada! Vostedes non fixeron en ningún momento os traballos de contención.

Señora conselleira, xa llo teño dito en varias ocasións: vostedes usan a Ribeira Sacra como puro *attrezzo* e como un parque temático, e utilizan a poboación que vivimos na Ribeira Sacra como simples actores de reparto que estamos por aí para que veñan os turistas. Non, señora; na Ribeira Sacra vive xente, traballa xente e merecemos que fagan o seu traballo como Goberno galego, o cal non fixeron clarísimamente durante este tempo.

Así que as preguntas son dúas e son claras, señora conselleira: ¿por que non cumpriron vostedes o acordo parlamentario para facer os traballos de contención e restauración hidrolóxico-forestal do monte de Lornís? E, señora conselleira...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas. Rematou o seu tempo.

IAGO SUÁREZ FERNÁNDEZ: ...¿canto vale a súa palabra? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez.



A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Moitas grazas, presidenta.

Vou empezar sinalando que, en Galicia, os desprendementos nas estradas —como o que acaba de mostrar o señor Suárez— son relativamente frecuentes en períodos de choivas intensas. As fortes precipitacións provocan derrubamentos en zonas de forte pendente e relevo montañoso e ocorren en moitos lugares en Galicia e fóra de Galicia, haxa ou non haxa incendios. Convén lembralo, por se se cae na tentación de meter todo no mesmo saco.

Señorías do BNG, se algo caracterizou este Goberno durante a vaga de lumes de 2025 e despois dela foi a rapidez e a planificación coa que se actuou dende o primeiro momento, e no día de hoxe seguimos actuando. Dende a Consellería do Medio Rural, puxéronse en marcha actuacións de restauración centradas na estabilización do solo, na redución da erosión e na recuperación das infraestruturas forestais danadas. Falamos de actuacións técnicas avaladas e avaliadas previamente por técnicos do CSIC. Fíxose unha análise do risco hidrolóxico e erosivo e, a partir de aí, priorizáronse, sempre con criterio técnico, as áreas nas que era máis necesario intervir. Aplicáronse técnicas —como teño dito aquí— de protección do solo, como *mulching* ou o *helimulching* nas zonas máis sensibles. Instaláronse barreiras de biomasa para frear a escorrentía e evitar perdas de solo, e realizouse tamén un seguimento das áreas queimadas para garantir a súa recuperación.

Pero o mellor é falar con feitos e con datos. Ata o momento arranxáronse máis de cen quilómetros de pistas forestais, a pesar da climatoloxía adversa deste inverno nas zonas afectadas polos incendios; dentro desa cifra global, preto de trinta quilómetros corresponden á provincia de Lugo. Falamos de pistas reparadas que garanten o acceso ao monte, cunetas limpas e sistemas de drenaxe mellorados para garantir a correcta evacuación da auga. Ao mesmo tempo, puxemos en marcha un plan de retirada da madeira queimada que abrangue máis de 6.300 hectáreas e que supón preto de un millón de metros cúbicos de madeira para sacar. E ata o momento tramitáronse expedientes de restauración hidrolóxica forestal cun investimento total de 9,5 millóns de euros.

En canto ás axudas aos afectados, esta consellaría puxo á súa disposición oito liñas de apoio que cobren o cen por cento do investimento, con límites que poden chegar ata os 200.000 euros. Xa se aprobaron máis de setecentas axudas cun importe superior aos 7,5 millóns de euros.

Señorías, o Goberno galego estivo ao lado dos afectados desde o primeiro momento e sempre estará ao seu carón. Continuaremos traballando con intensidade nos próximos meses para paliar as consecuencias dos incendios do pasado verán.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor Suárez.

IAGO SUÁREZ FERNÁNDEZ: Do Goberno, nun futuro seguro, presidenta. Iso está claro, que nun futuro vai ser a resposta do Goberno. (*Aplausos.*) (*Risos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica «ao» Goberno.



(Aplausos.)

IAGO SUÁREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, fixeron moitísimas cousas, por suposto. Xa lle dixen que, por favor —pedinllo por favor, non funciona—, non me viñese con esas, que xa coñecemos a cuestión propagandística e as notas de prensa podémolas ler exactamente igual que calquera. Eu pregunteille claramente: ¿por que non fixeron os traballos de contención do monte de Lornís? Que é polo caso concreto que lle estaba preguntando, porque o monte veuse abaixo. Entón, moita liña de axuda, moito *mulching* —que non deixa de ser estrar palla, pero o monte veuse abaixo. Pero é patrimonio da humanidade, e hai fotos e vídeos. E veña alí dicir que é todo moi bonito, pero non podemos andar polas nosas estradas porque a Xunta non fai o seu traballo. Home, por favor, señora conselleira. ¡Por favor! (Aplausos.) E despois dinos que non nos tratan como un parque temático. (Aplausos.)

De todas formas, señora conselleira, a valoración do seu traballo e da súa consellaría non lla imos facer nós; que lle faga o propio Goberno da Xunta de Galiza. Porque a vostede a Xunta de Galiza tróuxolle un regalo envelenado en 2025, e o regalo envelenado foi a valoración que lle fixeron, que lle deixaron a Consellería laminada por partes antes de Ano Novo: secretario xeral técnico, Jorge Atán, laminado; director xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez, laminado; secretario xeral de Planificación de Ordenación Forestal, José Luis Chan, laminado. Quedou vostede e por pouco, señora conselleira, quedou vostede e por pouco. (Aplausos.) Non sabemos se foron cesamentos voluntarios ou non. Desde logo, é curioso que os tres cesamentos, a laminación completa da Consellería que lle fixo a propia Xunta de Galiza foi bastante coincidente que fosen os tres á vez.

En fin, conselleira, temos que insistir, porque vostede non nos responde: ¿por que non fixeron vostedes os traballos da protección do monte en Lornís? (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Moitas grazas, señora presidenta.

Grazas de novo.

Señorías do BNG, como xa dixen na miña primeira intervención, en Galicia os desprendementos son relativamente frecuentes nesta época do ano, especialmente cando chove; e este inverno foi xeneroso en auga, o máis chuvioso do último cuarto de século, segundo Meteogalicia. Este é o contexto, e vostedes sábeno perfectamente. De feito, no seu propio escrito xa recoñecen que a choiva tivo que ver nos desprendementos, pero, aínda así, deciden construír outro relato: se chove, culpa da Xunta; se hai un desprendemento, culpa da Xunta; e, se non hai maneira de vinculalo, xa lla buscaremos. Pero a realidade é máis teimuda que o



relato: este Goberno actuou dende o primeiro momento e segue actuando, con planificación técnica e con prioridades; algo que se chama «xestión» —xa sei que non están acostumados a iso—. Hai un plan de restauración hidrolóxico-forestal, hai análise técnica, hai avaliación de riscos, hai actuacións no territorio e hai seguimento dos solos e da vexetación nas áreas afectadas polos incendios. E centrámonos en reforzar a recuperación do potencial forestal e de mellorar a súa resiliencia nas masas arbóreas. Así, fanse as cousas.

Miren, tampouco nos teñen que explicar a importancia da Ribeira Sacra, e aí está esa axuda de 1,5 millóns para o mantemento da Ribeira Sacra que puxo en marcha o ano pasado esta Consellería e que chega directamente a todas as persoas que viven alí, viticultores que traballan. Por iso hai esas axudas, e máis de 7,5 millóns de euros xa mobilizados para paliar os efectos dos incendios tamén están chegando aos veciños. Pero a vostedes gústalles xerar confusión: falan do derrubamento de Santo Estevo, do monte comunal; do desprendemento de terra na LU-P-4103 e da liña ferroviaria Ourense-Monforte; de viaxeiros, do persoal de Adif... E mesturan todo ben mesturado, a ver se facemos o guiso. Efectivamente, houbo un derrubamento na estrada provincial, titularidade da Deputación Provincial de Lugo, ¡que ten os accesos a Sober que non se pasa! (Aplausos.) Home, será competencia da Deputación Provincial, non da Consellería do Medio Rural, ata onde eu entendo, pero como a vostedes o de gobernar non se lles dá ben...

E mire, por outra parte logo, señor Suárez —que vostede é de Chantada—, esa carretera tan marabillosa que temos que une Guntín con Chantada e esas fochancas tan marabillosas, ¿tamén son competencia da Consellería do Medio Rural? Teranlle que pedir ao Ministerio que a vaia arranxando, porque non hai maneira de chegar ata Chantada.

Miren, a Xunta de Galicia traballa...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): ...no ámbito das súas competencias...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas. Rematou o seu tempo.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): ...con rigor e seriedade.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Seguinte pregunta.

Pregunta do deputado Miguel Ángel Viso Diéguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a declaración conxunta asinada coas organizacións Asaga e Unións Agrarias co obxecto de reforzar as garantías para o sector primario na aplicación do Acordo UE-Mercosur

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten a palabra o señor Viso.



MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, o sector primario galego é unha pedra angular da nosa economía, da cohesión territorial e da vida no medio rural. E iso non é unha frase feita; é unha realidade que se verifica todos os días nas explotacións, nos pequenos pobos, nas familias que viven, por suposto, da súa terra e do seu gando. Galicia é hoxe unha potencia agroalimentaria dentro de España e tamén en Europa, cun sector gandeiro e agrícola que destaca pola súa calidade, pola súa trazabilidade e polo compromiso cos estándares ambientais e de benestar animal máis exixentes. Nos últimos meses, o debate sobre o acordo entre a Unión Europea e os países do Mercosur xerou preocupacións lexítimas —así o falamos—. E non é para menos; estamos a falar dun tratado que leva máis de 25 anos negociándose, con efectos directos sobre o agro galego. Pero, ao contrario de moitos discursos que só buscan xerar medo —como se viu hoxe co do BNG—, houbo outros discursos como o do Partido Socialista, que falaba hoxe de esconder e tapar, cando onte en exclusiva viamos na televisión o señor Tomé. *(Aplausos.)*

Señorías, a Xunta de Galicia decidiu actuar con feitos e con planificación, anticipándose aos riscos e blindando os nosos produtores. A semana pasada vostede acompañou o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, trazando en Bruxelas unha postura clara e firme: primeiro, cumprimento estrito das cláusulas de salvagarda para protexer prezos e mercados; segundo, reforzo dos controis en orixe e en fronteira, garantindo que todos os produtos que entren en Europa cumpran coas mesmas normas que os dos nosos produtores; e tamén capacidade de actuación territorial, permitindo que Galicia poida responder a problemas localizados sen ter que agardar unha crise europea de maiores dimensións.

Ademais, señorías, a Xunta asumiu medidas concretas, en declaración conxunta con organizacións agrarias, Asaga e Unións Agrarias: un observatorio de prezos —tamén falado aquí—, a promoción interna de produtos galegos e o impulso da autonomía alimentaria das explotacións. Tamén se van reforzar os controis sobre as importacións dentro das competencias autonómicas, para o cal xa se creou unha comisión interdepartamental —tamén o falabamos onte aquí no pleno—. É un traballo rigoroso, coordinado e proactivo, que pon de manifesto que en Galicia defendemos con feitos o noso sector primario, anticipándonos mesmo ao Goberno medidas en concretas de promoción e, sobre todo, de protección. Nun momento no que o sector demanda certezas, Galicia está a ofrecer algo fundamental: diálogo coas organizacións agrarias, presenza nas institucións europeas e medidas concretas. Por iso, para profundar na valoración destas actuacións, gustaríame formular a seguinte pregunta: ¿que valoración fan sobre a declaración conxunta...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: ...asinada coas Organizacións Agrarias? *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra a señora conselleira do Medio Rural.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Moitas grazas, presidenta.



Señorías, efectivamente acompañei o presidente Rueda nunha viaxe a Bruxelas para defender os intereses do sector primario galego. Na reunión co comisario europeo trasladámoslle, entre outras cuestións, a postura común de Galicia acordada coas organizacións profesionais agrarias Asaga e Unións Agrarias ante o acordo Mercosur.

Era moi importante deixar clara a nosa postura común en Europa, que pasa por exixir que se cumpran unha serie de garantías. O acordo de Mercosur poderá abrir oportunidades comerciais importantes. Agora ben, esas oportunidades só teñen sentido se se garanten plenamente os dereitos e a protección dos nosos produtores. E, para conseguir todo isto, ten que haber unha implicación clara por parte de todos os actores implicados, cada un dentro do marco das súas competencias. De pouco serve que na comunidade autónoma se fagan inspeccións se non hai un control fronteirizo exhaustivo. Por iso, no documento acordado coas organizacións agrarias decidiuse incluír unha serie de exixencias ao Goberno central na defensa do paquete de garantías presentado por Galicia, porque a realidade xa nos demostrou que non foi todo o dilixente que cabía esperar na defensa dos nosos intereses. Un exemplo está na protección dos indicativos de calidade no noso acordo: dos 59 distintivos españois recoñecidos só dous son galegos, cando somos a terceira comunidade con máis marcas de calidade, un total de 36. Pedímoslle ao Ministerio que se inclúan todos.

Por iso, neste acordo reclamamos que, ante calquera sospeita de incumprimento do acordo ou de distorsión no mercado, se actúe de xeito inmediato, trasladando a situación á Comisión Europea para que adopte medidas canto antes. Tamén pedimos que exista unha comunicación técnica estable coa Reper, que permita manter informadas as comunidades autónomas e o propio sector sobre a evolución das importacións e dos mercados. Transparencia.

Na mesma liña, consideramos necesario que o Ministerio cree unha unidade específica para facer seguimento continuo do acordo; un sistema de alertas temperás que permita analizar a evolución das importacións dos prezos e dos canais comerciais. Porque defender os agricultores e gandeiros galegos tamén significa detectar os problemas a tempo e actuar antes de que acabe afectando as explotacións.

Do mesmo xeito, defendemos reforzar controis sanitarios, fitosanitarios e trazabilidade nas fronteiras, para garantir que os produtos que entren no mercado europeo cumpran exactamente coas mesmas normas e as mesmas exixencias que se lles piden aos nosos produtores. Esta é a parte que lle toca cubrir ao Goberno central para que o sector agrogandeiro non saia prexudicado polo acordo Mercosur.

Isto é todo polo momento.

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica. Señor Viso.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Grazas, presidenta.



Grazas, conselleira.

Quero aproveitar esta intervención, por suposto, para pór en valor o traballo da Consellería do Medio Rural e da Xunta de Galicia. Unha vez máis, demostrando que teñen capacidade, rigor e responsabilidade política ante os desafíos que afectan o noso sector primario.

A declaración —como vostede ben comentou— asinada coas organizacións agrarias, tanto Asaga como Unións Agrarias, non é un mero acto formal nin un titular para a prensa; é un conxunto de medidas concretas e verificables, deseñadas para anticiparse a calquera impacto derivado do acordo e para protexer de forma real os nosos agricultores e gandeiros. Estamos a falar de certezas, e todo isto para dar estabilidade e competitividade ao mercado galego.

Todo isto mostra, señorías, que a Xunta pasa dos sentimentos aos números, das preocupacións xeneralizadas á planificación concreta e fai viable —e sobre todo visible— que en Galicia non nos quedamos agardando, senón que actuamos, e iso é grazas ao traballo desta Consellería e da Xunta de Galicia. Iso é o que fai diferente este Goberno galego: anticipación, coordinación e firmeza na defensa do agro galego.

Onte mesmo falabámolo aquí tamén en pleno. Por iso quero rematar lembrando algo moi importante: Galicia segue traballando cos produtores, coas organizacións e con Europa, sen perder a esperanza —e dicíao onte tamén neste pleno— de que nalgún momento o mal Goberno de España escoite a voz dos galegos, e nos escoite para garantir que producir aquí siga sendo viable, siga sendo rendible e, sobre todo, siga sendo respectable. Quero subliñar tamén que estas medidas contan co apoio explícito de moitas outras organizacións, pero está claro que nós do que viñamos hoxe falar é do pacto que acaban de firmar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidenta.

Dende o Goberno da Xunta de Galicia defenderemos sempre os intereses do rural, dende o ámbito das nosas competencias. Por iso poremos en marcha o Observatorio de Prezos de Galicia, que permitirá facer un seguimento continuo de produtos clave, como pode ser o leite, a carne ou o mel e detectar con rapidez posibles alteracións no mercado. Ao mesmo tempo, reforzaremos a promoción dos produtos galegos e dos seus indicativos de calidade, mellorando a identificación da súa orixe nos puntos de venda e impulsando accións que reforsen o valor do produto local.

Ademais, a Xunta establecerá mecanismos para elevar con rapidez alertas e solicitudes ao Goberno central cando se superen cotas ou se detecten distorsións no mercado, garantindo así que os intereses dos agricultores e gandeiros galegos se defendan de inmediato. Este traballo en coordinación enmárcase no protocolo ou mesa de seguimento que debe establecerse



entre o Ministerio e as comunidades autónomas, asegurando unha comunicación áxil e transparente.

Dentro das nosas competencias tamén reforzaremos os controis sobre os produtos importados de terceiros países, complementando os controis europeos e nacionais mediante inspeccións coordinadas entre as consellarías de Sanidade, Emprego, Medio Rural e Mar, garantindo que se cumpran as mesmas condicións de seguridade, trazabilidade e calidade que exiximos aos nosos produtores. Continuaremos impulsando a presenza dos produtos galegos nos mercados internacionais, especialmente nos países con maior proxección para o sector agroalimentario europeo. E traballaremos para fortalecer a base territorial das explotacións, incrementando a superficie agraria útil e reducindo a dependencia de importacións externas e da volatilidade dos prezos.

Non imos ser menos exixentes coa Unión Europea. Na recente viaxe a Bruxelas —acompañando ao presidente— expuxémoslle directamente ao comisario Hansen por onde pasa a defensa dos nosos intereses neste acordo. Galicia é unha potencia agroalimentaria dentro de Europa e iso implica que a nosa voz debe ser escoitada e respectada. Unha das cuestións centrais é o reforzo dos controis. Defendemos que os produtos importados cumpran exactamente os mesmos estándares que se exixen aos nosos produtores, cun sistema rigoroso de trazabilidade, auditorías en orixe e inspeccións en fronteiras. Ademais, reclamamos que as cláusulas de salvagarda permitan actuar tamén ante un dano territorial limitado, porque unha perturbación pode afectar especialmente o noso territorio, mesmo se a media europea non reflicte ese problema. A recente aprobación do regulamento da salvagarda supón un avance, pero...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): ...continuaremos vixiantes.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta do deputado Miguel Fidalgo Iglesias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o proxecto Partbiv, iniciativa para a participación da comunidade mariscadora nas operacións de reprodución e cría de moluscos bivalvos de interese comercial

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Logo da autorización, vai facer a pregunta a señora Cendán.

MARÍA NAZARET CENDÁN GAYOSO: Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde, conselleira.



Gustaríame comezar esta exposición cun episodio que no ano 2023 provocou moita dor en Galicia, especialmente ao sector marítimo-pesqueiro: a morte masiva de bivalvos tras moitas choivas intensas. Unha situación que levou a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de Pedro Sánchez a declaración de varias rías como zona catastrófica co fin de que activase axudas estatais. Galicia defendía entón que a situación nas rías era extraordinaria e devastadora para o marisqueo. Pero Galicia atopouse cun executivo que afirmou que o ocorrido non era un desastre natural, senón un mero problema produtivo e ambiental. Señorías, o PSOE dixo non a unha petición apoiada por todo o sector entón, dixo non ao futuro do mar en Galicia e dixo non, por suposto, a Galicia. E dixo non mentres que o BNG calaba. Calaba, señorías, porque en Madrid calan o que aquí berran. (*Aplausos.*) Sánchez non axudou a Galicia entón e non o está a facer agora. Agora que acabamos de vivir un episodio similar, logo dun episodio de máis de corenta días de choivas intensas; e similar ao de Estremadura e Andalucía, pero, claro, alí si habilitaron axudas. Señor Sánchez, invítooo a que veña a Galicia e tome nota, e a que o faga dende o terreo, non para facer un *tiktok* deses tan frívolos que fai dende a Moncloa, senón para arrimar o ombreiro e traballar.

Señora conselleira, se digo todo isto é para afirmar unha vez máis que o partido da pesca é o Partido Popular, e que se hai unha administración que traballa polo mar, esa é a da Xunta de Galicia, tanto da man do sector como o da comunidade científica, para paliar as repercusións que estes eventos ocasionaron sobre as poboacións de moluscos bivalvos. Un traballo activo de previsión e planificación, pero que se fai moi complicado cando falamos de catástrofe, e un traballo reactivo para apoiar a recuperación dos bancos marisqueiros sen agardar aos seus tempos naturais. Acción e reacción, señorías. Precisamente disto trata o proxecto Partbiv polo que nesta mañá lle preguntamos, señora conselleira.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira do Mar, dona Marta Villaverde.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Grazas, presidenta.

Señorías, señora Cendán.

Partbiv é un proxecto que se enmarca dentro de Redemar, a rede creada pola Xunta de Galicia, pola Consellería do Mar, co fin de conectar o sector marítimo pesqueiro cos organismos científicos da nosa comunidade autónoma. Está liderado o proxecto polo Centro de Investigacións Mariñas, o Cima, de Corón, organismo público de investigación da Consellería do Mar; tamén participa o Igafa, o Instituto Galego de Formación en Acuicultura, xunto coas federacións de confrarías de pescadores de Lugo. Os resultados serán extensibles a todo o sector da Comunidade Autónoma de Galicia.

O propósito fundamental deste proxecto é impulsar que o colectivo mariscador participe de maneira activa e se involucre en todas as tarefas vinculadas á reprodución e o cultivo de bivalvos, acompañando o proceso completo de crecemento ata acadar o tamaño apto para a súa



comercialización. Malia que o sector xa participa en actuacións de sementeira dos bivalvos en medio natural, ata agora nunca participou en todos os pasos anteriores á entrega que se lle fai desa semente por parte dos centros da Consellería do Mar. Polo tanto, esta é unha oportunidade para poder involucrar a comunidade mariscadora no proceso de reprodución e cría dos moluscos bivalvos e, deste xeito, dar resposta a unha demanda como é a necesidade de crear un marco, de crear un espazo de colaboración entre o sector pesqueiro e os organismos científicos e investigadores, de forma que se poidan poñer en común experiencias, coñecementos, os problemas e tamén os desexos de mellora, ao mesmo tempo que buscamos solucións ás problemáticas do sector. Este proxecto vaise executar ata o mes de novembro do ano 2027 e conta cun orzamento de máis de 717.000 euros, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura, o FEMPA, nun 70 por cento. Como xa se mencionou, o principal obxectivo deste proxecto é desenvolver actividades relacionadas coa reprodución e cría de bivalvos, fomentando a participación activa do colectivo mariscador.

En canto aos resultados agardados, podemos falar de resultados produtivos, como poden ser a descrición dos factores que afectan os cultivos; a destrución do conxunto dos criterios biolóxicos que permitan seleccionar as sementes de maior potencial de crecemento; facer entregas periódicas de semente de moluscos bivalvos a diferentes colectivos... E tamén agardamos resultados sociais, como é esa implicación activa das persoas mariscadoras nos coidados e seguimento da semente seleccionada nos bancos naturais; presentación de resultados para promover a discusión e promover tamén a concienciación sobre a necesidade de coidado e seguimento das sementeiras; e a organización de visitas do colectivo mariscador ás instalacións do Vicedo.

Polo tanto, grazas a este proxecto apoiaremos a recuperación dos bancos marisqueiros nas rías afectadas por factores tales como os que estamos sufrindo ultimamente, como poden ser esas choivas, esas temperaturas da auga elevadas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora conselleira. Ten un segundo turno despois.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): ...ou a baixada de salinidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Cendán.

MARÍA NAZARET CENDÁN GAYOSO: Grazas, presidenta.

Señora conselleira.

Efectivamente, apoiar a recuperación dos bancos marisqueiros é o obxectivo prioritario deste proxecto pioneiro. Neste senso, a colaboración entre o sector, a comunidade científica e a Administración é fundamental para adoptar decisións de xestión pesqueira máis informadas, realistas e sostibles.



Debe saber, señora conselleira, que, fronte aos letrados, fronte aos que moito saben, fronte aos que de todos saben, nós aplaudimos a súa aposta polas fórmulas de cooperación coa comunidade científica e polo diálogo continuo e constante co sector. Unha aposta que é sinal de identidade desta Xunta de Galicia, da que traballa xunto aos científicos, profesionais que fundamentan as súas recomendacións nas conclusións obtidas nas súas investigacións. Recomendacións que permiten á Administración protexer mellor o medio mariño, resolver os problemas con tino, evitar erros e planificar o futuro con seguridade. Un futuro no que todo ten que dicir o sector, pois mellor que eles, que eses profesionais, ninguén coñece o seu traballo e a súa propia contorna. A súa implicación, polo tanto, neste tipo de proxectos facilita que a Xunta de Galicia poida deseñar políticas máis eficaces e implantar medidas adaptadas a cada un dos propios bancos marisqueiros.

Polo tanto, señora conselleira, coa convicción de que se está a facer o correcto e de que está a facer vostede todo na súa man, gustaríame que afondase nesta liña de traballo a prol da recuperación dos bancos marisqueiros. Unha liña fundamental para garantir a sustentabilidade dos recursos, a protección dos ecosistemas e o futuro socioeconómico de Galicia e do mar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Grazas, presidenta.

Este proxecto ten, dentro dos seus obxectivos específicos, incrementar a nosa capacidade de produción de semente de moluscos bivalvos. Neste senso, e despois de meses poñendo a punto a instalación, tramitando os permisos pertinentes e podendo contar xa co persoal necesario, anuncio que, no marco deste proxecto, no vindeiro mes de abril poremos en marcha o minicriadeiro de semente de moluscos bivalvos do Vicedo, que será dirixido polo gran equipo de profesionais do Cima de Ribadeo. (*Aplausos.*) Quero aproveitar tamén para poñer en valor os datos de produción e de entrega de semente ás confrarías por parte dos nosos centros de investigación, tanto do Cima como do Igafa. Durante o 2025 entregamos máis de 2,1 millóns de unidades de semente, das cales máis de 1,9 eran tanto de ameixa fina, como babosa, como xaponesa. Datos de entrega de semente que, grazas a este proxecto, incrementaremos significativamente no ano 2026 e ano 2027.

Todo este traballo estase a facer de xeito directo co sector, continuando así co modelo de coxestión e de cogobernanza dos recursos marisqueiros e, de forma conxunta con eles, estamos a velar e a traballar polo futuro do noso mar. As persoas que participan do marisqueo teñen un papel crucial na sustentabilidade dos recursos mariños e na recuperación dos bancos, polo que a súa participación —non só na rexeneración, senón tamén nos procesos de reprodución e nos procesos de cría dos bivalvos— axudará a asegurar a continuidade das especies e a promover prácticas máis responsables e sustentables.



En definitiva, señorías, a investigación e a innovación son o motor que garante o futuro do noso mar e dos nosos recursos pesqueiros e marisqueiros. Grazas a elas, avanzamos na sustentabilidade, melloramos a xestión dos recursos e reforzamos a competitividade dun sector que é esencial para Galicia. Por iso, dende a Consellería do Mar seguiremos apostando pola ciencia, pola transferencia de coñecemento e pola innovación aplicada, convencidos de que só así poderemos afrontar con éxito os retos que veñen e asegurar así un mar vivo e próspero para as vindeiras xeracións.

A investigación é unha necesidade estratéxica pola que o Goberno galego aposta firmemente. Grazas á investigación fomos quen de mellorar os plans de xestión do marisqueo, avanzar contra a loita coas biotoxinas ou optimizar a trazabilidade dos produtos do mar que saen das nosas rías. A cooperación entre a Administración e o sector produtivo e a comunidade científica é sen dúbida a fórmula que mellor funciona cando se trata de defender o mar. Por iso desde a Consellería do Mar continuaremos reforzando a cooperación dos nosos centros, apoiando proxectos de innovación tecnolóxica e promovendo a formación científica. Porque só nunha Galicia que investiga teremos un mar que progresa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa última pregunta que figura na orde do día.

Pregunta da deputada Carmela González Iglesias e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o proxecto do decreto que regula o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro de Galicia

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora González.

CARMELA GONZÁLEZ IGLESIAS: Grazas, presidenta.

Bo día, conselleira.

O BNG traemos hoxe ao Parlamento a situación dun dos colectivos de mulleres máis discriminadas e que sofren máis desigualdades: as mulleres do mar. Elas levan anos reclamando ferramentas que axuden a avanzar na igualdade real entre homes e mulleres. E hai exactamente tres anos, respondendo á súa demanda, aprobamos por unanimidade neste Parlamento a creación do Observatorio de Igualdade das Mulleres do Mar. Un observatorio que no día de hoxe segue sen existir.

Na Lei de igualdade de 2023 están recollidos tanto o Observatorio como o Estatuto das mulleres do mar. Deberían estar creados e aprobados o 31 de decembro de 2024. Van un ano e tres meses tarde, conselleira. Alén de superar o prazo, o proxecto do decreto que regula o Estatuto das mulleres do mar de Galiza resulta moi decepcionante. Estamos ante unha normativa cunha nula perspectiva de xénero, que non recolle medidas concretas para loitar con-



tra a discriminación e as desigualdades, que non promove a participación das mulleres nos órganos de decisión e dirección, que coloca a responsabilidade dos coidados e a conciliación sobre as propias mulleres. En definitiva, non avanza en absoluto no camiño da igualdade real das mulleres do mar.

Esta normativa é unha ferramenta fundamental para garantir un futuro laboral e social digno e en condicións de igualdade ás mulleres do mar. Mulleres que traballan e viven na costa galega e sofren discriminacións e desigualdades polo simple feito de o seren. O Goberno galego, na Lei para a igualdade, comprométese coa eliminación da discriminación das mulleres e coa promoción da igualdade entre mulleres e homes. E o proxecto do decreto do Estatuto de mulleres do sector marítimo-pesqueiro, que está a tramitar a súa consellaría, non só non elimina as discriminacións, senón que afonda nas desigualdades.

A pregunta é sinxela, señora conselleira: ¿vai retirar, ou cando menos darlle unha volta de 180 graos, ao proxecto de decreto do Estatuto da muller do mar para garantir que recolla medidas reais e concretas para loitar contra a discriminación e as desigualdades das mulleres do mar?

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra a conselleira do Mar.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Grazas, señora presidenta.

Señorías. Señora González, descúlpeme por darlle as costas, pero pola posición do escano non podo darme a volta.

O Estatuto da muller do sector marítimo-pesqueiro busca recoñecer e garantir o exercicio efectivo dos seus dereitos, combater a discriminación e fortalecer o seu papel profesional. Tras iniciarse o procedemento, a proposta someteuse a consulta pública previa, da que se recibiron seis suxestións e avanzou ata a unha fase intermedia na que se publicou o proxecto no Portal de Transparencia, superouse o trámite de información pública e abriuse a audiencia ás entidades representativas, en estrito cumprimento da Lei 16/2010. Todo este procedemento garante que a elaboración desta norma sexa e estea sendo participada, aberta e xustificada, de forma que o proxecto está a ser público antes da súa aprobación, para que a cidadanía e os sectores afectados poidan opinar, achegar suxestións e mellorar o contido final. Polo tanto, unha vez valoradas todas as achegas e completados todos os trámites exixidos, a Consellería do Mar claro que procederá á aprobación final do Estatuto.

Así, o texto do estatuto elaborado persegue dez obxectivos: integrar unha perspectiva de xénero interseccional no deseño, execución, seguimento e avaliación das políticas públicas; outorgar visibilidade ao papel desempeñado polas mulleres no noso sector; facilitar o acceso á promoción e á conservación do emprego feminino en todas as actividades do sector; alentar as vocacións femininas; impulsar a participación das mulleres no sector marítimo-pesqueiro en accións formativas orientadas á súa profesionalización e á adquisición de competencias; propiciar a



conciliación da vida familiar e laboral estimulando a asunción de corresponsabilidade nas responsabilidades familiares; promover o benestar laboral das mulleres do sector marítimo-pesqueiro, garantindo a súa calidade de vida no traballo; estimular a adopción de medidas de sustentabilidade social e empresarial; incentivar o liderado feminino nas empresas, e, finalmente, apoiar o asociacionismo feminino no sector marítimo-pesqueiro. Obxectivos todos eles que, grazas a esta norma que esperamos publicar en breve, beneficiarán as máis das 4.000 mulleres que traballan directamente no sector do mar: 700 na pesca extractiva, 1.107 en acuicultura e 2.332 mariscadoras a pé. Tamén sen esquecermos das máis do 48,6 por cento das persoas traballadoras que son mulleres e que traballan na industria e comercialización dos produtos pesqueiros ou a cuarta parte das persoas afiliadas ao réxime especial do mar da Seguridade Social.

Polo tanto, as mulleres do mar constitúen un dos motores fundamentais da nosa economía e estamos seguros de que este texto vai ser clave para cumprir cos obxectivos marcados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora González.

CARMELA GONZÁLEZ IGLESIAS: Conselleira, eu teño a copia (*A deputada Carmela González Iglesias amosa un documento.*) que está colgada na páxina da Xunta e creo que debe ter vostede outra, porque pódolle asegurar que todas esas medidas que vostede acaba de anunciar aquí non aparecen neste documento; (*Aplausos.*) en absoluto, ademais, ningunha das que vostede acaba de nomear.

Mire, o que lle falta e o que lle desexo profundamente é moita valentía. Moita valentía para enfrontarse a un sector que leva centos de anos dirixido por homes e no que as mulleres cada vez que dan un chanzo para avanzar atópanse con atrancos, acoso e situacións que seguro, seguro, nalgún momento lle relataron a vostede, igual que a nós. Pero, mire, para combater as discriminacións e impulsar a participación requírese normativa. Vostede e eu estamos aquí porque houbo mulleres antes que nós que loitaron para que existisen as listas paritarias electorais. E xa sei que hai moitos deputados e deputadas do Partido Popular que consideran que as mulleres non están aquí porque non queren. (*Murmurios.*) Non. As mulleres non están nos consellos de dirección e participación porque non poden. É a Administración a que ten que regular para que iso ocorra.

Pero, mire, acábaseme o tempo e quero darlle outro exemplo máis. Cando a Unión Europea ameaza con recortar as cotas, ameaza cun regulamento de control que oprime e estrangula máis o noso sector, a Consellería rapidamente convoca —remato xa...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

CARMELA GONZÁLEZ IGLESIAS: ...que a miña voz non me permite apurar—...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Síntoo moito, pero rematou o seu tempo.



CARMELA GONZÁLEZ IGLESIAS: ...urxentemente o Consello Galego de Pesca. ¿Cando pensa convocar urxentemente ante a situación... (A deputada Carmela González Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo, señora González. Moitas grazas.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica do Goberno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Grazas, señora presidenta.

Señoría, todas as obxeccións que lle está a poñer a este texto parten de que — polo que parece ser — vostedes non entenden a natureza da norma. Estamos creando un cimento legal, unha obrigación administrativa sen a cal calquera axuda ou calquera programa sería un parche efémero e sen seguridade xurídica.

Falan de que non se adoptan medidas concretas no futuro estatuto, pero si que se adoptan. Por exemplo, o artigo 9.3 non é teórico, introduce unha condicionalidade económica. Introduce o cambio de que prioricemos as axudas e subvencións a aquelas empresas que teñan protocolos contra o acoso sexual ou o acoso por razón de sexo, así como que elaboren un plan de igualdade. Promovemos liñas e medidas de apoio ao emprendemento e á modernización que prioricen proxectos liderados por mulleres e investimentos en embarcacións e instalacións con perspectiva de xénero. Isto non é política de xénero. Isto é política de incentivos económicos reais para mudar a cultura empresarial.

Outro exemplo: accións positivas e obxectivas. Non estamos a falar de desexos. O artigo 4 establece un criterio claro: co fin de reducir a segregación horizontal en función do sexo das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, promoverase a contratación por conta allea de mulleres naqueles ámbitos, grupos ou categorías profesionais onde non estean suficientemente representadas. Para tal efecto, entenderase que as mulleres non están suficientemente representadas cando exista unha diferenza porcentual de polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes. Polo que, ante unha fenda de vinte puntos porcentuais, a Administración ten a obriga de actuar para corrixir esta segregación. Este é un mecanismo de corrección totalmente medible e auditable.

Señorías, un estatuto non é un manual de instrucións pechado; é un marco habilitador. Este decreto obriga a Administración a integrar a perspectiva de xénero en todas as súas políticas. A partir da súa aprobación, cada euro público, cada plan de formación, cada programa de seguridade laboral no mar terá que pasar por este filtro. Non teremos que pedir permiso para incluír as mulleres; será unha obriga recollida nesta norma. Estamos a pasar dunha situación onde a muller era practicamente invisible a unha onde a participación é un requisito legal para a toma de decisións e para a concesión de recursos públicos.

Na Consellería do Mar temos a determinación de que este estatuto sexa o inicio dun cambio real, medible e duradeiro, e temos que garantir que a súa aplicación marque un antes e un despois para as mulleres do noso mar. Porque en Galicia o mar ten nome de muller, e por



iso crearemos o Premio Muller do Mar, porque Galicia non se entende sen o mar e tampouco se entende sen as súas mulleres.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pois, dando por respondida a última pregunta que figuraba na orde do día, rematamos a sesión.

Boa tarde a todos.

Remata a sesión ás dúas e vinte e oito minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

